

01

Número





FUNDACIÓN
**OTERO
PEDRAYO**

EDITA

Fundación Otero Pedrayo

CONSELLO EDITORIAL

Eduardo López Pereira

Patricia Arias Chachero

Xosé Antonio López Silva

DESEÑO/MAQUETACIÓN

cristinazzdesign

REVISIÓN ORTOTIPOGRÁFICA

Laura Moreno González

ANO DE EDICIÓN

2024

<http://fundacionoteropedrayo.org>

04	Víctor Fernández Freixanes. Presidente de Honra da Fundación Ramón Otero Pedrayo. "Unha nova andaina"
05	J. Eduardo López Pereira. Presidente da Fundación Ramón Otero Pedrayo. "Trasalba: a de Don Ramón"
07	HEMEROTECA
08	Xosé Luis Méndez Ferrín. "Ourense en Otero Pedrayo"
26	Xosé Antonio López Silva. "As novelas de Otero Pedrayo en 1934. Reseñas críticas. A Romeiría de Xelmírez e Fra Venero nas reseñas da prensa galega. Dossier documental"
46	ARTIGOS ACADÉMICOS
47	Manuel Arroyo Núñez. "Ramón Otero Pedrayo, catedrático de Xeografía"
56	Pergerto Saavedra. "Apuntamentos sobre a obra historiográfica de Ramón Otero Pedrayo"
72	Xosé Manuel Salgado. "O narrador Otero Pedrayo hoxe"
80	Ramón Villares. "Otero, historiador (ata a Guerra Civil)"
91	Chistian Switek. "A novela de Rosalía de Castro vista por Otero Pedrayo e a recepción rosliana en Alemaña desde a perspectiva dun tradutor alemán de Rosalía"
95	PREMIO ANUAL OTERO PEDRAYO PARA ESTUDANTES DA ESO E BACHARELATO
96	Lucía González Vázquez. "Poesía e Xeografía de Bocarribeira"
103	Lidia Rodríguez Domínguez. Celia Rodríguez Fernández. Nerea Rodríguez Andrade. "Otero Pedrayo alumno. Traxectoria no centro que leva o seu nome"
112	DIRECTRICES DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN Revista Trasalba. Fundación Otero Pedrayo

Unha nova andaina.

VÍCTOR F. FREIXANES

Presidente de honra

Durante catorce anos tiven a honra de presidir a Fundación Otero Pedrayo. Continuaba daquela o labor do doutor Agustín Sixto Seco, en parte por encomenda súa. O doutor Sixto Seco chantou as bases da recuperación da Casa Grande de Cima de Vila e foi o máis activo animador deste espazo de tanta significación para a cultura galega. Os que viñemos despois non fixemos máis que enriquecer o seu legado achegando novas propostas, novas iniciativas, coma quen vai deitando placas para que o edificio siga medrando.

Cando está a piques de concluír o meu tempo de presidente de honra, que corresponde á presidencia da Real Academia Galega segundo os estatutos da nosa institución, teño o privilexio de inaugurar unha nova iniciativa: a revista *Trasalba*, que inicialmente nace como publicación dixital para recoller traballos, ensaios e noticias varias arredor da figura de quen foi (e segue selo) o Patriarca das nosas letras. Unha iniciativa necesaria para difundir ideas e actividades da Fundación. Neste primeiro número, recupéranse traballos de hemeroteca (“Ourense en Otero Pedrayo” de Xosé Luis Méndez Ferrín, que foi Premio Trasalba no ano 2001), e ensaios de indubidable interese como os que se desenvolveron no ciclo “A obra de Otero Pedrayo e o seu estudo: un estado da cuestión” que se celebrou na Casa Museo en decembro de 2021 (Manuel Arroyo, Pegerto Saavedra, Xosé Manuel Salgado, Ramón Villares).

No ano 2024 cúmprense 90 anos da edición de dúas obras especialmente significativas na produción novelística de Otero Pedrayo: *Fra Verner* e *A romaría de Xelmírez*. Entre outras propostas, este primeiro número da revista *Trasalba* inicia un proxecto de recuperación de traballos críticos de época sobre a produción oteriana. Patricia Arias Chachero e Xosé Antonio López Silva son os principais animadores destas páxinas, baixo a dirección do presidente Eduardo López Pereira.

Trasalba: A de don Ramón

J. EDUARDO LÓPEZ PEREIRA

Presidente da Fundación Otero Pedrayo

"Trasalba, verde lus nas pupilas de pedra... Trasalba, tristeira e lucidía frol da ialba". Así ensalzaba don Ramón tal nome, o da súa aldea con casa grande de fidalgo, no seu libro *Bocarribeira, poemas pra ler e queimar*, de título "ácra-ta e provocador", como o definiu Maribel Outeiriño, Premio Trasalba 2024. Don Ramón foi alumando o seu poemario no seu retiro invernal de Trasalba, á luz dun quinqué ou dalgunha vela, pois daquela aínda non chegara a luz eléctrica á pequena parroquia dos Chaos de Amoeiro. Foi entre o Nadal de 1955 e 1956 cando el compuxo estes versos, a xulgar pola anotación que fai: "Trasalba dos Chaos. Nadal e Reis. MCMLV-MCMLVI".

O nome co que nace esta revista, TRASALBA, co fin de acoller o amplo e case inabarcable mundo literario, cultural e vital do Patriarca das Letras Galegas, e o de todos os que o arrodearon daquela e seguen a facelo hoxe, non é casual.

Un nome que me leva a lembrar a miña primeira inmersión no mundo da etimoloxía latina, aínda sen rematar os meus estudos de filoloxía clásica en Salamanca, cando daquela a empresa Marca nos seus "coches de liña" que cubrían o traxecto de Ourense ata Trasalba portaban uns grandes carteis que dicían "TRASALVA", do mesmo xeito que o escribía daquela o periódico ourensán *La Región*. A ninguén lle pode resultar estraño isto cando, aínda hoxe, alí onde arranca a rúa para Trasalba, na ribeira do Miño, en Arrabaldo, ao pé das leiras que foron propiedade dos Pedrayo, podemos ver un letreiro oficial de estradas que nos manda cara "TRASALVA".

Non cabe o emprego do "v" nin para os que relacionan o topónimo co latín "albus", despois do sufixo "trans-", que é máis sinxelo de explicar, pero máis incerto, nin para os que o consideran, con máis probabilidade, relacionado cunha raíz indoeuropea "alp-" co significado de "altura", do que temos un bo testemuño no caso de "Alpes".

Quixo a fortuna que eu estea escribindo este prólogo en Bos Aires o día 15 de novembro, cando acabo de visitar no Centro Galicia o cadro de Castelao "A derradeira leición do mestre". Precisamente o día en que fai 80 anos se constituía o Consello de Galiza, que presidiría o político rianxeiro e, cando fai agora 67 anos que ambos os dous, Castelao e Otero, se abrazaban no porto da cidade de Bos Aires e se despedían daquel xeito que nos transmitiu outro galego sobranceiro, Manuel Puente: "Castelao díxolle a Don Ramón: Despedímonos con iste abrazo que será o derradeiro... Nos ollos de un e do outro choutaron quentes bágoas".

Longa vida á revista *Trasalba*, que nace hoxe en aberto *online* para desfrute de todos os amantes da cultura galega, grazas á xenerosidade académica de tantos e bos galegos e galegas.

En Bos Aires, 15 de novembro de 2024





HEMEROTECA



NA SÚA COLUMNA DE *O FONDO DOS ESPELLOS*, XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN DEDICOU UNHA SERIE DE OITO ARTIGOS AOS VENCELLOS ENTRE A CIDADE DE OURENSE E OS ESCRITORES GALEGOS ANTERIORES Á GUERRA CIVIL, EN PARTICULAR PEDRAYO, VICENTE RISCO E ÁLVARO CUNQUEIRO. O RESULTADO É UN ORIXINAL FRESCO QUE RECREA O CONTEXTO HISTÓRICO E CULTURAL DUNHA DAS CAPITALS DO GRUPO NÓS E A CIDADE OTERIANA POR EXCELENCIA, RECREADA DE XEITO ABSOLUTAMENTE ORIXINAL POR QUEN FOI PREMIO TRASALBA EN 2001. SIRVAN ESTAS LIÑAS, TAMÉN, DESDE A REVISTA *TRASALBA*, DE HOMENAXE Á SÚA FIGURA.

OURENSE EN PROSA

X.L. Méndez Ferrín

I. SÁBADO, 6 DE NOVEMBRO DE 2010

Tiña algo “La Centuria” de revista de colexio na que unha congregacion ou clube adolescente dá billa libre aos primeiros ensaios de pensamento e aos primeiros discursos poéticos.

A cidade dos meus días infantís, Ourense, celebrou estes días o nonaxésimo aniversario da aparición do boletín *Nós*, que mudou moitas cousas na cultura galega. Houbo xornadas de debate e memoria, e eu aproveitei para remexer no *Fondo dos Espellos* e facer saír deles a revista *La Centuria* (1917-1918). E apareceu esta porque foi a antepasada inmediata de *Nós*.

Era un neno e subía desde A de Reza á Rúa da Paz para recibir ensino de Mercedes de Gracia (‘a Prole’). Naqueles invernos dos anos cuarenta a cidade permanecía o día enteiro so unha campá de néboa. Circulaban, prodigando o claxon, coches cos faros acesos. Aquilo era un Brigadoon (sen Danny Kaye) ou una sorte de Castroforte del Baralla: Ourense fantástico no que os perfís se esborrallaban a dous pasos. Na miña ascensión diareia rúa de San Miguel arriba, deixaba á esquerda a máis fermosa das fondas de Ourense, a do Mares. Eludía eu a porta deste establecemento porque, a aquela hora da mañá, cheiraba á lexía con que se fregaban as mesas de madeira até deixalas brancas, incluídos os laños finos. Achegábame á fileira de casas do irente. No baixo dunha delas campaba un vello rótulo de porcelana, metálica en branco e azul cobalto. “IMPRESA OTERO” rezaba o letreiro. Pasada diante da porta, que era pequecha e deixaba adivinar un local escuro e fondo. Ouviase no interior o troqueleio das minervas. Tiraba eu a nariz para fóra da bufanda coa que a miña nai me embuzara. E ás narices me viña, nunha onda inconfundible de quentura case líquida, o arrecendo das tintas de imprenta. Nunca no resto da miña vida me abandonou o cheiro da imprenta Otero de Ourense, que recoñecín mil veces ao entrar noutras oficinas gráficas, incluso nas máis avanzadas na actualidade.


Na Imprenta de A. Otero, San Miguel 15, viu a luz a maior parte dos libros (algúns xornais) do Ourense do século XIX. Como se despedise dun tempo pasado cunha certa concesión á nostalxia, a revista *La Centuria* quixo imprimirse naquel obradoiro saudoso aínda que novas empresas de artes gráficas, como La Industrial que se instalara onda a barroca da cadea, ou La Región, estaban a ofrecer servizos á altura das máis novas técnicas e sistemas. *La Centuria*, en 1917, preferiu a de Otero inicialmente.

La Centuria foi principalmente unha emanación de Vicente Risco en estado radical-evanescente: o *clerc* banal que apreisaba en plan Gigalmés, cunha man o futurismo e coa outra borralla orientalista dos Sar Paladan, Krishnamurti, Gurdjieff, Roso de Luna. A él uníase un cenáculo de espíritos selectos que Ourense xeneraba, doutores Albeiros que moitas voltas daban arredor deles mesmos. Uns eran ágrafos e portentosamente ben informados, como é o caso misterioso de Carlos Fernández-Cid. Outros equilibrábanse en funambulismo imposible, como Primitivo R. Sanjurjo que acreditou con fe na astroloxía e na dirección mística astral. En *La Centuria* andaban, por parte, outros que logo, e moi logo, habían tomar posición e partido até mancharse na realidade da empresa nacional galega: Otero Pedrayo, arturo Noguerol Buxán, Florentino Cuevillas.

Tiña algo *La Centuria* de revista de colexio na que una congregación ou clube adolescente dá billa libre aos primeiros ensaios de pensamento e aos primeiros discursos poéticos. Ser, *La Centuria* foi unha esfinxe, un monstro voraz composto de sere varios. Por unha banda, *La Centuria* era unha revista de vangarda, á altura das que contemporaneamente se constituían de París a Petrogrado e Roma. “Ourense dista seiscientos quilómetros de Madrid y acaso menos de Nueva York. En todo caso, *La Centuria* viene a acortar esta última distancia». Espléndido desafío e primeiro manifesto da vangarda artística galega. Pero tamén, e aí radica a monstruosidade, en *La Centuria* está o decadentismo finisecular, o esteticismo pasadista que xa afora exterminado por aquela mesma vangarda europea. Umberto Eco, en *Il pendolo di Foucault*, escribiu unha sátira voluminosa contra o ocultismo de Risco e de *La Centuria*, entre outros mil. O manifesto de Risco que leva o título de “Preludio a toda estética futura” aparece citado, case literalmente, na novela de Eco.

Pro, da Coruña a Ourense, veu rolando un aturuxo e un chamamento: nacionalismo. Quen o proferiu (1916) foi Antón Vilar Ponte. Aquilo que sempre Del Riego chamou ‘cenáculo ourensán’, enmudeceu de inicio. Logo, escindiuse. Unha parte minoritaria do grupo (Fernández-Cid, Primitivo R. Sanjurjo) non abrazou o nacionalismo. O núcleo duro sí que o fixo: Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, Noguerol Buxán; e entrou nas Irmandades da Fala. Con eles ingresaron na causa, en Ourense, os médicos Trasancos e Peña Rei, Leuter González Salgado, Vázquez Monxardín, e outros que haberían de configurar un novo grupo literario, agora intensamente nacionalista e de expresión galega, chamado Sociedade Nacionalista *Nós*, nome no que se traducía o do Sinn Féin irlandés que entusiasmaba a todos. Parece que Antón Losada Diéguez foi o principal inductor da toma de conciencia nacionalista operada en Ourense.

Estamos, pois, en Ourense, no mes de Santos (que eles non chamaban Samaín) de 1920. Nacía o boletín ou revista *Nós* que había de exercer unha poderosa influencia no País. De todo cal iremos tratando no *Fondo dos Espellos*.



Portada do primeiro número da revista "La Centuria".

II. SÁBADO, 13 DE NOVIEMBRE DE 2010

A finais da Primeira Guerra Mundial un grupo de mozos da clase media universitaria e bastante feliz publicaba en Ourense, en castelán naturalmente, a revista "La Centuria".

Eles eran, nados todos na década dos oitenta do século XIX, Vicente Risco (capitán da empresa), Arturo Noguerol, Otero Pedrayo, Primitivo R. Sanjurjo e outros que opinaban e non escribían, caso do famoso intelectual ágrafo Carlos Fernández-Cid.

Por aquel tempo, na Coruña, un brillante mozo da mesma xeración, Antón Vilar Ponte, movía cara ao mundo galego unha proclama titulada, en plan consigna e chamamento: *Nacionalismo* (1916). O grito de Vilar Ponte resoou en todo o país e deu lugar á fundación das Irmandades da Fala, que axiña se converteron nun partido que, alén de defender a recuperación total do idioma, se propuña metas políticas, económicas e sociais dirixidas a facer efectivo o dereito de autodeterminación de Galicia, entendida esta como nación.

Os de *La Centuria* semella que, á voz de Vilar Ponte, saíron da nube rosada na que alentaban idealmente e degustaban un néctar no que o futurismo facía cohabitación coas vaguedades esotéricas. Decidiron intervir e ingresaron nas Irmandades, a máis deles. Adoptaron o galego como lingua literaria e de relación social plena.

De inicio, cos estudos universitarios culminados, situándose por oposición en postos modestos pro seguros da administración pública. En 1919 gardan un silencio, que a nós nos semella de introspección e de reflexión colectiva. Risco deixa de lado a súa frecuentación das cloacas intelectuais da Europa desnortada (Roso de Luna, Krishnamurti, o Sar Peledan) e bate coa realidade, que lle semella fastuosa, da cultura popular galega. Otero Pedrayo afeita o mostacho krausista que ben lle medrara no Ateneo, nos billares Brunswick e nas farras de Villa Rosa, sempre no Madrid burgués con cheiro a veghero desde as tres da tarde, e disciplina o intelecto para producir a máis comprida obra literaria individual da historia de Galicia. Arturo Noguerol afonda nos coñecementos xurídicos, económicos e políticos para os pór ao servizo da causa nacional. Á marxe do cenáculo, tamén relacionado con Ourense, Antón Lousada Diéguez, o señorito de Tizón, que viña de lugares tan distantes como eran os do catolicismo carlista, actúa como instigador da tomada de conciencia patriótica do grupo.

RAMÓN OTERO PEDRAYO



Estamos en 1920, hai agora noventa anos. Alén de ingresar nas Irmandades da Fala, estes espíritos selectos que, como Nietzsche e os románticos alemáns, detestaban o filisteísmo e a vulgaridade das masas, fundan unha organización de vangarda cultural, naturalmente en Ourense: a Sociedade Nacionalista Nós, que axiña sacará, nese mesmo ano, o número 1 do seu boletín. Outras personalidades intelectuais desde A Coruña súmanse á empresa Nós: o adiantado Vilar Ponte e o malogrado máximo da nosa esquerda, ou sexa Johán Vicente Viqueira. Outros máis novos irán adheríndose co trascorrer do tempo. O nome *Nós* é unha traducción galega do gaélico Sinn Féin, co que eles, sen seren socialista como Connolly, se sentían identificados. Como vostedes saben, a tradución literal de Sinn Féin é “nós sos”. Ou sexa, a independencia nacional de Irlanda, de Galicia. Despois de *Nós* houbo outras moitas revistas *Nós*.

O boletín *Nós*, de Ourense, converteuse no centro simbólico da cultura galega, mentres que a revista *A Nosa Terra* adoptaba a función de órgano político do nacionalismo. Anos máis tarde do seu nacemento, a editorial galega máis importante, e inseparable do nacionalismo, chamouse tamén *Nós* por decisión do seu director e propietario. Castelao producira, pola súa banda, o álbum *Nós*. E ben, o boletín *Nós* durou de 1920 a 1936, ano no que o franquismo aboliu a publicación e fusilou ó seu editor, Anxel Casal. Risco integrouse, mediante o nacionalcatolicismo, no réxime franquista. Castelao estivo en zona leal na Guerra Civil e logo no exilio. Ao ostracismo foi condenado Otero Pedrayo, desposuído da súa cadeira. Arturo Nogueira Buxán, foi asasinado polos fascistas en Ferrol.

Durante os seus dezaseis anos de vida, o boletín *Nós* constituiu un rego cuxa afluencia cultural modificou en Galicia as mentalidades. Intres estelares de *Nós* foron a publicación de páxinas do *Ulises* de Joyce en traducción de Otero Pedrayo. Ou o número extraordinario dedicado a MacSwiney e a revolución irlandesa. Ou a difusión dun extracto do manifesto *Máis Alá* de Manuel Antonio. Foi tan forte o impacto producido pola revista *Nós* na súa época que a posterioridade chamou “Xeración Nós” á dos seus creadores e impulsores, nados todos eles entre 1880 e 1890. Moitos pensan que á “Xeración Nós” débemoslle a fundación da prosa galega. En próximas entregas veremos que isto non é certo.

III. SÁBADO, 20 DE NOVEMBRO DE 2010

A prosa galega tivo, é certo, o seu lugar de nacemento principal na cidade de Ourense, pero moitos anos antes de que Otero Risco ou Cuevillas se convertesen ao nacionalismo.

Sempre en Ourense, Valentín Lamas Carvajal impulsaba a prosa galega no periódico, monolingüe e de grande difusión, *O Tío Marcos da Portela, parrafeos co pobo galego*, que se editou entre 1876 e 1889. Alén doutra obra en prosa, Lamas Carvajal diu a luz, tamén en Ourense, o libro máis reeditado e lido da historia da nosa literatura: *Catecismo da Doutrina labrega* (1888-1889).

Heraclio Pérez Placer, un intelectual ourensán que floriu a finais do século XIX, alén de poeta e activo escritor de xornal, é autor de contos de cariz realista que algúns contemporáneos acharon excesivamente explícitos no tratamento dos asuntos eróticos. Coido que se trata dun excelente autor que participou de modo importante na construción colectiva da prosa galega contemporánea. Debeu de ser desa opinión Andrés Martínez Salazar pois editou na súa *Biblioteca Gallega* o libro *Contos da Terriña* de Pérez Placer no ano 1895.

Máis novo ca Pérez Placer é Francisco Álvarez de Nóvoa, xornalista que aínda que natural de Granada, residiu en Ourense. Álvarez de Nóvoa escribiu nesta cidade e diu á luz en 1899, tamé por obra de Martínez Salazar, o volume de relatos titulado *Pé das Burgas*. Esta publicación constitúe un fito histórico-literario. representa a introducción da sensibilidade idealista finisecular na prosa galega. Preferir, preferiríamos que, por aqueles anos, Valle-Inclán puxese a prosa galega na hora de Europa. Pro, a falta de *Femenina* en galego, ben está *Pé das Burgas*, libro que, dalgún xeito, se presenta coma unha anomalía.

A literatura galega, desde o *Coloquio* de Sarmiento endereilaba a atención cara os máis pobres e castigados da sociedades. Outros autores amosáronse heroicos e vaticinantes, reivindicando o pasado céltico. O protonacionalismo extendíase prendendo, dun autor a outro, coma un regueiro de pólvora. Álvarez de Nóvoa amósanse contra corrente; ou sexa *À rebours*, tal e como titolou a un seu libro Huysmans. No prólogo-manifesto de *Pé das Burgas*, o brillante señorito ourensán, sen fortuna mais con arrogancia de dandy displicente, agrade o rexionalismo, ó proto-nacionalismo, ó costumbrismo favorábel aos humildes da Terra ao tempo que proclama a necesidade de que a temática galega olle tamén para as clases distinguidas.

Con isto, Álvarez de Nóvoa contribúe de forma decisiva a actualizar a prosa galega e a dotala dunha posición reaccionaria e marxinal que se detronta á maioranza socializante, patriótica e, por veces, celtista.

Veleiqui, pois, os inicios da literatura galega como sistema dentro do cal compiten tendencias e manifestos irreconciliabeis. Álvarez de Nóvoa, que morreu en 1936, accede a colaborar co cenáculo de Risco en *La Centuria*, cuxo espírito lle resultaría próximo, mais non aparece en *Nós* para nada a súa asinatura. Todo suxire unha inimidade. *Nós* facíase cargo da tradición, dos Precursores a 1920, e ignorou, cun silencio de lazo, a renovación da prosa galega que é evidente en *Pé das Burgas*.

Si que colaborou en *Nós*, e como responsábel central da redacción Xavier Prado “Lameiro”. Este outro fillo da cidade de Ourense, alén de poeta foi autor teatral moi celebrado e representado incluso nos nosos días. Recopiladas en libro nos anos vinte, as súas pezas en prosa representáronse unha e outra vez desde principios do século XX e se cadra desde finais do XIX. Autor realista e inxeñoso, de idioma vivez e rico, Prado “Lameiro” debería se revisitado pola máis nova crítica literaria. Aínda foi director dunha segunda época d’*O Tío Marcos da Portela* que, como primeira, saía en Ourense.

Polo tanto, é verdade que Ourense foi, a partir da fundación do boletín *Nós*, en 1920, o centro do anovamento da prosa galega. Pero tamé o é que, no século XIX, a prosa galega tivo en Ourense o seu núcleo máis dinámico. Moitos anos despois, na segunda metade do XX, o Ourense ideal de Eduardo Blanco Amor, que el chamou Auria, seguiu xerando páxinas exemplares de prosa en galego.



IV. SÁBADO, 27 DE NOVIEMBRE DE 2010

Risco é autor dun texto titulado Dedalus en Compostela. Nel vemos circular a Stephen Dedalus, personaxe do Ulysses de Joyce, polas rúas da cidade galega, tan lonxe do seu roteiro dublinés.

Diciamos esta semana atrás: en Ourense prodúcese, a partir da revista *Nós* nada en 1920, un anovamento da prosa galega, tamén florecente na cidade no século XIX.

Algún historiador da literatura, sorprendido ou pexado polo tópico da “inferioridade” da cultura galega, non soubo explicar ben a presenza de James Joyce no Ourense dos anos vinte. Joyce, o esteo básico da renovación da novela no mundo, foi coñecido antes en Ourense ca en España. É verdade que a primeira tradución ibérica de Kafka é a que se publica en castelán na *Revista de Occidente*; e ela é a da *Metamorfose*. Ben, pero as primeiras páxinas do *Ulysses* de James Joyce traducidas na Península fóronno en galego e na revista *Nós* en 1928. Ramón Otero Pedrayo foi o traductor.

Por non perxudicaren o tópico da Galicia “provinciana” e culturalmente “subalterna”, algúns xustificaron a atención prestada a Joyce (ben temperá) por parte de Don Ramón pola afección deste, e de todo grupo *Nós*, ao celtismo e ao atlantismo, na que se inclúen lecturas profundas do *Lebor Gabhala*, ou *Libro das Conquistas de Irlanda*. Na liña pondaliana e mesmo na de Brañas, e desde logo na de Cabanillas, os de *Nós* eran moi pro-irlandeses. A sá amizade sentimental con Joyce sería (pensan eses historiadores) política e nacionalista. Para nada percibiría un Otero Pedrayo, “conservador” e “decimonónimo” segundo eles, a radical novidade da proposta do *Ulysses*. Se fose doutro xeito, Otero non sería Otero senón Manuel Antonio.

Certo que o nome de *Nós* procede, seguramente e por traducción, do Sinn Féin que en Ourense admiraban. Tanto, que compuxeron un número extraordinario de *Nós* en homenaxe a Terence MacSwiney e á revlución republicana e independentista de Irlanda. mais a raíz do seu interese por Joyce non fincaba só no celtismo e no nacionalismo republicano. O partido de Risco e Otero Pedrayo en 1931 chamábase, a modo irlandés, Partido Nazonalista Republicán de Ourense, é verdade. Pero, por cima Joyce cantáballes unha cántiga nova que non se chamaba Ribeira e na que prezaban outros valores acrecentados.

Se examinamos a prosa narrativa de Vicente Risco, acharemos as claves. Como vostedes saben, Risco é autor dun texto titulado *Dedalus en Compostela*. Nel vemos circular a Stephen Dedalus, personaxe do *Ulysses* de Joyce, polas rúas da cidade galega, tan lonxe do seu roteiro dublinés. Isto revela que Risco leu, e gustou do *Ulysses*, e que mesmo decidiu facer ostentación do seu coñecemento de Joyce. Sen dúbida, fronte á España que ignoraba, con soberbia, todo (excepto Kafka, amosado por Ortega), o anovamento da narrativa ultrapirenaica. Vicente Risco exhibe, como capital simbólico dos escritores en lingua galega, a súa familiaridade con James Joyce. Aínda máis, na súa novela carnavalesca titulada *O porco de pé*, a marca joyceana aparece con forza e o humor e a procura de expresións paródicas lévanos nesta obra máis a Joyce ca a Valle-Inclán. N' *O porco de pé*, o Ourense implícito está moi próximo do Dublín explícito do *Ulysses*.

Risco e Otero Pedrayo non só simpatizan coa Irlanda republicana e revolucionaria a principios dos anos 20, e antes. Tamén sabían que Joyce representaba a revolución no campo literario mundial, ao que se está a referir Antón Figueiroa non seu recentísimo libro *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* (Laiovento). Otero Pedrayo e Risco, cada un ao seu xeito, conectan o campo literario galego, ao servirse de Joyce, coas correntes emerxentes da literatura universal sen necesidade de pasar por España. Como isto molesta as mentes submisas, elas reducen a aproximación joyceana dos autores de *Nós* a un celismo idealista decimonónico. Pero non foi así. "Ourense dista seiscentos quilómetros de Madrid e porventura, menos de Nova York. En todo caso, *La Centuria* vén acurtar esta última distancia». Así escribía Risco algo antes de ser noso e moito antes de deixar de ser noso. Non sei se os de *Nós* conseguiron acurtar a distancia entre Ourense e Nova York. En todo caso achegaron a súa cidade a Dublin (e ao mundo) polo procedemento de abrir unha porta secreta na fonda do Mares, fronte á Imprenta de Otero, que conduce directamente á sala de atrás do pub de Mulligan.



No Oursense da revista "Nós", 1927. Rúa de Juan Manuel Pereira ("O Señorito da Reboraina"). Filisteus escapados da novela de Risco dan vítulos a Alfonso XIII e á raiña Victoria Eugenia. O Packard de 12 cilindros é guiado polo seu propietario, Constantino Suárez Boán. // Foto cedida por Victoria Iglesias.

V. SÁBADO, 4 DE DECEMBRO DE 2010

No Ourense dos anos vinte e trinta do século pasado o grupo "Nós" moldeou de novo a prosa en galego. Ourense era a cidade perfecta da pequena burguesía, como dixerá Barthes da Baiona de Gasconha para satisfacción de Francisco Sampedro.

Viñan os Nós de familia ligadas ás profisións liberais e ás administracións públicas. Eran suxeitos urbanos preponderadamente. Cursaran as carreiras maiores e coñecían as linguas clásicas e as europeas da cultura dominante. Alguns Nós, alén de literatos, foron sabios en ciencias do home (xeografía, historia, prehistoria, etnografía) que deron aplicado ao coñecemento de Galicia. Un do grupo foi físico de avanzada que profesou na Sorbona, exiliado: Manuel Martínez-Risco, *Oeuvres scientifiques*, P.U.F, París, 1976.

A carón do eixo de Nós (Otero, Cuevillas, Risco, Lousada, Noguerol) situábanse activos coadxuvantes que non se desempeñaron como escritores. Estes eran Leuter González Salgado ou Vázquez Monxardín. Hai un intre no que, en Ourense, se perde na corda frouxa do hourizonte Carlos Fernández Cid. Asentábanse en sitios preferentes do cenáculo dos médicos prestixiosos: Peña Rey e López Trasancos. Relacionado especialmente co segundo, facíase presente naquel Ourense Xacobo arias, marqués de casa Pardiñas. Axustábanse ao tipo ou modelo que Arturo Noguerol definiu como o do "gentleman galeguista". Naceran todos entre 1880 e 1890. Coécéranse no exame de ingreso no Instituto do Posio.

Desde Ourense, os Nós proxectaban sobre toda Galicia as súas luces. Logo da insatisfactoria participación nas eleccións de 1918, aínda que adheridos ás Irmandades da Fala, os Nós desprazaron irmáns "apolíticos" que irían rematar no calvosotelismo, tan potente en Ourense. Cidade esta que foi sede principal da ING (Irmandade Nazionalista Galega) que tiña a Risco empoleirado na cadeira de Conselleiro Supremo.

Os anovadores da prosa galega brillaban na sociedade ourensán. Era un círculo de amigos no que non había mulleres que non fosen esposas ou queridas tapadas (isto tal vez). Os Nós saían de noite a tomar café no Unión no que estaba a se iniciar laboralmente o xove Eduardo Blanco Amor de xinea proletaria, e alí atendían os Nós a Uxío (sic) Montes e aos chamados novos. No Royalty da Rúa do Paseo (cristalográfico e algo cubista) Nós tiña tertulia de despois de xantar, e foi nese café onde soou por primeira vez en Ourense o *swing* xenuíno por obra dunha non menos auténtica orquesta de pretos. Os Nós sabían que La Peña, na praza do Ferro, era o máis antigo café de Ourense pero non ían a el ao este se achar invadido polo estrépito das mesas de chamelo. O Roma resultáballes pomposo e decididamente filisteu. Así foi no meu amado Ourense prenatal.

O espazo privilexiado de *Nós* era o despacho de Risco, que coñecemos na Rúa de S. Domingos. Os *Nós* que necesitaban unha área libre que os arredase do Liceo, sociedade nembargantes respectada pola súa venerábel historia democrática. E fundaron, con elementos afíns da cidade, algo brillante chamado *Club*, tamén coñecido como Club de *Tennis* pois, alén do grande piso situado por riba do Royalty e no que se xogaba principalmente ao poker, ao tresillo e ao ghilei, a sociedade disputaba de canchas deportivas nas aforas. O Xocas conta moi ben o seu encontro xuvenil con Cuevillas, precisamente no salón do Club. Hoxe Club Ramirás.



Gravado do pintor Conde Corbal que recrea unha conversa entre Dédalus e Vicente Risco.

Pro os *Nós* non querían ser elitistas e xa fuxiran había tempo da torre de almasí. Procuraban o abeiro das sociedades agrarias, para levar a elas a mensaxe nacionalista. Grazas a mediación do socialista Manuel Suárez (fusilado) acodían sempre á Casa do Pobo recén estreada con símbolos proletarios labrados en pedra perante o Xardín do Pousío ou Posío. Foron memorabeis as conferencias aos obreiros de Martínez-Risco sobre Einstein e a relatividade e de Pedrayo sobre os Alpes, con traducción ao galego de versos conmoventes de Heller.


Coa queda da Monarquía, os *Nós* deciden incorporarse abertamente á política real. Así levantan inmediatamente o Partido Nazonalista Republicano de Ourense, que conseguiu para Otero Pedrayo unha acta de deputado nas Cortes Constituíntes de República. Como era lóxico, o núcleo identitario de *Nós* en Ourense dissolveu o PNRO no seo do recén creado Partido Galeguista, en 1931. Houbo disidencias: Manuel Martínez-Risco (coma Vilar Ponte e Roberto Blanco Torres fóra de Ourense) seguiu a Casares Quiroga até Izquierda Republicana. Pro unha ferida sanguiñenta mancoulle aos ourensáns de *Nós* en Ourense o corazón cando Vicente Risco provocou a escisión chamada Dereita Galeguista. Daquela xa era 1936 e estaba nas portas o desastre e a ignominia.

(V BIS) SÁBADO, 11 DE DECEMBRO DE 2010

Fra Vernerio, relido, outórgalle a Cunqueiro o don, a idea, a pulsión de escribir historias en galego situadas en espazos imaxinarios exóticos ou alleos á realidade de Galicia.

Marcos Valcárcel, xa para sempre no Fondo dos Nossos Espellos.

Coa victoria das dereitas en 1933 o cenáculo ourense ficou aflicto. O amargor dos nacionalistas de Nós uníase á frustración dos republicanos na rebotica de Fábrega. Na Casa do Pobo os socialistas andaban atristurados. Otero Pedrayo sentiu na alma que Gil Robles mandase a Castelao e a Bóveda ao desterro. En Ourense, o lerrouxismo e o cedismo clerical reeditaban a rede caciquil na provincia e exultaban nas peñas do Roma. No mesmo café, ao fondo e á dereita, o velador no que facía tertulia con Fernando Muleiro a Falange atraguía a atención do pretoriado carca. O señor Bispo manifestaba acharse compracido nas profundidades húmidas do pazo de Chiarrarrico. Durante o Bienio Negro (1933-1936), o grupo Nós sentiu en Ourense a pezoña do odio na ialma.



En tal ámbito mefítico, escribe Otero Pedrayo a novela *Fra Vernerio* (Nós, 1934). Triunfaba o filisteísmo e Don Celidonio mandaba cafres ourensáns e cuneros a compór a figura entre os leóns das Cortes da Carrera de San Jerónimo. Otero Pedrayo reacciona escribindo na Rúa da Paz e no retiro de Trasalba aquela novela europea, brillante, sabia, inspirada, que mudou a faz da prosa

galega contemporánea. En *Fra Verno* don Ramón desvela e interpreta, desde a ficción, a Alemaña e parte da Europa dos primeiros días románticos co pretexto de novelar a vida dun escritor esquecido que grazas a el consegue resurrección e vida nova nunha lingua cuxa existencia descoñeceu en vida: Zacharias Werner. Quizais no futuro algún mozo curioso escriba un ensaio sobre as persoas escollidas por don Ramón biógrafo e o que elas teñan sotilmente en común: Varela de Montes, Marcelo Macías, Xelmírez, Werner, os esbozos e semblanzas que aparecen eiquí e acolá a través do magma oteriano.

Os galegos leron moi pouco *Fra Verno*. Xosé Manuel Salgado, oteriano máximo, acaba de nos referir como a intelectualidade do seu tempo, e tamén de despois, a entendeu mal a novela ou non a entendeu en absoluto. Por que Otero Pedrayo cae na extravagancia de escribir en galego un relato no que non figura Galicia? Que se nos perdeu aos galeguistas derrotados (urnas republicanas de 1933) na Prusia, na Polonia, na Suíza, na Italia do tránsito do século XVIII ao XIX? Por que o triste Báltico e non a leda Arousa, os Alpes e non os Ancares, Berlín e non A Coruña, Roma e non Compostela? Preguntas como estas facíanse a eles mesmos e seguen a facelas lectores patriotas que non deron pasado nin pasan avante do epígrafe titulado “Os tristes viños de Hungría”.

Pola Galicia de 1934 xa esplendera o meteoro Manuel Antonio. Álvaro Cunqueiro sacara á luz *Mar ao Norde* (1932) e *Poemas do si e non* (1933). Xa os mellores, sabían que as letras galegas podían liberarse dos seus signos superficiais a condición de manteren o idioma como eixo diamantino da nación. Por iso, fronte á perplexidade dominante, Álvaro Cunqueiro foi fascinado pola lectura desta novela a raíz da súa publicación.

Logo veu a Guerra Civil e a aventura fascista do mindoniense que, do punto de vista literario, o levou a territorios italianizantes que gobernaban na España Nacional os Eugenio (xa non Uxío) Montes, os Sánchez Mazas, os Mourlane Michelena. Pro aquilo non lle durou a Cunqueiro.

“Las naves mozas, por tu canto armadas” do Cunqueiro fóronse a pique igual que esoutras mandadas afundir por San Gonzalo. Repregouse Cunqueiro, crebrantado, de Madrid a Mondoñedo, con entancias salutíferas de recuperación no Vigo de 1950 no que estaban Del Riego e Leal Insua. É o intre no que Cunqueiro remexe dentro do seu remol sentimental e literario para ver o que perdera no tempo da disipación joseantoniana. E achouse si mesmo.

No corazón encontrou Cunqueiro o tesouro intacto do idioma, que recupera. Posto a procurar alimento para a propia refundación, tamén acha na raíz de el *Fra Verno*, novela escrita en Ourense despois doutro naufraxio (naturalmente de natureza diversa).

Fra Verno, relido, outórgalle a Cunqueiro o don, a idea, a pulsión de escribir estorias en galego situadas en espazos imaginarios exóticos ou alleos á realidade de Galicia. *Fra Verno* actúa como chave máxica para Cunqueiro abrir as estancias dos seus novos mundos, *Merlin e Familia* (1955), *As crónicas do Sochantre* (1956), *Se o vello Simbad volvease ás illas* (1961) son libros que nacen de *Fra Verno*.

Un libro rexeitado publicamente pode salvarse por obra dun só lector. Sobre todo se o autor incomprendido é Otero Pedrayo e o capitán do rescate é Álvaro Cunqueiro. Ou don Ramón non fixera o salvamento de Zacharias Werner contra vento e marea da cultura alemá?

VI. SÁBADO, 18 DE DECEMBRO DE 2010

Na grande triloxía Merlín e Familia (1955), As Crónicas do Sochantre (1956) e Se o vello Sinbad volvease as Illas (1961), Cunqueiro desenvolve o programa cifrado por Otero Pedrayo en Fra Venero



Representación da obra **"Se o vello Sinbad volvease ás Illas"** no Centro Cultural Caixanova. // R. GROBAS

1933-1934: Otero Pedrayo escribe na Rúa da Paz de Ourense, e en Trasalba dos Chaos, *Fra Venero*, novela e evocación en palabras maiores da Alemaña e daquela Europa en crise na que se contrapúñan Revolución e Reacción con Bonaparte no centro da nova orde coma un fulgor no que moitos enxergaban a réplica política do magma primixenio de Laplace. Zacharias Werner, protagonista da narración, foi na realidade un luterano, un disoluto, un vicioso, un histrión, un poeta sen sistema que terminou os seus días seducido polo fasto tridentino e á sombra do campanile do catolicismo vulgar. Nun paso da novela aparece Werner en seráns elegantes de Dresde a encantar como narrador oral de fantasías argalladas ao modo alucinado do seu colega Hoffmann. Fabula así Werner en Dresde, tal e como Otero Pedrayo determina en Ourense que el fabule:

"Baixo a nube de luz das arañas do salón, Werner contaba xigantescas mentiras: os pescadores de ambas viven espiritualmente nunha eirexa pagá con sacrificios ás potencias do mar e as súas almas xúntanse na illa Aland como bandas de gaivotas baixo a presenza de Odin. O profesor Kant estivo sempre namorado dunha fidalga dos lagos mazoruáns que de lonxe correspondía ao amor do filósofo. Cultivaba no invernadeiro unha branca roseira, "Razón Pura", e uns cravos de moitas cores, "Xuízos Sintéticos"; e se non quixera casar por creere que Kant morría todas as noites e cada maná recriaba o seu corpiño amuchado polo esforzo do razoamento, un corpo frío incapaz de suar. Na biblioteca do castelo de Koenisberg hai un libro inédito de Paracelso que foi folleado polo Demo chegado en figura de xesuíta, as xollas gardan a impresión do cuspe do Diaño maleducado, ao lles dar volta, e todo o que respire encol do libro vólvese tolo. Un sabio da Pomarania descubriu un ovo aínda vivo apreixado nos lazos frotantes do mar. Ciodándoo con mimo, naceu un paxaro espaventoso, caveira humá por testa, que, piando un hexámetro grego, voou ao Norte despertando un furacán e daquela as auroras boreais perderon a súa inocencia orixinaria e locen rubros de sangue. No campo de batalla de Eylau ficou baixo un montón de mortos un coronel francés coa testa, sacada dun sabrazo. Volveuse tolo e anda polas beiras do Báltico mandando cargar, nos días tempestuosos, ás ondas.

Unha vella da xente ilustre dos Breje garda en Langeland o nariz de prata do grande e astrónomo Tycho e con ela, nas noites espalladas, tóma a altura das estrelas que locen entón cos seus raios máis fermosos. Un profesor de Koenisberg, mal mirado na Facultade pola súa incredulidade e borracheira blasfema cos mariñeiros de Pregel, foi a só home que enganchou o Demo desta maneira. Fabricou un autómatas perfecto. Saía á noite, andaba polas rúas dando serenatas ás donas e cantando con melodiosa voz. Ao palpar o seu corazón préto dun reloxo, ás doce da noite, o reloxo paraba e non había artífice que o puxero en marcha. Entraba nos sa-raos, mudaba as follas de mísoca das donas sentadas ao piano, faguía requintadas reverencias, e carniñaba. As xentes dicían que era o derradeiro gromo dunha ilustre familia da Pomerania. O Demo tentouno envexoso da súa graza e danzal fermosura e polo prezo do amor dunha burguesiña. Foille cobrar a ialma cando estaba ferido de morte en desadío cun junker. Como non había alma, o Demo avergoñouse tanto que non volveu por alí. A burguesiña non tiña outro amor e dicía ás amigas que ao ser bicada polo seu amante sentía os beizos da morte nos seus e a morte pareceulle ermosa e gasolleira".

Lendo isto Álvaro Cunqueiro en 1934, debeu de sentir que un camiño lle era amosado. A revelación abríalle moitas posibilidades. A primeira de todas, a de escribir en galego relatos situados en países lonxanos ou lugares inventados. A segunda, conxugar o humor coa fantasía e a erudición histórico-xeográfica. Do estilo encargárase o propio mindoniense. A suxerencia de Otero Pedrayo froitificou no Cunqueiro repatriado a Mondoñedo en 1950. A grande triloxía de Álvaro Cunqueiro foi producíndose con velocidade: *Merlín e Familia* (1955), *As Crónicas do Sochantre* (1956) e *Se o vello Sinbad volveuse ás Illas* (1961). Nos tres libros, Cunqueiro desenvolve o programa cifrado por Otero Pedrayo no longo treito de *Fra Verner* (1934) que acabamos de copiar.

Cunqueiro, persoa agradecida, reconece a súa débeda co mestre da Rúa da Paz de Ourense nos anos setenta e en tres ocasións. Xosé Manuel Salgado, nun estudo magnífico das fontes literarias de Otero Pedrayo que non tardará en ver a luz, analiza con precisión as palabras de Álvaro Cunqueiro sobre *Fra Verner*.

En *Laberinto y Cia.* (1970) Cunqueiro di da novela *Fra Verner* belas cousas. E reitera a súa admiración no ensaio titulado "Zacharias Werner" (Grial, núm. 52, 1976). Aínda Severino Cardeñoso, no libro *Nuestro amigo Ramón Otero Pedrayo* (1979), inclúe palabras de Cunqueiro que falan un mundo ben de *Fra Verner*.

A literatura é sempre así. Os escritores comunícanse uns con outros por canles segredas. Do mesmo modo que os nenos do meu tempo cambaebamos en Ourense cromos ás portas da Viúva de Lisardo, os escritores trocan entre si ideas e achádegos de estilo e de concepto.

VII. SÁBADO, 8 DE XANEIRO DE 2011

É na obra novelística de Eduardo Blanco amor onde a cidade literaria de Ourense se immortaliza: La catedral y el niño (1948), A Esmorga (1959), Os biosbardos (1962) e Xente ao lonxe (1972).

Ourense é a cidade galega que aparece con maior frecuencia na literatura narrativa - defendía eu hai uns vintecinco anos na revista *Planos*, precisamente ourensá. A observación tivo éxito e críticos e comentaristas fixéronna súa. En efecto, se Bos Aires, Londres, París ou San Petersburgo chegan a resultarlles espazos familiares aos lectores de novela arxentina, inglesa, francesa ou rusa, para un lector de prosa galega será Ourense a capital narrativa do País.

Ourense, como topografía literaria comunal, parte da narrativa breve que no século XIX producen Valentín Lamas Carvajal, Heráclio Pérez Placer e Francisco Álvarez de Nóvoa. Sobre todo, este derradeiro brilla como escritor de excelente estilo na descrición de caracteres e interiores burgueses e refinados. Os tres autores citados coinciden en presentar tamén tipos marxinais propios da cidade de Ourense do seu tempo: os que eles chamaban *graxos* ou *graxos da Burga*. Otero Pedrayo habería de contribuir, no xornalismo cultural que practicou na posguerra civil, á descrición dos costumes desta poboación urbana e específica de Ourense. Hoxe lense con gusto as estampas e as historias ourensás do século XIX que escribiron Lamas en *Gallegada* (1887), Pérez en *Contos* (1891-1895-1901) e Álvarez de Nóvoa en *Pé das Burgas* (1899). Nace aí Ourense como espazo narrativo usado por diversos autores. No Ourense real da revista *Nós* opérase nos anos vinte do século tamén XX o grande anovamento da prosa galega, como xa temos visto no *Fondo dos Espellos*. É Vicente Risco quen, moi próximo a James Joyce no tratamento da bulra e da linguaxe, nos presenta con vigor o Ourense burgués e comercial (para el filisteu) de principios do que el chamou "La Centuria". O seu doutor Alveiros é ourensao e parece selo a parella que, na noveliña *A Coutada*, fala de mercar tal latifundio (existe realmente en Mourillós-Celanova co mesmo nome) e en deixar a cidade polo campo. Pro será na novela *O porco de pé* (1928), ourensá en profundidade, onde Risco arrisque (permítaseme o chiste parvo) no dominio narrativo ao máximo. Vicente Risco fixo moi ben en non esgotar a vea satírica d'*O Porco de pé*, co cal este romance contra a vulgaridade filistea e a intelectualidad pavera, nacido de quen se consideraba un ser pneumático e superior, permanece como obra rara e senlleira.

É na obra novelística de Eduardo Blanco Amor onde a cidade literaria de Ourense se immortaliza: *La catedral y el niño* (1962), a *Esmorga* (1959) e *Xente ao lonxe* (1972). Nestas novelas e contos de Blanco Amor adquiren de novo relevancia os *graxos* (xa non chamados así), os marxinais, os traballadores, as clases medias alta e baixa ("señoritos de caldo á merenda"). A propia cidade chega a ser, alén dun marco, un protagonista vivo. Eduardo Blanco Amor é un grande da literatura galega de todos os tempos que resultaría inconcebible sen a cidade de Ourense, ao lonxe e soñada en Buenos Aires. Na proximidade topográfica das obras citadas debemos situar a novela *Los miedos* (1963).

O Ourense literario seguiu a madrar: En *Cambio en tres* (1969), *Ilustrísima* (1980) ou outros libros de Carlos Casares, en *Un ano e un día* (1980) de Martínez Oca, en *Vísperas de Claudia* (1988) de Manuel Guede, en *O bosque das Antas* (1988) de Fernández Naval. Xaime Quesada situou en Ourense as súas ficcións en castelán. Seguramente, e por andar a sacar cousas do Fondo dos Espellos coa soa axuda da memoria infiel, queden fora da nosa nómina valiosas obras narrativas encadradas en Ourense.

E que Ourense é aquel que os escritores, en dous séculos, extraen do fondo dos seus espellos particulares para converter a cidade en dominio comunal de todos os lectores galegos?

Orixinalmente, o Ourense comercial, fabril (ramo dos curtumes) e mesmo bancario que se constitúe, despois da secularización eclesiástica, na segunda metade do século XIX a partir da inauguración da estrada Villacastín a Vigo (rúa do Progreso ao seu paso pola cidade) e da chegada da primeira locomotora á estación construída no concello veciño de Canedo, freguesía de Santiago das Caldas. Ese Ourense é un núcleo dinámico e vivo, no que agroman as sociedades obreiras, que lle fai fronte ao poder episcopal nun conflito que o proceso de Curros fai visíbel para a posteridade. Logo vén o Ourense triste da morte e da violencia, o da asfixiante pos-guerra que non para de remexerse no *Fondo dos Espellos*. Metade do século XIX e a totalidade do XX é a época na que entran a mergullo os narradores galegos que elixen Ourense como teatro (xeralmente realista) da súa ficción e que, con frecuencia, nomean con algún topónimo escasamente oculto: Oria, Auria, Ourantes.

Os novelistas e contistas de Ourense cínguense á mostración da súa contemporaneidade. A cidade medieval non existe para eles, nin tampouco a dos séculos escuros do dominio español, señorial e eclesiástico de Galicia. Non hai *Notre Dame de Paris* ambientada en Ourense na novelística contemporánea. En todo caso, a novela histórica podería moi ben achegarse un día ao Ourense altomedieval do reino suevo e das letras de Martiño de Dume ou á sociedade xudía que floreceu alí na baixa Idade Media - por pór dous casos. Xa se irá vendo.

Polo momento, e como dicía a novelística medieval galega, o conto deixa a falar de Ourense en Prosa. Non sen tempo, abofé.

AS NOVELAS DE OTERO PEDRAYO EN 1934

RESEÑAS CRÍTICAS

A ROMEIRÍA DE XELMÍREZ E FRA VERNERO

NAS RESEÑAS DA PRENSA GALEGA

DOSSIER DOCUMENTAL

Xosé Antonio López Silva

FUNDACIÓN RAMÓN OTERO PEDRAYO

Ao longo de 1934 o diario *El Pueblo Gallego* fíxose abundante eco da actividade pública de Otero Pedrayo. O xornal propiedade de Manuel Portela Valladares acostumaba a informar en detalle tanto das súas variadas conferencias coma de intervencións máis rechamantes do propio Otero, como a que tivo lugar no XIV Congreso da Asociación para el Progreso de las Ciencias, que se celebrou en Santiago de Compostela do 1 ao 8 de agosto de 1934. O xornal mesmo informou, por vía indirecta, da participación de Pedrayo en polémicas como a que tivo lugar durante o acto de nomeamento de Antón Villar Ponte como académico de número da RAG, quen xunto con Castelao, pasou a integrar a devandita institución o 24 de xullo, facéndoo Castelao o Día de Galicia de 1934. Villar Ponte foi respondido por Otero Pedrayo e Castelao, polo recén nomeado Villar Ponte. (Monteagudo, 2024, Villar Ponte, 1934). Con todo, Villar Ponte foi criticado en diversas cabeceiras de prensa polo que consideraban excesivo sentimento político nacionalista. O político ourensán utilizou as páxinas de *El Pueblo Gallego* para a súa defensa pública.

Como non podía ser doutro xeito, o diario informou cumpridamente, asemade, das dúas novelas que Pedrayo publicou ese ano, *A romeiría de Xelmírez e Fra Verno*, e fíxoo particularmente a partir da colaboración particular de Francisco Fernández del Riego, recén nomeado profesor axudante de Dereito na Universidade de Santiago. Del Riego analizou *A romeiría de Xelmírez* baixo o epígrafe “Literarias”, no número 3236, o 16 de agosto de 1934, e *Fra Verno* o 12 de decembro dese mesmo ano, dentro da sección *Proeles*, o cal non deixa de ser irónico, porque o epígrafe, facendo alusión aos mariños que se colocan na proa e manexan o remo e mesmo dirixen a deriva da embarcación, compartía peche de portada co desgraciado accidente da motora moañesa de pesca “Cuatro hermanos”, no que morreron seis mariñeiros de Teis.

Asemade, del Riego publicou a mesma reseña de *A romeiría de Xelmírez* d'El Pueblo Gallego tres meses despois, no número 390, do 18 de novembro de 1934, do xornal *Galicia, órgano de prensa da Federación de Sociedades Gallegas de la República Argentina*, antecedita, iso si, por unha achega xeral á obra de Otero nesa mesma publicación, o 3 de xuño de 1934, baixo o título “Cadro en coores, de Otero Pedrayo”.

A Del Riego como reseñista oteriano uníronselle tamén outras plumas, particularmente, a de Álvaro Cunqueiro, que realizou a propósito de *Fra Venero* unha breve estampa-reseña en *El Pueblo Gallego* o 17 de marzo de 1935 como segunda reflexión titulada “Werner” baixo o epígrafe “Doces poetas”. Do mesmo xeito, Vicente Risco reseñou ambas novelas, “A romeiría de Xelmírez” na revista *Nós*, no número 130, do 15 de outubro de 1934. *Fra Venero*, en cambio, reseñouna no diario *El Heraldo de Galicia* do 7 de xaneiro dese 1935. O interese destes autores na obra de Pedrayo resulta iluminador, por unha banda, do compromiso de amizade entre Del Riego e Otero, e entre este e Vicente Risco, pero asemade, amosa tamén a focalización e interese particular de Cunqueiro acerca de *Fra Venero*, sobre a que volveu anos despois na súa columna *El Envés*, nas páxinas de *Faro de Vigo*, baixo o título “Memorias de Mariazell”, recollido posteriormente, en 1970, no libro recopilatorio *Laberinto y Cía*. Tamén volveu Cunqueiro novamente sobre a novela de Otero nun fundamental artigo-reseña publicado no número 52 da revista *Grial* (abril-xuño, 1976) que homenaxeaba de xeito íntegro a Don Ramón, finado o 10 de abril dese ano. O devandito artigo foi rescatado como prólogo na reedición desta novela que a editorial Galaxia levou a cabo en 1987, a única dispoñible ata o momento, e que puña punto final, en certo sentido, ás aproximacións cunqueirás sobre o texto de Otero e sobre o personaxe de Zacharias Werner.

Outras voces achegáronse criticamente ás novelas oterianas de 1934. O 21 de decembro de 1934, baixo as siglas XLR, *La Región* publicara tamén outra reseña de *Fra Venero*, na recén creada sección *Índice Literario*. O reseñista é Xoán Luis Ramos Colemán (1913-1999) á sazón recén licenciado en Dereito e colaborador durante ese ano 1934 na revista *Nós*¹. O mesmo fixo en *El Pueblo Gallego* o 24 de febreiro de 1935 Manuel Vázquez Martín, o xornalista e director de *Guieiro*, a revista da Federación de Mocidades Galeguistas (Salgado 2010, 25), quen opta por unha recreación propia que é máis ben un diálogo literario co *Fra Venero*.

A primeira reseña de *A romeiría de Xelmírez* tras a Guerra Civil apareceu no diario compostelán *La Noche*, o 7 de outubro de 1949. Trátase dun longo artigo que ocupa parte das páxinas terceira e cuarta, e que está asinado por Fernando Cadaval, seudónimo de Ricardo Carvalho Calero. Sen dúbida, quince anos despois, foi a máis lúcida e profunda das análises publicadas en prensa desde a aparición da novela de Pedrayo.

Polo seu interese, recollemos estas publicacións, coma homenaxe no 90 aniversario da publicación de ambas novelas.

Completamos este dossier con “El lector en busca de cuatro libros”, artigo de José Francisco Gómez de la Cueva, asinado co seu seudónimo de Xoán Carballeira, publicado o 18 de agosto de 1934 en *El Pueblo Gallego*. Nel reclamaba, precisamente, unha maior presenza das reseñas sobre os autores que editaban en *Nós*. A resposta de *El Pueblo Gallego* fora dada, precisamente, polas sinaturas de Del Riego dous días antes


¹ A identificación proporcionouna Patricia Arias Chachero, a quen agradezo enormemente a súa axuda.

e posteriormente, pola presenza das súas críticas e as de Álvaro Cunqueiro e Vázquez Martín no mesmo xornal. Coma criterio de edición filolóxica, recollemos os textos tal e como apareceron publicados no seu momento nas cabeceiras de prensa correspondentes.

Caricatura de Otero
Pedrayo coma
conferenciante no
XIV Congreso de la
Asociación para el
Progreso de las Ciencias.

CARLOS MASIDE

EL PUEBLO GALLEGO,
3 de agosto de 1934



BIBLIOGRAFÍA

MONTEAGUDO, Henrique (2024): No 8o aniversario do ingreso de Castelao e Antón Villar Ponte na Real Academia Galega: dossier de prensa, A Coruña, RAG, <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/275>

CADAVAL, Fernando (Ricardo Carvalho Calero) (1949): “Gelmírez, héroe de novela”, *La Noche*, 8853, 7 de outubro de 1949, 3-4

CARBALLEIRA, Xoán (Francisco Gómez de la Cueva) (1934), “El lector en busca de cuatro libros” *El Pueblo Gallego*, 18 de agosto de 1934, 1.

CUNQUEIRO, Álvaro (1935): “Doces poetas. Werner”, *El Pueblo Gallego*, 17 de marzo de 1935, 8.

CUNQUEIRO, Álvaro (1970): “Memorias de Mariazell”. *Laberinto y Cía*, Barcelona, Táber, 259-262.

CUNQUEIRO, Álvaro (1976): “Fra Vernerero”, *Grial*, 52, 236-238

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1934) “Cadro en coores, de Otero Pedrayo”, *Galicia*, 3 de xuño de 1934, 3.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1934): “A romeiría de Xelmírez”, *El Pueblo Gallego*, 16 de agosto de 1934, 12.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1934): “A romeiría de Xelmírez”, *Galicia*, 390, 18 de novembro de 1934, 3.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1934) “Fra Vernerero”, *El Pueblo Gallego*, 12 de decembro de 1934, 12.

RAMOS COLEMÁN, Xoán Luis (1934), “Fra Vernerero”, *El Pueblo Gallego*, 21 de decembro de 1934, 12.

RISCO, Vicente (1934): “A romeiría de Xelmírez”, *Nós* ano XVI, nº. 130, 15 de outubro de 1934, 157.

RISCO, Vicente (1935): “Fra Vernerero”, *El Heraldo de Galicia*, 7 de xaneiro de 1935, 1.

ROCA ROSELL, Antoni M. (1991): “El caso del Congreso Internacional de 1934, “guerra” entre historiadores de la ciencia” en Varela Candel, Manuel, López Fernández, Carlos (coords.), *Actas del V Congreso de la Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas: Murcia, 1989*. Murcia, Promociones y Publicaciones Universitarias (PPU), 198 Vol. 2, (Ciencia y Técnica en la España contemporánea), 1066-1084.

SALGADO, X. M. (2010): “*Fra Vernerero*”: *mostra e referencia das fontes literarias de Otero Pedrayo*. Tese de Doutoramento. Santiago, USC.

VÁZQUEZ MARTÍN, M. (1935), “Zacarías Werner en Otero Pedrayo”. *El Pueblo Gallego*, 3396, 24 de febreiro de 1935, 12.

VILLAR PONTE, Antón (1934): “Paqueos sospechosos en torno a la Real Academia Gallega”, *El Pueblo Gallego*, 2 de agosto de 1934, 2.

Francisco Fernández del Riego

GALICIA, 3 DE XUÑO DE 1934

Ese home do máis puro linaxe intelectual que se chama Otero Pedrayo foise na búsqueda da realidade vital de Galicia, mui tranquilo, levando a rastras o seu sentimento de ledicia. Abriu os ollos. Dun golpe artigoóu a orixinalidade galega. O resultado do traballo: traerse para o púbrico castelán a ialma da súa Patria fechada nun "Ensayo histórico sobre la cultura gallega". Así, tan tranquilo, coma quen non fai nada...

Tén xa en imprenta outros dous libros. "Fra Berna" (*sic*). "Xelmírez". Novela biográfica. Interpretación histórica, sin lugar nin tempo dentro do seu gran esprito barroco. Un símbolo prolífico. Ledicia de crear. E unha posta en contaito cotián do seu mundo poético có mundo poético oicidental. No meio de entrambos está o corpo da Galicia e a súa ialma inspiradora. A esperanza da historia. A lenda. A paisaxe. O arte. A lingua ¡Sobor de todo a lingua! Forma psicolóxica da Raza. Sin a lingua non fica na Céltiga ibérica máis que esquecemento e deserción.

Otero Pedrayo é de Ourense. Pero é o maior amigo da aldea asulagada de silencio dentro e fóra da sua propia ialma. Pazo de Trasalba recheo de libros de formas e contidos múltiples. Dende alí, en meditación y (*sic*) en estudo, chama Otero Pedrayo â paisaxe de almas da montaña galega. Otero Pedrayo, auto[r], de estirpe fidalga, home fonte que flúe ideas e verbas seguidas, escurridizas.

A súa escea participa de tódol-os honores e percorre a órbita literaria conforme é gra(v)itación espiritual inmutable. Como en "Arredor de si", a novela autobiográfica de límpida ascendencia: como esa "Morte e Resurrección" que agardaba Pondal e chorou Rosalía; como ise admirabre discurso de ingreso na Academia Galega lanzado en advocación do Romantismo, da Terra e da Raza en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal.

"Pelerinaxes", "Os camiños da vida", "A Lagarada", "Contos do camiño e da rúa". Obras todas de varios asuntos aparentes que teñen un soio asunto esencial: Galicia.

E agora iste derradeiro "Ensayo histórico sobre la cultura gallega". E detrás aqueles outros dous libros que traen marchamo de imaxinación e fermosura. Para mui logo cando sallan "Fra Berna" (*sic*) e "Xelmírez". Así, tan tranquilo, coma quen non fai nada... entre o veo neboento de auga voadora e sol desfeito da nosa Galicia. E hai unha impresión a cada hora. En cada intre troca coa luz o cerebro -a melodía, no solpôr, con neve e con sol. -Il é Otero Pedrayo de ondas fluíntes que se recubren ao falar ergueito no seu "eu" de home atránteo, visionario, oicidental.

Otero Pedrayo, galego, envolveito na paixón e na vida do XIX: romantismo e nacionalidás, coma un profeta envolveito en panos...

Francisco Fernández del Riego

EL PUEBLO GALLEGO, 16 DE AGOSTO DE 1934

GALICIA, 390, 18 DE NOVIEMBRE DE 1934.

Otero Pedrayo, contista, novelista, xeógrafo, poeta, conversador, didáctico, do máis puro linaxe espiritual das nosas Letras remata de engadir aos seus blasóns literarios un novo libro, que coma toda a súa obra, ofrece isa distinción, isa finura, isa prestancia decidas na fluente i cintilante prosa chea de poesía e coorido, que é característica da súa persoalidade de escritor, e que a colman do domiño, do vigor, do natural señorío de todo empeño aristocrático.

Non é a pialida decadenza, sirvándose da Arte coma dun servo ou dun eunuco, nunha eishibición bizantina. Sinón a saúdabel, fisiolóxica apostura dun magnate soerguido a escritor. Categoría tan rubida, que enchera o orguo satánico do príncipe de Marsillac, e tería sadisfeito o dilettantismo insaciábel de Fadrique Mendes.

Otero Pedrayo, pois, non sinala na súa obra, primorosa de estilo e de pensamento, a vasta crasitude do advindizo, sinón a manífica aristocrática do prócer. As letras pra il teñen un perfil e revístense dun Credo.

CULTURA E PATRIA

Iste perfil, iste credo do xeógrafo-poeta ourensán, cífrase nos dous seus grandes ideás; a Cultura e a Patria, Isto é, o universal e o propio, o progreso e a Terra.

A súa cultura de proxenie universal e galega, fervendo de lirismos, rubiu as escadas da Historia pra ofrecer aos pobos de fala castelá e á Galiza muda e fría, isa fontana belida de poesía e cencia que se chama "Ensayo histórico sobre la-gulfura gallega". A súa Patria galega, dormida na intensidade do seu esprito e da súa paisaxe, dictoulle outros libros e outros temas: "Pelerinaxes", "Arredor de Si", "Os camiños da vida", e agora díctalle isa nova xoia da Arte literaria-histórica, "A Romeiría de Xelmírez, (que canta e tremeluca en párrafos ditosos de forma, convincentes argumentos de fondo), romeriría dende Galicia a Roma para consagrar o senso de Compostela coma forza espiritualmente imperial, nunha categoría semellante á da cabidal da Cristiandade.

Asín, pois, en Otero Pedrayo Cultura e Patria van parellas, no contido da súa obra, coma dúas azas no voo ou duas máns na oración. A cultura dalle impronta de universalidade. A patria dalle xenealoxía e anatomía racial. Dótaa con fitos de xeografía galeguista e de autoctonía galega.

PAISAXE MEIOEVAL

O novo libro de Otero Pedrayo téñ por esceario a historia da Eirexa meioeval e o camiño. de Compostela a Roma. Isa historia de loitas contra a Mourindá; de política de abades, de bispos, e de papas; de prestixio

cristián, Por enriba de nemiga de reises e imperatores, ao traveso dos vieiros que conducían á coba do Apóstolo. E ise [o] camiño seguido por Xelmírez, có anxeio posto na idea de de trocar a Galicia nunha futura Xudea oicidental

Agora, atal paisaxe meioeval, sentida e descrita con categoría literaria superior no ensaio de Otero, ten o vigor, o primor e o matiz que ao senso histórico lle insufla á galeguidade.

Veleiqué a “Romeiría de Xelmírez”: un asunto mui antigo en canto ao esceario e mui moderno en canto á ialma. E istas dúas virtudes cabidales, son como as dúas cariátides que sosteñen ise frontón da obra que nos ocupa.

XENIO GALEGO

Dende que se abre o libro, o xenio galego está nil presente, coa súa psicoloxia, o seu rebulir e os seus degaros.

O soño de Galicia ollando cós ollos de Diego Xelmírez, nunha noite de agosto, o camiño de Roma correndo dende as torres de Compostela ás torres esgrevias de San Xohán de Letrán. E a embaixada de coengos (Gaufrido, Munio...), con homes de armas e o troveiro aurosán Xohán de Isorna, percorréndoo, pasado o soño, co mesmo Diego Xelmírez ao seu fronte. A saída da carón da coba do Apóstol—Melide, Palas, Porto Marín, Mosteiro de Samos e do Cebreiro—. E logo, alonxados de Galicia, por terras do Bierzo e de León pra chegar á imperial Toledo. Alí as conversas co Rei Alfonso. Temores da Mourindá. Monólogos paralelos, que non chegaron ao diálogo, do prelado don Bernardo e do bispo Xelmírez sobor da diñidade suprema da Eirexa de Toledo ou da Compostelá. Traspostos os Pirineus, os persoaxes da comitiva persoeira do esprito da Galicia, viven as horas de Aquisgrám (*sic*), que Otero Pedrayo embelece con fermosísimas imaxes e descrições no Castelo de Carlomagno, na historia guerreira de Carlomagno, na pelerinaxe diste Rei á campa apostólica. En Auch, Raimondo de Pardiac, sospira pol-a laboura santa e pol-a mocidade de Xelmírez. En Limoges, Anselmo de Bec colma dun sorrir espiritual as angueiras do bispo galego. E o ataque dos cabaleiros do Vizconde de Narbonne, nemigo da cristiandade, non interrompíu a súa ledicia sosegada admirando o poder de Cluny, a carón do abade Hugo, que lle afirmaba o dereito de Compostela a exercer a superior xurisdicción, namentras que se engolfaba ufán naquíl vivir monástico de Oicidente.

Despois do Rhódano e da Lombardia, dende Arezzo pasa a Roma Diego Xelmírez, e fálalle ao Papa, Pascoal II, do senso cristián, ecuménico e galego de Compostela. E o Vigario román solemniza a embaixada, có consagramento de Arzobispo na persoa de Xelmírez, que buscaba nil o xeito de donar ares imperiás de Galicia aos velames da nao de Sant-Iago.

Xelmírez, pois, gana o seu amor, seu verdadeiro amor, o xenio galego.

Otero Pedrayo, tamén o encarna en lendas, en historias, nas saudades de Xohán de Isorna, no seu afastamento de Margarida e na súa fuxida a Terra Santa coa arela de voltar a Calicia, terras do Ulla, ría Aurosán, Coba Apostólica.

Novela ou ensaio de impresión fonda e de expresión alada, Otero ergue co il outro moimento ao Xenio galego, á Cultura e á alma da súa Patria.

A ROMEIRÍA DE XELMÍREZ POR RAMÓN OTERO PEDRAYO.

SANTIAGO, NOS, 1934.

Vicente Risco

NÓS, 15 DE OUTUBRO DE 1934

Iste ano sinalouse na nosa historia literaria pol-o aparecemento d'un bó mangado de libros. Bó en cantidade, en comparanza d'outros anos; bó, máis que nada, en calidade.

Falouse moito moito pra o que s'adoita falar en Galiza dos libros galegos dos catro aparecidos o Día de Galiza, catro libros deitados á rua n-un solo día, coma quen deita na mesa os catro reis n-unha jogada decisiva. Unha novela: *Os dous de sempre*, do Castelao; un libro de versos: *O silencio axionllado*, de Carballo Calero; unha obra de teatro (máis ben pra leer): *Os Evanxeos da Risa Absoluta* de Antón Vilar Ponte; e unha evocación novelesca: *A romeiría de Xelmírez* de Otero Pedrayo.

Calificamos a obra de Otero d'evocación novelesca porque, en realidade, tratase d'un episodio inteiro da historia de Galiza que o A. fai vivir de diante de nós c'unha potencialidade extraordinaria de plastificación vital. A viaxe de Xelmírez a Roma, atravesando a Hespanha, a Francia e a Italia, dalle ocasión pra facernos vivir, en compañía de toda sorte de persoaxes —monxas, coengos, bruxos, burgueses, soldados, fidalgos, estudantes, xograres, méndegos, señores e labregos— a vida abigairrada e chea de pulo ascensional da Compostela do século XII. Manexa Otero Pedrayo unha moitedume enorme de figuras, todas elas cheas de valor individual e característico; pol-o camiño adiante, van alternando as evocacións de cidades e paisaxes diversas, olladas coma artista-geógrafo, ou coma geógrafo artista, e as conversas e monólogos interiores en que se cruzan total-as ideas e total-as cobizas qu'abalaban as almas d'aquil tempo. Toda a Europa contemporánea de Xelmírez é traguida a conto por vía anecdótica ou por vía sintética, pra facela girar arredor da Compostela sagrada e alumadora d'un dos grandes séculos da cristiandade, a un tempo triunfante e militante. De cando en cando, solpréndennos episodios de fonda poesía, de misterioso intrínseco ou de tremenda forza dramática, coma o da Margarida, persoa de tipo shakespeariano. E logo a forma coma todo elo se vai refrexando na y-alma ingenua e inxel do xograr Johán de Isorna, persoificación da nova poesía galega, da y-alma do noso pobo, que conquira a expresión propia. Xelmírez, presente en toda a obra, semella en troques pasar un pouco lonxano inaccesíbel, co ollar perdido no seu soño político de príncipe da Eirexa e de home d'Estado.

Libro denso e composito, ategado de sabencia e de vida, d'unha fantasía extraordinaria e d'unha solidez documental, que se pode pór, a máis do seu gran valor artístico, coma verdadeira adiviación da íntima

historia de Galiza, mais alén das pedras e dos pergamiños, embora rigurosamente fundada nos pergamiños e nas pedras, sustancia espiritual da *Historia Compostelana* e do románico froido e señor da cibdade santa.

Castelao deseñou pra iste libro unha riola d'iniciás románicas, nas que os Anciáns da Apocalipse xogan as súas cítaras e organistros n-un maravilloso abecedario litúrgico. Son dos deseños máis finos que teñen saído da penna do gran dibuxante, que n-iles, asimílaste con enorme acerto o estilo do Mestre Mateo.—V. R.

«FRA VERNERO», NOVELA.

Ramón Otero Pedrayo.

XLR

EL PUEBLO GALLEGO, 21 DE DECEMBRO DE 1934

Aínda están frescas nos ollos do leitor galego as páxinas maravillosas de “A romeiría de Xelmírez” e xa Ramón Otero Pedrayo ofrécenos unha novela máis. “Fra Verneró” saiu istes días aos escaparates das librerías.

É asombrosa, dobremente en Galicia, ista fecundidade do autor en prena produción. Catorce son, con iste, os seus libros editados por “Nós” en un lapso de seis ou sete anos. Novela, conto, teatro, ensaio, a todo ten chegado a leda e segura facilidade do autor. Súmenselle os publicados n-outras editoriais, artigos, innumerabeis artigos, conferencias, leccións, etc.

E toda ista Laboura xigantesca, caseque por si soia, vai fixando os contornos d’unha cultura, leda e segrel, como os cinceis que ergueron na pedra labrega o románico tantas veces evocado polo autor de “Os señores da Terra”.

Unha novela máis de R. Otero Pedrayo. E que nos achamos xa no intre de poder falar en definitiva da súa novela? Porque hai un intre, aquel no que a madurez pecha os círculos, en que o autor chega a se determinar exaitamente, a fixar a súa obra -intenzón, estilo, alcance-. É entón cando se pode decir: eiquí está o norde, eiquí o sul, e trazar sobre déla os meridiáns i-os paralelos da crítica. N-iste senso de contorno, de litoral, pódese falar da novela de Pío Baroja, por exp. Acadou, así mesmo, Otero os contornos da súa novela, n-un xeito tal que podamos probar facer oxe o mapa da súa literatura?

Agora, despois da lectura de “Fra Verneró”, coidamos que aínda non se pode falar de uns límites na súa obra. Unha produción que fluie abundante coa xenerosidade de as grandes fontes montesías, que se ensancha sin ribeiras. Otero novelista xa chegou, pro aínda está en camiño. Aínda verdece a novela nas súas mans. Aínda non colocou o ramo de loureiro que marca a outura máxima de canteiría. Porque Otero é novo respecto da súa propia obra.

Podemos, si, apuntar impresións encol do seu estilo, encol da súa maneira de fixar o ser das cousas, a súa i-alma, coa rapidez de unha soia frase ceibada ao vó. Tamén se podían estudar as dimensións de espazo e

tempo na súa obra tal como o intenta Ortega y Gasset con Proust. Así, en Otero atoparíamos tempo i-espazo con signo contrario á miopía de Proust, que vía deformes as cousas por achegalas de abondo aos ollos. A súa prosa non dá as cousas en sí, senón relacións de cousas, conxunto ou sinfonía. De eiquí o seu barroquismo, o senso vexetal -de paisaxe- da súa prosa.

“Fra Vernero” é a biografía novelada de unha soma. Zacarías Werner pasou pol-o mundo como un fantasma de leenda báltica. “Na historia literaria é apenas Werner un nome entre dúas datas”.

Así, virxen de críticos, comentaristas e biógrafos, Zacarías Werner é n-iste libro, puramente unha emoción xenial. Sensual e tolo, xiado e duro luterano ou humilde católico, Werner é unha soma, un bárbaro alento báltico a correr pol-os agros, xardíns, da cultura e da vida de 1800.

Non se sabe onde remata a historia e onde empeza a maxinación. Para qué teimar en averigualo? Porque iste Werner impón a novela, as vegadas, o pulo dos seus feitos históricos, e outros, como tamén os homes verdadeiros, é somentes unha desculpa para achegarnos a novos paisaxes, denominador común de novas estampas.

Warizawa, con Hoffmann, na Poloña sometida ao grande Federico. Koenisberg-Werner fillo d-un herr professor da Universidade. Na casa paterna grande retrato de Leibnitz (sic), cortesán de espadín. Na rúa, cara á Universidade, metódico coma o cuco d’un reló, aquil profesor vel[l]iño xa: Kant. O fermosísimo capíduo tiduado “Europa”, finas estampas, gratísimas, lixeiras como esmaltes: O café Pedrochi, Mozart, Xohán Xacobo, a vella Inglaterra, as mañáns de Tubinga, Chenier, etc.

Berlín tan recente que cheira a pintura nova, como un coartel. Weimar que é Goethe. E por fin, Roma.

Otero fai de Werner o espeitador apaixonado d’ista Europa leda entre dous séculos, fina e sensitiva de Madama Staël. Ista razón de enseñarnos cantando a Europa é unha causa da inquietude do poeta. Pro hai outra, fonda, terríbel para un home do Báltico, confuso, bárbaro, xiado, a grande atracción latina, romana, da luminosa ordeación católica. Werner sinte que Roma ten resolto o mundo, que pra Xermania é neboento e tempestuoso, en craras categorías. Werner esquence a súa paixón pol-a música. Werner en Roma convírtese. De Lutero a San Francisco, iste é o camiñar inqueda, casi inconsciente, angurioso de Werner. De norde a sul.

Unha sinxela e humilde conversa de monxes n-un craustro e n-un outono calquera foi o epitafio de Zacarías Werner.

Así remata esta novela crara e musical: “un corazón exprimindo en pingas acedas o licor do pecado e da rebelión e ficaba un sinxelo corazón [só] areloso”. Unha visión orixinal, limpa e fonda de Europa do 1800. Eis o que é “Fra Vernero”.

X, L R.

«Fra Vernero», novela. Ramón Otero Pedrayo, Editorial «Nós», 2,50 pesetas. Santiago.

Vicente Risco

EL HERALDO DE GALICIA, 7 DE XANEIRO DE 1935

Todoí os libros de Ramón Otero Pedrayo, que semella escribir por pracer, do mesmo xeito e co mesmo humor con que fala, conversa escrita, teñen eixempraridade e fonda intención. O derradeiro, o «Fra Vernero», é a eixemprificación histórica do «Arredor de sí. Zacarías Werner e Adrián Solovio en alemán. Espello deformante da mesma yalma d' Otero, un «inadaptado», coma min e coma outros. Nós os inadaptados, andívenos vagariñando coma Werner e coma Adrián Solovio, è coma Wilhelm Meister nos seus anos d'aprendizaxe. Veleiquí está o misteiro: tamén vagariñaron nises anos Pitágoras, e Solón, e Herodoto, e Platón; Apolonio de Thiana toda a vida. E que cumpre que sexan así os anos da mocidade; é que cumpre encher a «ashrama» que prescribe o Código de Manu: a de «brahmacharin», o sendeiro do discipulado, que esencialmente consiste en dúas cousas: en escoitar aos mestres, e en andar de viaxe, coma os estudantes da Edade Meia, d'escola en escola. Compre seguirl' o sendeiro deica qu'un se atope a sí mesmo, deica qu' an atope o que é un: «tat tuan asi». Anque un chegue tarde, coma Zacarías Werner. Cand' un chega, leva moito mundo dentro.

Pero aínda hai moito mais ensino no Fra Vernero, s'un considera o que por fin jai atopou Zacarías Werner. «Nós, os inadaptados» viñémonos atopar en Galicia, na nosa patria, na nosa casa. Werner atopouse fora d'Alemaña porque o qu'en realidade precuraba, ou precuraba por il alguén que lle faguía invisíbele compañía, era algo que unha gran parte d'Alemaña tiña perdido dend'o tempo d'un dos héroes de Werner: Frei Martiño, o de Wittemberg.

Porque pra o home s'atopar de cheo a sí mesmo, por inteiro e pra sempre, ten que ser onda Deus. Somen'es entregue a il, é o home dono por compreto de sí mesmo.

E o que se di dos homes, compre decilo tamén dos pobos. Nós a damos pra que Galicia se recobre a sí mesma. Pois s'a que queremos recobrar para sempre, será onde se recobrou Fra Vernero.

ZACARÍAS WERNER EN R. OTERO PEDRAYO.

M. Vázquez Martín

EL PUEBLO GALLEGO, 24 DE FEBREIRO DE 1935**EL PROFESOR KANT**

I Año de 17.. Ciudad de Kënisberg. Es el atardecer: los rayos del sol se van extinguendo: Por las calles pasea una original figura; lleva consigo un gran paraguas, siguiéndole su criado. La gente le llama el profesor

Kant. Nunca salió de Kënisberg, ni tampoco tuviera ningún amor. Admiraba la Torre de Loebenich, de cuyos árboles sí decía que estaba enamorado.

II También juega en los jardines de una gran casa un niño pequeño y feo. Es hijo de otro profesor de la Universidad. Su nombre es Zacarías.

No queremos hacer, aquí, un paralelo con estas dos figuras. Muchas veces el niño admirará a Kant. Leerá sus libros; se acordará de él. Mas ninguna vez tendrá el profesor sobre el niño la más pequeña influencia. La historia nos demostró que fueron completamente opuestos.

III En el libro de Otero Pedrayo, no aparece en un momento de realidad la niñez de Zacarías Werner. Solo, cuando éste se acuerda de su madre, pasan por su imaginación los años de la niñez. Otero Pedrayo busca a Werner, en las calles de Varsovia, en los cafés llenos de artistas o en los tugurios profundos de la vida de orgía. Werner representa el otro cabo del hilo en que remata la línea que, cruzando el Atlántico, lo podemos iniciar en Edgar Alland (*sic*) Poe. La línea la componen: Poe, Baudelaire, Verlaine, Muset, Hoffman (*sic*) y Werner. Vino y mujeres: formación espiritual de estas figuras, traducidas materialmente —al exterior: producción literaria— en sus obras.

WERNER EN VARSOVIA

I Si recorremos las calles de Varsovia, penetrando en todos los cafés, quizás encontremos a Werner. Desde luego, es [en] el café de la “Ressource” donde mejor lo hallemos. Allí vamos a dirigir nuestros pasos.

II Es una noche de luna. La vida de la ciudad—cansancio, pasiones—queda reflejada en el semblante de los transeúntes. Nosotros vamos siguiendo a un hombre que camina a prisa. Al doblar una esquina, se para delante de una casa, Encima, este nombre: “La Ressource”. El hombre empuja la puerta y entra: cuatro o cinco grupos de personas charlan alrededor de varias mesas. Hitzig en una esquina llama por Werner— pues él es a quien seguimos, mas el poeta se dirige a un rincón, donde, delante de una copa de aguardiente, está un viejo hidalgo polonés.

III En la calle suenan gritos. Una multitud de “personas” pasa delante de la ventana: elefantes, hombres, música, ruido, es el signo. Por otro nombre, la comitiva anunciadora del circo Wambach; “violíns de tziganos, gongs e címbalos, atroaban cos sons dunha marcha de fantasía bárbara e leda de tribu en camiño”.

IV Werner vacia la quinta copa. El hidalgo lo invita a cenar. Acepta.

V Los rayos de la luna se reflejan en las calles y casas. Ahora se podrían reconocer los semblantes de las personas como si fuese de día. La luna representa el papel “diecinuevesco” de las bujías o faroles del principio de siglo. El reloj marca las dos de la mañana, cuando Werner y el hidalgo dejan el cabaret. El hidalgo grita desahoradamente. Grita—o insulta— a la Germania, en nombre de Polonia. Werner hace cualquier cosa. El aguardiente, el Burdeos y “los tristes vinos de Hungría”, son los que mandan en el espíritu de estos dos hombres.

VI Ahora voy a hablar por mí. La primera fase de la vida de Werner está admirablemente reflejada en estas primeras páginas: Werner, el sensual, el místico de los Templarios. La descripción de la comitiva anunciadora del circo Wambach supera en el arte de retratar a muchos “realistas”.

VII Werner sube las escaleras de su cuarto. En las primeras luces del día se dirige a sus oficinas. Se juntan los hidalgos poloneses: demandados y demandantes.

Zacarías se acuerda de su ciudad natal: el padre, la madre, su niñez, todo pasa por su mente, cual una película recordatoria. Aún ve los semblantes serios y graves de los profesores, al contemplar el cadáver de su padre. Sus recuerdos pueden convertirse en una sonata, melodiosa y dulce, una “sonata con viento báltico”.

VIII Los días de la primavera han pasado. El sol cae de plano tostando los rostros. Las familias huyen de Varsovia buscando el alivio del campo. Allí conoce al Prior Camaldulense, un polonés de la vieja estirpe. Con él pasa los días, oyéndole hablar de la grandeza espiritual de Polonia, dentro de la decadencia material.

Mas pronto vuelve a la vida agitada de la ciudad.

24 de febrero, El día maldito: la muerte de su madre. El poeta dirige sus pasos a Kënisberg. Y otra vez ocupa su pensamiento el pasado, la fatal película recordatoria. Werner siente el remordimiento; piensa en su madre querida a la que tantos sufrimientos dió. Y concluye... “meu curazón cheo de bágoas quérese consoarse en van e non pode. Non espertan os mortos e o pasado e eterno e sen cura. Deus e mail-a nosa nai: iste debera enchere todol-os intres da nosa vida, O demais e roín, e secundario”.

ATILA Y LUTERO

I De vuelta a Varsovia, Werner va caviloso, meditabundo, dolido por la muerte de su madre. Su espíritu sufre: la Biblia es su consuelo.

Delante de su alma se le aparece la figura del fraile Martín. Entonces idea su drama “Lutero”. Esto le dará algunos meses de calma espiritual.

II Encerrado en su habitación, alrededor de sus libros, el poeta va trazando las líneas de su tragedia. Primero las minas de Sajonia, enfermas de luz y sol; después Martin Lutero, el hijo del minero: “a lus da Reforma alumea a coba oscura dos conventos de freias”, la figura de Carlos V, la dieta de Worms. Todo esto es el desfile de la tragedia, y, en último término... “Lutero predigando no meio da terra, na eirexa, contra os erros antigos.”

III De nuevo, el trabajo de otra tragedia: el “Atila”. “Werner o fatídico”, como decía Hoffman, pues ahora llevaba al teatro el signo terrible de Atila. Era otra avalancha del Norte sobre el Sur: “galoupadas de cabalos en busca de Roma, o xenio ceibe do hunno contra a servidume da civilización”.

.....

De nuevo, galopes de caballos. Galopes de caballos franceses, Ahora no son los de la tragedia de "Atila". Son los de Napoleón, que deshace con un soplo la Prusia. Desfilan por las calles de Varsovia, en busca de la blanca nieve. En los semblantes de los polacos se pinta la alegría; el nacionalismo empezaba a surgir con la noticia de la huida de la familia real prusiana.

Los caminos de Europa se abren ante él.

EUROPA: SIGLO XIX. EL PATRICIO DE WEIMAR

I Zacarías Werner recorre los caminos de Europa. En su ilusión estética de la geografía, camina por los senderos tortuosos —formados por el "ein stwizes scholes"— de la Germania. Berlin es el punto de parada, porque allí estrena su "Lutero".

II En las casas de la capital alemana abundan las posadas—la ausencia de hoteles en el pasado siglo es inversamente proporcional a los múltiples figones de la Italia del Renacimiento; los figones de Nicolás Maquiavelo—. En una de éstas vive Werner y su compañero Hoffman, Habla todos los días con una niña rubia, hija de la dueña, Por otro extraño contraste de su espíritu, Werner se enamora de ella como un estudiante. Mas la niña rubia es la primera llamada hacia la reconciliación.

Ella le dice: "Vostede sofre dun mal que se non decata, sofre de falla [de]verdade."

Eso era. Werner sufría de falta de verdad. Era un auto-equivocado. Fingía alegría y no la tenía. Imaginaba amor y no lo sentía.

III El estreno de "Lutero" le dio dinero. Werner viaja. En Dresden conoce al poeta-naturalista suizo Glechter, discípulo de Haller. Zacarías habla mucho con él, alabando o criticando por veces—a Suiza.

Mas pronto vuelve a Berlín. Al llegar asiste a la representación de "Fausto".

IV Ahora estamos en Weimar, Werner habla con Goethe, entablando largas controversias. El patricio de Weimar va analizando la íntima tragedia del poeta. Como maestro de la nueva escuela, como pensador de los pensadores, Goethe, que todo lo abarcó, tenía que lanzar una máxima. Entonces filosofa y concluye: "Werner está poseído por Odín, Para librarlo en grandeza creadora hubiera precisado la expresión del arte titánico que el poeta no tiene: la música. Realizándolo se hubiera librado. No puede hacerlo. Seguirá ofreciendo al mundo el espectáculo de un Prometeo".

Al despedirse de Goethe, éste le dijo que procurase la libertad.

Las palabras del patricio de Weimar eran la segunda llamada.

V Atravesando las montañas de Baviera, Werner se dirige a Suiza. En Coppet le sorprende la presencia de Mad. de Stael (*sic*). Allí, en los salones, al lado de Benjamin Constand (*sic*), de la Stael y de Schegel, Werner

recita los versos de sus dos tragedias. De nuevo volvían a aparecer las figuras del bárbaro Atila y del monje de Eisleben,

VI Alrededor del poeta un deseo: el Sur. Recuerda las palabras de la niña rubia de la posada de Berlín. Ellas le habían iniciado el camino de su metamorfosis. Recuerda también las de Goethe. Su ilusión era el Sur. La Stael le vino a abrir más ese deseo: le habló de Roma.

LA METAMORFOSIS


I El poeta del Báltico pasea por los alrededores de Roma. Frecuenta el convento del monte Albano. Allí conoce al fraile Gaetano—"o frade mais iñorante do convento"—el cual es el primero que lo guía hacia el bautismo. Zacarías siente la religiosidad del convento. Su metamorfosis se va operando. Ve a Cristo crucificado en el Calvario y recuerda al mismo tiempo los últimos días de su madre.

II De Roma se dirige a Salzburgo, llamado por el príncipe Dalberg. Deja angustiado, las faldas del Albano, como siglos antes las dejara Leonardo de Vinci. Como éste, Werner era un fantasma cuya guarida era el monte. El Albano era su tierra de promoción: él, le había de inculcar para siempre en su espíritu el sentimiento místico del Cristianismo.

III "Unha mañán de neve na catedral de arelantes fonduras amedradas pol-as fugas do órgano, o príncipe Bispo, Dalberg, daba a Zacarías Werner as ordes"

IV Aquí termina Otero Pedrayo, Estas líneas son el esquema de su libro. Las trazamos de la más escueta manera. No hacen falta alabanzas ni comentarios. El lector se los sugerirá a sí mismo. Y si lee el libro, mejor.

V Punto final... y el poeta sensual y fatídico, se convirtió en la mística figura de Frei Wernero (*sic*).



Álvaro Cunqueiro

EL PUEBLO GALLEGO, 15 DE MARZO DE 1935

I Hai unha dilatada invasión silenciosa de mundos, de representacións. Síntese nos ollos un gotexar finísimo, ombrío. I-aquelas froles que alí se ven—rosas sober todo—son tocadas máis no aroma que no color, na lediza que na decoración. Clausura de armonía que son as froles, dixeron, E sober todo, un poeta matinounas, sensibelmente, coma un certo movemento, quizaves un brinco de luz enredomado, Iste poeta difícil que é Luisa Giradoux, prologado o seu “Cahier du piano” pola craridade de Paul Valery:

“O poema si se chama áer,
cando queiras podes volver a
(oilo
Si se chama color, forza ou
(viruta
tampouco nunca morrerá.
E eterna a ágoa que nasceu
(de fonte
aínda que haxa pasado, río, a
(ser mar.”

Luisa Giradoux ten sesenta e dous anos. Fabrica bonecas. Bonecas baratas e non demasiado bálas, Toca o piano. Un piano que lle conta arreboladas paisaxes, verduras cedas, pequenos cadros de xénero á maneira holandesa. O mais maravilloso do seu verso acorde, é un certo sentirse pasado á outro mundo, a un mundo sin muros, con solainas e vidros e tremerosas horas, onde unha mán levián e sutil de xardineiro contará, nas pontas dos seus mesmos dedos, a chegada de novísimas estacións de sol e frescura, fóra da roda das catro, tan fermosas i-eternas.

II WERNER. O mais admirábel do “Fra Venero” de Ramón Otero Pedrayo é o paisaxe, o mundo, a ecuméne desmadexada e tan elegante que ollou a pasión e morte do dramaturgo, recreador e inventor de Deuses, Werner foi un home con paisaxe, cousa esencialmente oposta a ser home en escea. Polderá intentarse unha crasificazón de homes con, en, sin, de paisaxe. Werner, home con paisaxe, un místico en certo xeito, pero moito mais fortemente un barroco. “Isa Germania greca, nascida tan naturalmente, de fortes pasións e limpo ritmo...”

III O millor Castelao é o dos dous libros de “Cousas”, “Os dous de sempre” o que ten de bó, de excelente si queredes, son as “cousas” que nil hai. “Retrincos” son cinco “cousas”, mais non superiores ás primeiras por certo.

Castelao ten unha fermosa prosa crara, sinxela, morna, sempre igoal a sí mesma, prácida. Humor de vidro desangrado é Alfonso Castelao, e por iso unha prosa tan tenra o pon tan docemente en sazón.

En “Retrincos” hai seis grabados en madeira de Carlos Maside. Son bós grabados, extraordinariamente bós. O da portada ten morbideces cáseque pictóricas no traballo i-unha gracia esaita de reviravolta. Non vin ren millor de ningún dibuxante galego.

GELMÍREZ, HÉROE DE NOVELA

Fernando Cadaval

LA NOCHE, 7 DE OCTUBRE DE 1949

Don Enrique Larreta, el conocido literato argentino gusta, como se sabe, de escribir novelas evocadoras de viejas ciudades hispánicas. Y se ha referido a la novela de Santiago, que él ve como novela de Gelmírez.

Don Enrique Larreta conoce, entre las novelas compostelanas, “La casa de la Troya”. Pero él cree, como queda dicho, que la verdadera novela de Santiago debe ser la novela de su primer arzobispo, Es posible que algún día -remoto, por ahora, en su posibilidad- escriba la novela de Gelmírez el novelista hispanoamericano. Sin duda será interesante su versión del hombre y de la época magnífica. Pero no roturaría ese campo que ha sido ya labrado por otros. Existen, desde luego, varias novelas santiaguesas dignas de consideración, unas históricas, otras contemporáneas. Pero ahora nos interesa sólo referirnos a dos novelas de Gelmírez, que no se pueden llamar compostelanas más que hasta cierto punto, pero que serían indudablemente precursoras de la -en estado, hoy, de vaga nebulosa; no sabemos si algún día perfilada en actualidad- novela gelmiriana del autor de “La gloria de don Ramiro”.

La una es “Doña Urraca de Castilla”, obra de Francisco Navarro Villoslada, Su primera edición de 1849; la última que conocemos de 1945. Es una novela que ha tenido siempre lectores. Ya sabemos que el escritor navarro es el más afortunado discípulo de Walter Scott entre los novelistas españoles. Ahora no se trata de sostener que sus novelas sean superiores a “El señor de Bembibre”. Se trata simplemente de afirmar que Villoslada es más estrictamente scottiano que Gil y Carrasco: y no se asigna a este hecho ninguna estimación valorativa. Recordamos nuestra lectura en la adolescencia, de “Doña Blanca de Navarra”. La profunda impresión que nos causó debe ser signo simpático de la que, en su época, causaba a los lectores adultos. Nosotros ensayamos durante algún tiempo mantener, ante las contrariedades de nuestra vida amaneciente, la estupenda impasibilidad exterior del Conde de Lerin, “Doña Urraca de Castilla”, leída en plena madurez, nos parece un poco ingenua, como todas las novelas históricas del romanticismo. Nuestra edad media es muy distinta de la edad media romántica. Esta aparece teñida de un sentimentalismo más romántico que medieval. El Gelmírez de Navarro Villoslada —pues el famoso clérigo desempeña prominente papel en la citada novela— nos recuerda demasiadas veces a un obispo contemporáneo de la primera guerra Carlista. De todas maneras, su figura está trazada con cariño, y el autor que segunda en la Compostelana, lo presen-

ta adornado de todas las virtudes episcopales. Cuando el novelista hace historia gallega, siguiendo a los cronistas de D. Diego, lo leemos con gusto y completamente serios. La sonrisa surge, por muy corteses y comprensivos que seamos, cuando los muertos resultan vivos y ocurren otros descomunales acontecimientos de la misma laya, que, a la verdad, no se dan con demasiada frecuencia.

En fin, cuando hay que imitar al noble escocés, porque la moda era eso entonces.

Pero existe otra novela de Gelmírez. Es compostelana, por su espíritu, hasta el límite del compostelanismo. Por su escenario sólo lo es en los dos primeros capítulos. Su autor la tituló “A romeiría de Xelmírez”, y no debió escribir romeiría, sino romaría o romanxe. Otero Pedrayo dio a conocer las primicias de su obra aun —entonces— inédita, a un grupo de escritores gallegos reunidos en una sala del Hotel Compostela en Santiago. Otero Pedrayo ocupaba la cabeza de una mesa de conferencias y leía fragmentos de su manuscrito. Estaban presentes, sin duda, los más distinguidos prosistas y poetas de entonces, que son casi los de ahora. Pero el autor de estas líneas sólo ve, en su imaginación, a Filgueira Valverde, sentado al lado derecho de la mesa, tomando notas acerca del léxico de la novela, que fué editada por Nós en 1934. Otero Pedrayo leía maravillosamente ¿Qué creéis? ¿Qué nos encantaba con lo matizado de su dicción, con sus pausas estratégicas, con las vibraciones de su acento? No. Otero Pedrayo leía despreciando todos estos recursos, con entonación casi uniforme, casi monótona, casi descuidada, casi entre dientes. Estaba entre amigos entrañables, y el arte del declamador, del lector, del recitador, del orador le parecería pedantesco en aquel ambiente. Así, con esa mezcla de estoicismo y epicureísmo que constituye el fondo del carácter gallego, desdeñaba todo éxito exterior y leía por complacer a sus amigos, sin dar importancia alguna a lo que leía. Esto era lo verdaderamente maravilloso.

La novela tiene como asunto el viaje realizado por Gelmírez a Roma para solicitar de Pascual II el palio arzobispal. No rompe bruscamente la línea de la novela histórica romántica. Páginas hay en ella que no harían mal papel en una obra de Scott. Pero, aunque la novela de Otero no tiene la impasible y fría objetividad de Islambert y Lauyis (*sic*), la firme base arqueológica y el don de la perspectiva histórica la hacen una novela de nuestros días. Se atiende más en ella, como en las obras de Merepitowsky (*sic*) a la exposición de las vivencias espirituales que a la reconstrucción de las formas materiales de la cultura. El Xelmírez de Otero se basa también en las crónicas de Munio, Hugo y Giraldo; pero Otero ha recreado al personaje con su sabia intuición psicológica y arqueológica, presentándonos una palpitante y vigorosa figura humana, a cien codos por encima del descolorido, genérico e ideal prelado de Navarro Villoslada. Imposible sería que todos los sentimientos, uno por uno, que Otero hace que se agiten en el corazón del obispo hubiesen sido experimentados realmente por el gran labrador de la historia gallega. En toda novela histórica, y aún en toda biografía científica, hay rasgos de la persona retratada cuya probabilidad es discutible. Caben, naturalmente, varios Gelmírez. El de Otero es, por lo menos, grandioso como creación poética. Y lo más seguro es que, traducido a nuestra gramática ideológica en aquellos trozos que hoy resultarían arcaicos, sea verdadero con verdad histórica.

Siempre cabe tratar con novedad un tema ya tratado. Gelmírez espera el drama y acaso el poema y la ópera que reactualizan. Como héroe de novela ya no ha quedado inédito. Nos gustaría verle una vez más, de pontífice o armado, irradiar su fuerza espiritual en las páginas de nuevas novelas. Pero el que quiera escribir una

novela sobre Gelmírez debe leer antes la de Otero. Después de haberla leído, la que escriba -si la escribe- no podrá ser como hubiera sido si la escribiera sin haber adoptado aquella precaución.

MEMORIAS DE MARIAZELL

Álvaro Cunqueiro

LABERINTO Y CÍA, BARCELONA, TÁBER, 1971, 259-262

¿Se pueden tener memorias y nostalgias de un lugar donde nunca se estuvo? Yo las tengo de Mariazell, el famoso santuario y monasterio austriaco, desde el día mismo en que leí Fra Verner, de Otero Pedrayo, uno de los más bellos y apasionantes libros del maestro de Trasalba. Otero lo había escrito atraído por la figura de Zacarías Werner, que en Mariazell, después de su conversión, terminó sus días. Otero Pedrayo nos cuenta en el breve prólogo cómo de niño había leído, en *El Museo de las Familias*, un artículo corto, mezcla de piedad y admiración, sobre el autor de Lutero. En las historias de la literatura, Werner es poco más que un nombre entre dos fechas, y en la propia Alemania no es fácil encontrar sus obras. Otero Pedrayo sospechó en Werner una gran figura, condenada al olvido por las injusticias de la crítica. Y no se equivocaba mucho. Habiendo leído Fra Verner, recogía yo toda cuanto noticia encontraba sobre Mariazell y Werner. Hace unas semanas, un profesor croata emigrado en los Estados Unidos y que acudió a ganar las perdonanzas compostelanas, hablándome yo de Mariazell, se me confesó devotísimo de la Virgen de la manzana, y ahora alguien de allá, por indicación suya, me envía fotografías de la iglesia, del monasterio, del lago Erlafy, de la cascada del Lassing, de un puentecillo sobre el Salza, y de la Virgen milagrosa, naturalmente, en su altar barroco... Mariazell, por otra parte, está muy unido a las peregrinaciones austríacas y húngaras a Santiago, que allá tiene capilla, y está jinete, degollador de musulimes, para la patética de aquel limes, turcos de barba puntiaguda y mejillas pintadas con azafrán. Pero no era de esto de lo que quería contar, ni siquiera de la sombra del converso Werner, leyendo encorvado en el refectorio, o predicando el domingo a la mañana en una pequeña iglesia campesina, y rechazando cortésmente, él que había bebido todo el Rin y la Borgoña y había sido acusado, en su viaje a Italia, de ir a remediar la crisis del Chianti y de los vinos de los Castelli, el vasito de kirsch que le ofrecía el anciano párroco. Quería decir yo que el olor de Mariazell, por ejemplo, me es conocido sin haber estado allí. En mi memoria hay un olor Mariazell, mezcla de manzana, de heno y de rosa, y unas campanas de la tarde, mozartianas, las campanas más próximas al violín que sean —si es que es posible—, fuera de la poética, campanas que se pasen a violines. Mariazell está en un valle alpino, más o menos del tamaño del mío natal, y por donde en el mío, sobre redondas colinas, se percibe la claridad marina, en el de Mariazell se abre el espejo del lago Erlafy, que viene a ser lo mismo. Los viajeros hablan del enorme silencio de Mariazell, a la anochecida, y cómo se confunde el eco de los cantos monacales con el rumor del río. Los húngaros y los husitas llegaban violentos, y cortaban cuellos de monjes, pero no podían cortar el cuello del río, que seguía incansable entonando vísperas y maitines. El abad mitrado de Mariazell tenía siempre un cuervo avizor, que acudía alarmando avisando que subía el turco o corría el magiar, pero había que mandar correos a Viena y el cuervo se negaba a seguir, y menos mal que Nuestra Señora siempre

ponía algún obstáculo en el camino del otomano, generalmente en forma de fiebres o nevada imprevista. Mariazell, la celda de María, verdes prados, tejados rojos, manzanas doradas, cúpulas plumizas... En la plaza, ante la basílica, un mendigo toca el violín, y un lego espera, sonriendo, a que termine la tocata para ofrecerle un jarro de cerveza y un codo de pan. Como en la mañana en que Zacarías Werner llegó al monasterio con una carta de recomendación de Su Alteza de Dalberg, arzobispo príncipe de Maguncia, la más alta figura del catolicismo político y eclesiástico de Mittel-Europa en los días napoleónicos. En Mariazell era de casa. Paseaba por el claustro aspirando lentamente el aroma de un pomo de esencia de azahar. Escucho perfectamente su paso rápido, de grandes zancadas.

EL LECTOR EN BUSCA DE CUATRO LIBROS.

Juan Carballeira

EL PUEBLO GALLEGO, 18 DE AGOSTO DE 1934

Lo general, naturalmente, dada la pluralidad de lectores a que el título alude, es que acontezca lo contrario: que los libros busquen al lector, Pero aquí la situación es paradójica. Se trata del lector, de los muchos lectores con mayor o menor apetencia bibliográfica que nos hallamos desparrramados por las villas y aldeas de Galicia sin más contacto civilizador que la Prensa gallega diaria, sin más escaparate de noticias sobre el movimiento cultural de nuestra tierra que el que nos presenta en sus columnas la Prensa dicha. Las librerías, los puestos de libros todavía no son, en este medio, tiendas de negocio; la gran revista gallega que necesitamos todavía no existe y Galicia -no se olvide- es, en su mayor parte, agro, villas y aldeas.

De otra parte, el sujeto de esta búsqueda está representado por cuatro libros gallegos, cuatro excelentes libros a juzgar por el nombre y aun renombre de sus autores y el interés de los temas que incluyen, cuya publicación fué anunciada con caracteres de acontecimiento y hasta señalada la fecha solemne de su aparición. Nos referimos, como ya se habrá supuesto, a "Os evanxeos da risa absoluta, de Antonio Villar Ponte, "Os dous de sempre", de Alfonso Castelao, "A romería de Gelmírez", de Ramón Otero Pedrayo y "O silencio axionllado", de Ricardo Carballo Calero, que habían de salir un mismo día y cuyas referencias bibliográficas todavía no hemos leído en ningún periódico.

De esos cuatro libros cuyo anuncio desveló justamente nuestra atención y que suponen un galardón de la cultura gallega no hemos vuelto a oír hablar más en la Prensa diaria de nuestra tierra; es más, para los que, como antes decíamos; desperdigados por villas y aldeas no disponemos de otro escaparate donde asomarnos que el que esa Prensa puede ofrecernos, no sabemos aún a ciencia cierta si siquiera han salido ya a luz o son simplemente unos libros fantasmas.

¿No es lamentable el caso? Nótese bien que no tratamos, con el fin de llenar de "razones" la medida de un artículo, de exagerar los hechos, de hiperbolizar sobre un motivo que solamente a un espíritu

banal se le antojará superfluo. Pero la verdad es ésta de su atmósfera, hasta que logremos, de la gleba a la Universidad, Galicia entera siga con mirada vigía y corazón entusiasta su movimiento germinal. Para esta labor, tan urgente y cardinal, todavía -hoy por hoy- no se ha invitado ni se dispone de mejor medio que el periódico. El libro, en el medio cuasi rural en que viven las más de las gentes gallegas no tiene mejor valedor. Urge, pues, darse cuenta de que sólo el gran periódico diario puede hacer la gran propaganda al libro gallego, o sea, a lo fundamental de nuestra cultura autóctona.

¿Por qué, pues, nuestra Prensa diaria no se ha ocupado de esos libros?, se preguntará. No he sido yo el último que ha acusado a nuestros periódicos de análoga falta en más de una ocasión y precisamente desde las columnas de ELPUEBLO GALLEGO que es, en realidad, el único diario de Galicia más desvelado por estas cuestiones. Pero la culpa no ha de ser siempre de toda de la Prensa. Como en el caso concreto que comentamos, preciso es reconocer que ni el editor ni los autores de las obras citadas anduvieron en esta ocasión muy diligentes para procurarles publicidad. Siempre que se la cite, siempre habrá que rendir el más fervoroso elogio a la Editorial "Nós", concretamente a su benemérito animador, Ángel Casal, editor, como de toda la producción gallega de esas cuatro obras que nos ocupan; pero creemos que esta vez, en razón de la valía e interés de esos libros y hasta de la conveniencia de su difusión en el momento actual, debiera haberse cuidado un poco más la labor de publicidad, por lo menos remitiendo ejemplares a los principales periódicos de la región y recabando insistentemente, si era preciso, su comentario. Bueno es recordar, ahora más que nunca, que el buen puño ya no se vende en el arco.

Resumen: que la producción bibliográfica gallega, por las razones sabidas, merece la mejor y más vigilante atención por parte de nuestra Prensa; pero también necesita del más vivo celo y la mejor acuidad en el orden de la difusión — no ya por inmediatos motivos de interés simplemente comercial, sino por más altas razones de valor cultural- de parte de sus autores y editores.

El caso que comentamos —por no referirnos ahora a otros de libros gallegos recientes de que tampoco se ha hablado por ambas causas- puede servir como ejemplo de un lamentable abandono que por decoro y deber patriótico no debe subsistir. Preciso es, pues, de ambas partes extremar todo estímulo y apurar todo interés.

ARTIGOS ACADÉMICOS

RAMÓN OTERO PEDRAYO, CATEDRÁTICO DE XEOGRAFÍA

Manuel Arroyo Núñez

Ramón Otero Pedrayo foi catedrático de instituto e ocupou a súa primeira praza poucos meses do curso do ano 1919 no instituto de Burgos e despois permutou a praza cun compañeiro e trasladouse a Santander, alí estivo nos anos: 1919, 1920 e 1921 no que volve permutar o posto con outro profesor, e toma posesión o 1 de abril dese ano no instituto de Ourense, instituto que hoxe leva o seu nome. De dita cátedra foi expulsado do servizo o 21 de agosto do 1937 e causou baixa no escalafón de catedráticos pola represión que sufriron os profesionais da ensinanza no réxime franquista. E once anos despois foi restituído no seu posto no instituto de Ourense o día 8 de novembro de 1948.

No ano 1950, aos 62 anos Otero fai oposición a cátedra de Xeografía e Historia da Facultade de Xeografía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela. Deses días fálanos o alumno de Otero e catedrático Carlos Baliñas nun artigo titulado: “Don Ramón en el aula”, publicado na revista da Universidade de Valladolid: “Nudos”, en decembro de 2017, e dinos: “El mayor nivel de los alumnos le permite hacer de las clases conferencias, piezas oratorias de buena retórica “lecciones magistrales” (Baliñas 2017: 6).

E tamén da súa oposición conta, na carta do 22-III-1950 a súa nai o comezo dos exercicios. E dille: “Ayer a las 7 de la tarde hice el primer ejercicio que es una composición de la labor realizada por mi en Geografía” (Otero Pedrayo 2005: 606-666).

E nunha definitiva carta dende Madrid de data 1-IV-1950, Otero comunícalle a súa nai que aprobou a oposición a Cátedra de Xeografía e Historia e dille:

“Yo sabía lo que iba a ocurrir. Se celebró en el salón de actos que es muy grande y hermoso. Mis compañeros de oposición estaban nerviosos. Sospechaban el resultado, alguno lo sabía pero aun hasta el final la ilusión de algún voto. los cinco fueron para mí. Después fui a saludar al Tribunal. Me elogiaron mucho, muy satisfechos”. (Ibid.: 611)

É de notar que Otero e a súa nai nas cartas utilizan o castelán.

Desta circunstancia cóntalle a Carballo Calero nunha carta datada en Trasalba o 16-IV-1950, o seguinte:

“Vou á Universidade un pouco vello, mais con lediza. Ha ser pouco tempo. Terei que aproveitalo en froitos do outono. Nos exercicios, que foron sete en dez días, fun o máis mozo dos catro opositores por o programa de novidades que presentei e a maneira de levar os temas. Entre outras cousas falei de Nietzsche no outono de Engadina, da luz comparada dos lagos

e glaciares, dos arcaísmos na paisaxe...levando un sentido da Geografía un pouco superior ó programas priguizosos, estereotipados.” (Real Academia Galega 2021: 59-60)

Tamén o catedrático de Xeografía da Universidade Complutense José Manuel Casas Torres, que foi membro do tribunal da oposición de Otero, no seu artigo titulado: “D. Ramón en el recuerdo y en el afecto”, que se publicou no libro da USC do ano 1978, titulado: *Miscelanea de Geografía de Galicia en homenaje a Otero Pedrayo*. Nos di:

“En trascurso de las oposiciones fuimos de sorpresa en sorpresa. La erudición geográfica de D. Ramón, sus ingentes lecturas, viajes, conocimiento directo de países y ciudades, su propia memoria....

Recuerdo también que en el cuarto ejercicio...le correspondió tratar del tema: “las costas de la Península Ibérica” (Universidad Santiago de Compostela 1978: 35)

Alí Otero dixo ao tribunal:

“Quiero comenzar rogando al tribunal que me dispense por no tratar aquí de las costas gallegas. El tema es muy extenso y de las costas de mi tierra tengo muchas páginas escritas, que ya conocen los señores jueces.” Y continua Casas: En efecto, comenzó por el extremo opuesto, omitió Galicia completa y termino en Fuenterrabía. Su lección fue un alarde de conocimientos geológicos, históricos, y literarios, sin que faltaran momentos de gran belleza poética ni dejara de traslucirse un cariño muy grande a todas las regiones españolas.” (Íbid.)

Nunha liña que emerxe soa no artigo antedito e por esas cousas do léxico escrito, logo, quizais pode dárse-lle máis importancia ó seu contido e sentido, no artigo Casas Torres dinos: “D. Ramón obtuvo la cátedra por unanimidad, y muy merecidamente”.

Xa dixemos que Otero pasou eses anos en Santiago, 1950 a 1958, no Hotel España que era sito no número 40 da Rúa Nova. A súa derradeira lección foi no Paraninfo da facultade de Xeografía e Letras na data do 15 de marzo de 1958. As sensacións dese día cóntaas nunha carta datada en Trasalba o día 18-III-1958 e dirixida a Carballo Calero: “O día do meu adeus no Paraninfo foi grande pra min, pois se ordeou de seu, nos espíritos, lonxe de todo programa, en manifestación de xurdio galeguismo.” (Íbid.)

Noutro eido e segundo consta no Arquivo Histórico Universitario da USC, hai dous expedientes sobre Otero; un é o rexistro dos títulos administrativos de referencia: F.U. A- 3.898 folio 234., que nas primeiras liñas dinos: “Otero Pedrayo, Don Ramón. Nombrado en virtud de oposición, Catedrático numerario de Geografía de la Facultad de Filosofía y Letras de esta Universidad, con el haber anual de entrada de 12.000 pts. Tomó posesión en 29 de mayo de 1.959 (orden ministerial 15 abril 1.950).” (Real Academia Galega 2021: 120)”

Tamén constan os seus ascensos no escalafón de catedráticos, e o paso pola secretaría da facultade.

“Por O.M.-15 diciembre 1.952 se le nombra Secretario de la Facultad de Filosofía y Letras con la gratificación anual de 4.000 pts. y efectos económicos 1º octubre . Posesión 19-XII-1952. (Expediente da carreira administrativa: 1)

Por O.M.10 de julio de 1953 se dispone cese en el cargo de secretario de F, al par presentó la renuncia, cesó el 31.VII.1953.” (Íbid: 1)

O outro expediente, é o seu expediente académico de referencia. F:U: *Exp. Personales LEG 975 EXP. 1*. Neste expediente que é unha reconstrución cos datos do Ministerio de Educación. E nese expediente consta un exame escrito e asinado por Otero da licenciatura de Dereito sobre *a proba testifical*. Así como as súas notas de varios exercicios e cursos. E a certificación do título de bacharelato e de doutor.

Un dos maiores e mellores medios para entender e descubrir a ensinanza da xeografía de Otero é coñecer o contido das súas clases de xeografía. Mellor aquel, ouvir e participar nunha das súas clases. O cal é materialmente imposible. Tan só temos algúns dos programas da súa materia e o testemuño dos discípulos que seguiron os pasos da xeografía. Tampouco debemos esquecer as teses dirixidas polo mestre, e todas aquelas que outros universitarios realizaron sobre a súa obra. Pois podemos deducir a súa calidade de ensinante examinando as tres teses doutorais e unha memoria de licenciatura que dirixiu, tres de temas de xeografía e unha de arte: a primeira tese en 1953 que se defendeu en Madrid titulada: *La comarca natural de Tierra Llana de Castro de Rey. Lugo*, que realizou Francisco Río Barja; unha memoria de licenciatura en 1956 titulada: *Geografía de Soria y su interpretación en la literatura*, realizada por M^a Francisca Ruiz Silva; outra tese en 1959 titulada: *Tuy y la geografía de su comarca*, que realizou Gloria Blanca Prieto Rodríguez; e outra tese que se presentou en 1961 e dirixiu en colaboración co etnógrafo Carlos Alonso do Real, que se titula: *A comarca natural de Viana do Bolo*, que realizou María del Rosario Castell Villa. Todas elas, coa excepción da de Río Barja, que se atopa na biblioteca da Universidade Complutense de Madrid (UCM), encóntranse no depósito da biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia da USC.

Pois ben, ao ter nas miñas mans o texto da tese sobre a comarca de Tui, que realizou D^a Gloria Blanca Prieto Rodríguez; ao pasar a portada encontrei de súpeto catro follas engadidas ao libro que conteñen o informe manuscrito do poñente do tribunal: D. Ramón Otero Pedrayo, este texto é simplemente un texto de autor que nunca foi publicado, e que polo importante achado vou a transcribir. E Otero nese informe escrito en castelán:

Informe do ponente:

Como ponente o director de la tesis presentada por la Ldo. D^a Gloria Blanca Prieto para obtener el grado doctoral en nuestra Facultad, debo intentar una síntesis de los rumbos y ejes esenciales del trabajo, un juicio de sus desenvolvimientos y tal vez una justificación total según secciones de su contenido. Lo que se llama un informe. Suelen considerarse el rigor, la claridad, el orden sistemático con la expresión apurada y aun concisa, mas, que excelencias condiciones fundamentales de este género de escritos. Creo que en la virtud convincente de las obras trabajadas con método en torno a un fuerte y vital vivencia. Ellas mismas se imponen al juicio. Asi en la tesis que tengo el honor de apadrinar. La síntesis en este caso es fácil. Se desprende de la primera lectura como la piel de su joven fruto o su reflejo en el espejo del agua expresan la forma – y nada más y nada menos - del bello don del huerto. La comarca de Tuy significa el huerto terminal o en otro orden de imágenes la rama última y más rica del Miño. Y la graduado con aplicado estudio que no ceta su sentido delicado de la belleza, logró una expresión formal, ordenada según las propias normas de la vida, de la realidad geográfica de la comarca tudense.

Alguien tal vez se extrañará de la minuciosa latitud concedida al carro a y los aperos de la labranza y pensará haber caído autora en la tentación, gustosa, no difícil de cumplir y muy en la moda, de la Etnografía. Puede ser que no falte quien considere indigestos los términos y series puramente geológicas o en otro sentido de las dimensiones temporales la perspectiva histórica con el fino tacto suscita. (...) por la Sra. Prieto. Soy por naturaleza contrario a las síntesis precipitadas. Aun en el caso de...

Aquí remata o primeira folla e segue na segunda:

no ser conscientemente fraudulentas, engañan, adormecen, producen una falsa tranquilidad. Muchos libros de sociología, de historia, de geología, no digamos cuantos prólogos de libros y recensiones de revistas, está tejidos floja y aparentemente con tales precipitadas y engañosas síntesis. En el escrito motivo de estas líneas, en cualquier ensayo, por leve que sea de pura índole geográfica, la síntesis falsa dura menos que la iluminación de una verbena en el calmo y profundo palpar de la noche campesina. La interpretación geográfica - de un país, de un paisaje de corto o largo radio - ensaya siempre una síntesis de factores "actuales". Puede ser actualidad de un día, de una estación, de determinado "tiempo". Para la suprema facultad poética, casi angélica basta la actualidad de un instante expresada en el acorde de un verso. Y en todo caso se trata de ordenaciones de tiempos diferentes. Función del geógrafo es inscribir con sentido y justamente en nuestro tiempo actual del XX central o más precisamente - es cuestión de finura y sensibilidad tanto como de información - en un año o en unos meses determinados, el suceder geológico con sus lentos ciclos de erosión y acumulación y el apasionado y hasta dramático en el hondo silencio del trabajo, la rutina y la esperanza de las antes campesinas lento y precioso fruto de la experiencia, perfil de una lucha y polémica con la inercia y el desorden. La Sra. Prieto tenía que atender a los niveles de las terrazas del río o a la estructura y conexiones de los montes respondiendo a la misma exigencia del carro secular también agente de erosión y factor estético inconsciente como tuvo que ocuparse de las series meteorológicas y de la circulación de la riqueza bancaria. Son necesarias condiciones de Proteo para el gobierno del rebaño...

Aquí remata a segunda folla e segue a terceira:

de lo variado e imprevisto de los hechos geograficos. Creo que la comarca tudense ha logrado gracias al sostenido y entusiasta esfuerzo de la Ldo. Sra. Gloria Blanca Prieto una interpretación difícilmente superable en el actual de nuestros métodos e informaciones. Trabajó en los archivos, supo descubrir las matizaciones del paisaje, de la rica y variada historia de una comarca excepcional por su posición, desdeñando ambiciones inútiles, aisló los informes y noticias que pueden ayudar a la explicación de formas del pasado no desvanecidas. Algunas formas como ecos melancólicos o humanísticos ahondan el paisaje geografico. Llegado a este punto no vacilo en recordar como todo ámbito geográfico solo puede obtener satisfacción como conjunto de ritmos. Naturales y humanos. El don y sentido del buen geógrafo será percibirlos y ordenarlos. Y creo, sinceramente, en el triunfo inicial aun en esta difícil coordinación de la voluntad de la autora de esta tesis.

Soy un profesor jubilado y no voy a detenerme en minucias. Nuestra Facultad es estrictamente de Ciencias del Espíritu. Urgen las grandes y severas cosas. No es culpa de la autora el único defecto grave de la tesis. No es olvido ni negligencia suya el que una mitad del bello fruto terminal del Miño, el sector portugués, no tenga proyección adecuada en este ensayo.

La Ldo. Prieto ha sido excelente colaboradora de la Facultad. Desempeña con éxito una difícil enseñanza. Todo tema geografico es difícil por la multiplicidad y conjunción de fluir de los hechos y procesan y no menos por la capciosa facilidad de superficie. Creo que tales consideraciones nos deben reforzar en el tribunal su evidente impresión de la lectura y discusión de es-

Aquí remata a terceira folla e segue na cuarta:

tas tesis en el sentido de ser digna de una elevada calificación. En estas situaciones y tratándose de graduados y estudiosos de la categoría de la autora el galardón académico sirve de impulso y liga cada vez en la noble conciencia de deber cultural.

Esta es mi honrada opinión que suscribo con perfecta conciencia de mis obligaciones. Debiendo antes de hacerlo de contradecir las líneas iniciales del trabajo, porque en la confección de sus capítulos bien trabajados, mi aportación de hechos concreto fue nula y solo alguna indicación general, de la cita de algún viejo libro puedo vanagloriarme. Santiago de Compostela catorce de marzo de mil novecientos cincuenta y ocho."

Ramón Otero Pedrayo

No informe, Otero propón a nota que merece a tese e analiza o seu contido. Ben, pois, a cousa é unha delicia e agarimosa sensación que o investigador ten poucas veces. Un achado dun texto inédito, non publicado, que nos reflicte o carácter humano e académico do seu autor. A súa honradez como persoa e mestre, ata como home que aconsella a súa alumna. Transmite as súas teorías e conceptos xeográficos. E ademais nótase a súa dedicación e amor pola ensinanza da xeografía na súa Facultade.

Logo, vemos que Otero salienta o rigor, a claridade, unha orde sistemática e unha expresión axeitada. E que é un texto traballado con método que reflicte unha experiencia vital. Dunha primeira lectura despréndese o coñecemento directo da horta. E que se logrou unha expresión formal ordenada segundo as normas da vida campesiña.


Fíxose un estudo do carro e os trebellos da labranza sen caer na Etnografía. Hai series xeolóxicas históricas realizada con fino tacto.

Di Otero que é función do xeógrafo inscribir con sentido temporal e información o devalar xeolóxico nos seus lentos ciclos de erosión e acumulación, cousa que fai a licenciada. O xeógrafo debe facer unha síntese dos factores “actuais”. Estudiáronse as terrazas do Miño, e as estruturas de conexión coas serras. Fixéron-se series meteorolóxicas e de distribución da riqueza.

Así queda a interpretación do territorio da comarca tudense cun estudo que é difícil superar, tendo os métodos e as informacións que se teñen. Traballouse en arquivos para descubrir a paisaxe e a historia da comarca. Pois todo ámbito xeográfico obtén plena satisfacción como conxunto de ritmos. Os naturais e os humanos. E o bo xeógrafo terá que recibilos e ordenalos. E ese é o triunfo da autora da tese.

A tese ten un só defecto, pero non por culpa da licenciada; falta a ribeira portuguesa. A tese é digna dunha elevada cualificación. Pois, dinos Otero, que tan so colaborou con indicacións xerais.

A continuación, as imaxes das paxinas descubertas:



Informe del ponente

1.

§ § § § § § § §

Como ponente o director de la tesis presentada por la Uto
la Gloria Blanca Prieto para obtener el grado doctoral en
nuestra Facultad, debo intentar una síntesis de los rum-
bos y ejes esenciales del trabajo, un juicio de sus desen-
volvimientos y tal vez una justificación total o segun
secciones de su contenido. Lo que se llama un informe. Su
len considerarse el rigor, la claridad, el orden sistemá-
tico con la expresión apurada y aun concisa, mas, que
excelencias condiciones fundamentales de las obras
de escritos. Creo en la virtud convincente de las obras
trabajadas con método en torno a un fuerte y vital
vivencia. Ellas mismas se imponen al juicio. Ya sintien-
do la tesis que tengo, el honor de aprobarla. Ya sintien-
do en este caso es fácil. Se desprende de la primera lec-
tura. Como la piel de un foveo fruto o su reflejo
en el espejo del agua expresan la forma - y nada
mas y nada menos - del bello don del fuerte. Ya co-
marca de Tuy significa el fuerte terminal o en
otro orden de imágenes la rama última y mas ri-
ca del Uto. Y la graduando con aplicado estudio
que no cede su sentido delicado de la bellera, lo-
gró una expresión formal, ordenada segun las
propias normas de la vida, de la realidad geo-
gráfica de la comarca tuluense.

Uto quien tal vez se extrañará de la minuciosa
latitud concedida al carro y a los apuros de la
laboriosa y pensará haber caído la autora
en la tentación, gustosa, no difícil de cumplir
y muy a la moda, de la Etnografía. Puede ser
que no falte quien considere indigestos los
terminos y series puramente geológicas o en
otro sentido de las dimensiones temporales
la perspectiva histórica con fino tacto mscite.
La por la Sr Prieto. Soy por naturaleza contra-
rio a las síntesis precipitadas. Un en el caso de

no ser conscientemente fraudulentas, engañan, adormecen, producen una falsa tranquilidad. Muchos libros de sociología, de historia, de geografía, no digamos muchos prólogos de libros y recensiones de revistas, están tejidos floja y aparatasamente con tales precipitadas y elegantes síntesis... En el escrito motivo de estas líneas, en cualquier ensayo, por leve que sea de pura índole geográfica, la síntesis falsa suena menos que la iluminación de una verbena en el caluroso y profundo palpitante de la noche campesina. La interpretación geográfica - de un país, de un paisaje de corto o largo radio - ensaya siempre una síntesis de factores "actuales". Puede ser actualidad de un día, de una estación, de un determinado "tiempo". Para la suprema facultad poética, es si angelica basta la actualidad de un instante expresada en el acorde de un verso. En todo caso se trata de ambientaciones de tiempos diferentes. Función del geógrafo es inscribir con sentido y justamente en nuestro tiempo actual del XX central o más precisamente - es cuestión de fijura y remitiendo tanto como de información - en un año o en unos meros determinados, el suceder geológico con sus lentos ciclos de erosión y acumulación y el apasionado y harta drama. tico en el fondo silencio del trabajo, la rutina y la esperanza de las artes campesinas lento y precioso fruto de la experiencia, perfil de una lucha y polémica con la inercia y el desorden. La Sra Puato tenía que atender a los niveles de las terrazas del río o de la estructura y conexión de los montes respondiendo a la misma exigencia del carro recular también agente de erosión y factor estético inconsciente como tuvo que ocuparse de las series meteorológicas y de la circulación de la riqueza. Incluso de la abstracta y desencarnada riqueza bancaria. Son necesarias condiciones de Proteo para el gobierno del rebaño

de lo variado e imprevisto de los hechos geográficos. 3
Creo que la comarca tudense ha logrado gracias al
sostenido y entusiasta esfuerzo de la Udo de Gloria
Blanca Prieto una interpretación difícilmente supe-
rable en el estado actual de nuestros métodos e in-
formaciones. Trabajó en los archivos, supo descubrir
las matizaciones del paisaje, de la rica y variada
historia de una comarca excepcionales por su posi-
ción, desdiciendo embiciones inútiles, aisla los in-
formes y noticias que pueden ayudar a la expli-
cación de formas del pasado no desvanecidas. Al-
gunas como ecos melancólicos o humanísticos
abundan el paisaje geográfico. Llegado a este pun-
to no vacilo en recomendar como todo ámbito geo-
gráfico solo puede obtener satisfacción como con-
junto de ritmos. Naturales y humanos. El don
y sentido del buen geógrafo será percibirlos y
ordenarlos. 7 creo, sinceramente, en el triunfo
inicial aun en esta difícil coordinación de la
voluntad de la autora de este tesis.

Soy un profesor jubilado y no voy a detenerme
en minucias. Nuestra Facultad es estrictamente
de Ciencias del Espíritu. Urge las grandes, y re-
veras cosas. No es culpa de la autora el unico
defecto grave de mi tesis. No es olvido ni negli-
gencia mía el que una mitad del bello fruto
terminal del último, el sector portugués, no ten-
ga prosecución adecuada en este ensayo.

La Udo Prieto ha sido excelente colaboradora de la
Facultad. Derrospaña con éxito una difícil enre-
ñanza. Tanto el tema geográfico es difícil por la mul-
tiplicidad y confusión del flujo de los hechos y
procesos y no menos por la capciosa faci-
lidad de superficialidad. Creo que tales consideracio-
nes deben reforzarse en el tribunal la eviden-
te impresión de la lectura y discusión de es-

tas terís en el sentido de ser digna de una elevada calificación.

En estas situaciones y tratándose de graduados y ex-tutores de la categoría de la autora el galardón académico sirve de impulso y liga cada vez en la noble conciencia del deber cultural.

Esta es mi honrada opinión que suscribo con perfecta conciencia de mis obligaciones. Debiendo antes de hacerlo de contradecir las líneas iniciales del trabajo, porque, en la confección de sus capítulos bien trabajados, mi aportación de hechos concretos fue nula y solo de alguna indicación general, de la cita de algún viejo libro puesto vanagloriarme. Santiago de Compostela catorce de marzo de mil novecientos cuarenta y ocho,

Ramón Otero Pedrayo

BIBLIOGRAFÍA

ARIAS CHACHERO, Patricia, COSME ABOLLO, Nélida, ESTÉVEZ IGLESIAS, Adrián (eds.) (2021): *Polos camiños das horas. Epistolario Ricardo Carballo Calero e Ramón Otero Pedrayo*, Santiago de Compostela, Real Academia Galega.

BALIÑAS, Carlos (2017). "Don Ramón en el aula". *Revista Nudos*, diciembre.

OTERO PEDRAYO, Ramón (2005): *Cartas á Nai 1905-1950*, Vigo, Editorial Galaxia.

VV.AA. (1978): *Miscelánea de Geografía de Galicia en homenaje a Otero Pedrayo*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela.

APUNTAMENTOS SOBRE A OBRA HISTORIOGRÁFICA DE RAMÓN OTERO PEDRAYO

Pegerto SAAVEDRA

Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN: UNHA OBRA ESCRITA DESDE A HISTORIA

Acoutar e valorar a obra historiográfica de Otero Pedrayo non é tarefa doada, pois, como ten sinalado Ramón Villares (2008), case toda a súa inmensa publicística ou é historia propiamente dita ou está atravesada por ela. Chega con pensar nos estudos sobre a paisaxe, verdadeiramente novidosos para a época na que foron escritos, xa os anteriores a 1936, pero de modo especial o “Ensaio sobor da paisaxe galega”, de 1955. Na pluma vizosa do señor de Trasalba a paisaxe é, ao mesmo tempo, unha realidade xeográfica, un produto histórico, unha percepción e vivencia colectiva e individual, emotiva e profunda, e unha manifestación da identidade de Galicia na condición de arquivo do traballo de sucesivas xeracións e mostra da unión cósmica entre a natureza e o campesiñado, que se poñía de relevo durante o ano no decorrer acompasado das estacións, que el sentía antes de que chegasen, e dos traballos agrarios que se sucedían coma ciclos litúrxicos, pois na repetición, non poucas veces unha “rutina progresista”, estaba o fundamento do saber labrego.

Por iso entende que no estudo da paisaxe é preciso prestar atención aos feitos xeográficos, biofísicos e humanos que dan forma a superficie da terra, pero tamén aos aspectos perceptivos e subxectivos, de tipo cultural, e polo mesmo cambiantes co tempo, que outorgan ao espazo un sentido concreto para os que viven nel, que recoñecen nos seus trazos a súa historia comunal, da que é un verdadeiro resumo. Neste aspecto presta atención ás estruturas territoriais cas que os veciños se identificaban, comezando polas parroquias e as aldeas, sen esquecer os camiños e mesmo os traballos agrarios e en xeral todo o que facía da paisaxe, ou territorio construído ao longo de séculos, un espazo de vivencias e relacións colectivas, un mundo familiar que daba sentido á vida das xeracións que o ocuparan e modelaran desde o fondo dos tempos (García Álvarez, 2005; López Sánchez, 2008).

Otero sabe, a fin de contas, que a paisaxe ten unha parte de realidade obxectiva e outra perceptiva e cultural, que foi mudando máis ou menos segundo as comarcas, durante os séculos. Para referirse a este último proceso gustaba da expresión “tona histórica” e do verbo “devalar”, ou sexa, a paisaxe como natureza modelada polos efectos da acción antrópica sobre o territorio, tal como sinala no traballo citado, e penso

que fundamental, de 1955 cando trata do significado de “devalar”: «fermosa verba, chea de lus no tempo, dona da intuición das cousas xurdindo e seucedéndose no tempo (...). A historia, un devalar. E na paisaxe, en calquera paisaxe, con podentes ritmos ou apenas con ecoares e lembranzas, todo o devalar conxunto, único, cheo de paixón da Nosa Terra» (Otero 1955). E para destacar a relevancia da tona histórica ou os resultados da acción antrópica na paisaxe sinala:

De ningún xeito podemos teorizar arredor da paisaxe natural da Nosa Terra. Foi máis que domeado, humanizado o bosque. No ermo pódense enxergar ou roínas ou espranzas e aforros. Se non pode enxamáis espreitare a loita- a loita ou o apaixonado amor e achegamento que nalgúns estaxes amosra os esgrevios fíos da loita- como rematada. O problema levado por cada labrego, por cada xeración, é de harmonizar, de entender. Dise dun bon paisano de terras de pan, de terras de viño, que entende o seu eido. Con coñecemento e amor críanse, estase criando, a tona histórica da Galiza sofocada na xeórxica en ritmos e tempos en degraus dispostos, dende as estivadas das serras deica as prazas e torres de Compostela. (Otero 2009).

Nun traballo aparecido cando xa morrera, na revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* dos anos 1976-77, pero asinado en Trasalba o venres santo de 1969, escribe con unha fermosa prosa poética:

Contemplad en la ladera de la montaña la herida de la cantera recién abierta: apenas unas pocas horas dura el blanco casi astral de la roca inédita. En seguida el beso del aire lo vuelve leve gris. Ha pasado al reino de la luz, al reino de la historia donde se desenvuelven las formas del paisaje, las geológicas, las vitales, las humanas. Llamaremos historia o históricas a las últimas (...). Una adhesión de raíz, amor y recuerdo del hombre a la tierra por el hombre elevada a una trascendental categoría, vuelven más prolijo y rico de temáticas el “suceder” en el paisaje gallego. El término en su acepción bergsoniana nos parece irremplazable... (Otero 1976-77).

Dedicou tamén nos seus romances e obra breve páxinas memorables aos traballos agrarios, que non se reducían a simples faenas materiais, e á vida pacega, guiada polo compás das sazóns e das colleitas:

O labrego antigo descoñecía o aburrimiento (...). Pois na aldea, no traballo e no folgo, un tempo decorre e ven outro e ningún privado da súa siñificanza. Os traballos leviáns ou rexos cómprense en familia ou con outra xente, e sempre xerarquizados según unha organización na que cada ún ten o seu papel, e loce o do xefe da casa como o dun patriarca (...). Opérase con bens de Deus e non hai pensamento ou fala valeiras. Alentan no eido, e no arboredo, no carreto e na destrouza númenes anterigos, agasalleiros ou perigosos, e os santiños do tempo e máis o consello ilustre dos anterigos (...). Cando opera toda a casa ou todo o lugar, o traballo adquire a mensura ou a composición dunha obra escenificada. Como na malla, na sega, na vendima e outras desenroladas e compridas por homes, mulleres e nenos. A muller (...) desenrola todas as tarefas adeprendidas pola tradición e acompasadas nunha ordenación cósmica ao xiro do día, do mes, das sazóns. (Otero 1983: 161-162).

Percibiu claramente que moitas faenas eran ao mesmo tempo traballo, desafío, competición, e festa.. E no que toca ao ritmo da vida dos pazos, materia que tanto frecuentou, sinala, por exemplo, que «os froitos chegaban ó seu tempo, mainamente, en ciclos litúrxicos, seguindo o decorrer das sazóns. No setembro cobraban as rendas de pan. O largo de moitos días, as riolas de carros, de bestas e de xente, cruzaban polos lugares carregando as fanegas de limpo centeo (...). En Santos a trasfega e cobranza das rendas de viño, acabazado ou non... » (Otero 1983)

Por outra banda, nos seus romances históricos Otero Pedrayo conta a decadencia, ao longo do século XIX e comezo do XX, dun grupo social que no XVIII compartira hexemonía cos mosteiros: os fidalgos de pazo. Se Emilia Pardo Bazán tratou de crear personaxes individuais, destacando as súas características psicolóxicas particulares, (nomeadamente en *Los pazos de Ulloa* e na súa continuadora, *La madre naturaleza*), o patriarca de Trasalba non esquece as individualidades, pero sobre todo quere dar conta dos cambios que afectan profundamente á historia de Galicia, aos señores da terra, mais tamén aos labregos (Villares, 1982 e 2008), e puido facelo porque tiña un coñecemento histórico, por información e por memoria familiar, moi superior ao de dona Emilia, o que lle permite tratar cos debidos matices as realidades sociais, sinalando, por exemplo, que os vinculeiros que moran en Compostela e nos pazos da costa teñen unha civilidade superior á de aqueles que viven nos lugares de Ourense, estes si caracterizados – igual que o protagonista de *Los pazos de Ulloa* –, segundo escribiu Luis Domínguez Castro en *A fidalguía na sociedade do século XIX*:

Pola súa rudeza, raiana na brutalidade (...); pola súa afección montaraz pola caza e pola carne (...); polas súas escasas luces para os estudos (...); pola súa valentía, lindeira na temeridade (...); pola súa xenerosidade, reflectida na definición oteriana do perfecto fidalgo: ten mesa farta, bodega franca, bolsa aberta (...); pola súa dignidade na adversidade (...); pola súa disipación tan ben narrada naquelas partidas de don Xohán nas que se poden ilustrar dous séculos de historia española coas pezas de ouro que vai perdendo; e pola súa acendrada relixiosidade... (Domínguez Castro 1997).

Os vinculeiros que de modo individual retrata Otero representan, polo tanto, un grupo social no seu día dominante, e que conforme avanza o século XIX vai sendo vencido polos “castellanos”, unha nova burguesía que comeza a “colonizar” as cidades e vilas galegas desde a segunda metade do XVIII, que procede da terra de Campos, da Maragatería, do bispado de Calahorra (os “cameranos”), de Cataluña e do País Vasco, como teñen documentado polo miúdo Antonio Meijide Pardo, Luis Alonso Álvarez, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xoán Carmona, acreditando deste xeito a veracidade histórica das páxinas do historiador ourensán.

Agora ben, hai que reparar en que a os protagonistas, de por exemplo, *Os camiños da vida* e *O fidalgo* tam pouco representan a todos os “señores da terra”, senón a aqueles que se mantiveron máis tempo morando nas súas residencias rurais, que polo común non eran nin os máis ricos nin os máis cultos, aínda que don Xohán si tiña patrimonio: catro pazos, curatos de presentación..., e estudos. Desde tempos recuados, moitas estirpes, principiando polas que percibían unha maior cantidade de rendas, pola agregación de morgados, foron asentándose nas poboacións urbanas, comezando pola cidade de Santiago, ocupando de xeito habitual postos na administración, ben fose na milicia ou noutros empregos, un proceso que se acentúa no XIX conforme o liberalismo abre a oportunidade de facer carreiras máis atraentes cás que podía ofrecer unha igrexa entón empobrecida pola desamortización e a supresión do décimo (Saavedra 2009).

Non é preciso lembrar que o declive da fidalguía é o argumento desa peza soberbia, que é a un tempo narrativa e teatro: *O fidalgo*, e na que don Xohán, un neno que nacera no Ribeiro contra 1830 e coñecera a fartura da vida pacega, cando os cachicáns, xornaleiros e capeláns, facían un “circo respeitoso” arredor de su pai nas adegas cheas de pipas centenarias con panzas disformes, remata escuramente os seus días no alvorecer do século XX en Compostela, como modesto funcionario, despois dunha vida algo disipada e viciosa: «No

cimiterio, a lousa humilde de don Xohán, modesto funcionario xubilado, está asombrada polo moimento de mármore do prestamista. En sete parroquias da Galicia, aínda o sol do serán bica, ó morrer, sete alciprestes que de neno don Xohán axudara a plantar» (Otero, 1983). Fervoso e melancólico parágrafo, co que Otero dá cabo ao seu relato.

2. OS ARTIGOS E A SÍNTESE HISTÓRICA DO SÉCULO XVIII EN GALICIA.

Neste breve texto vou ocuparme da obra propiamente historiográfica que, principalmente sobre o Antigo Réxime, escribiu Otero Pedrayo desde mediados do XX. Da anterior xa trata, con máis coñecemento, Ramón Villares. Polo tanto, aínda que o cite puntualmente, queda fóra da miña observación o *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, un libro publicado por primeira vez en 1933 e que eu considero extraordinario pola interpretación que fai desde a historia da Arte e das ideas do percurso histórico de Galicia, á marxe de que conteña afirmacións e hipóteses coas que hoxe non resulta doado concordar. A fin de contas, o que fai interesante e fecundo un libro non son os datos que acumula senón as ideas que achega, e este libro contén moitas. Tampouco prestarei atención a textos que tratan da historia contemporánea, entre eles algunhas biografías coñecidas (as de Varela de Montes e Marcelo Macías, e os esbozos das de Fontán e Bedoya).

As publicacións que podemos encadrar de xeito específico no campo da historia, de acordo cos criterios expostos, son diversos artigos que saíron en diferentes revistas, e mesmo en xornais, e dous libros: a *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia*, aparecido en 1969, e *El padre Feijoo. Su vida, doctrina e influencias*, impreso en 1972 polo Instituto de Estudios Orensano “Padre Feijoo”, pero que se trata dun texto que gañara en 1964 o concurso convocado en Ourense para celebrar o segundo centenario da morte do bieito nado no pazo de Casdemiro. Pola súa entidade, esta obra merece un comentario á parte, que con todo agora será provisional, polas razóns que se dirán.

Os artigos da autoría de Otero saíron publicados, na súa maior parte, na revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, e ocasionalmente no *Museo de Pontevedra* e no *Boletín da Real Academia Galega*. Habería que mencionar aínda as colaboracións no xornal *La Región*, reunidas en 2018 por Maribel Outeriño nunha colección titulada *Del Orense antiguo*. Dos traballos que redactou para a primeira revista, que suman 29, á parte de dous anexos, se contamos tamén os de historia contemporánea, merecen sen dúbida ser citados os titulados: *Ensayo sobre la desamortización eclesiástica en tierras de Orense* (CEG, X, fasc. 30) e *Evolución de la doctrina sobre el foro* (CEG, 1958, vol. XIII, fasc. 39). No primeiro informa da data na que foron postas á venda as rendas, sen ocuparse dos compradores, e destaca a importancia que tivo o proceso, inclusive para a mentalidade dos labregos:

El sentido que para el gallego guarda y reserva la tierra se refleja en las luchas por su dominio. Lo jurídico y procesal envuelven para el gallego su sentimiento. No es el afán de pleitos, ni la avaricia de tierra, ni otros motivos semejantes los inspiradores de determinadas actividades del gallego, sobre todo del campesino. Se le enjuicia en este rumbo con muy escaso fundamento. Lucha, demanda, utiliza por amor a la tierra en la que considera proyectada y afirma su personalidad. La valoriza en medida y dimensión de espíritu... (Outeriño 2008: 89-90).

No segundo dá por suposta esta relación dos labregos coa terra e na actualidade pode considerarse, pola época na que apareceu, unha achega de interese para o coñecemento da conflitividade arredor do foro. Seguindo o camiño aberto por Murguía, Otero demostra coñecer ben as obras de comentaristas acreditados, como Caldas Pereira, García Gallego — ou García de Saavedra, pai e fillo —, Salgado Somoza e o marqués de Mos, quen en realidade asinaría o Memorial redactado polo xesuíta Araújo, e tamén textos menores pero moi importantes na polémica foral do século XVIII, caso do titulado *Suspiros de un aflijido*, dun dos ditames do Colexio de Avogados da Real Audiencia e dos alegatos do Reino (Xunta do Reino) e dos monacais *La natural razón* e o *Manifiesto legal*, e aínda outro memorial do Reino de 1789, e considera -con Murguía- que a real provisión de 11 de maio de 1763, que freaba os chamados “despojos”, evitou unha “revolución terrible y sangrienta” dos labregos, ao manter un statu quo que, non obstante, non resolvía o fondo do problema, pois deixaba o foro nunha situación na que non era nin temporal nin perpetuo, cousa que o convertía, en palabras de Ramón Villares, nunha “metáfora de Galicia” (Villares 1997; Villares e Díaz-Castroverde 1997). Otero decátase ben, en resumo, dos intereses da fidalguía na loita pola renovación forzosa dos foros, pero tamén da situación da grave conflitividade social espallada polo mundo rural, motivada pola oposición dos labregos á política dos mosteiros, algo que a historiografía actual ten acreditado (Saavedra 2021). No libro *Síntesis histórica* retomará o substancial do contido do artigo. Hai que mencionar tamén, entre as publicacións en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, porque amosa o seu interese antigo polo padre Feijóo, o artigo de 1950 (fasc. 15), “*Información y sentir del P. Feijóo sobre el primer escrito célebre de Rousseau*”, que máis adiante volverei citar.

Unha das súas últimas colaboracións en *Cuadernos de Estudios Gallegos* é o traballo de 1972 “*Sobre el padre Sarmiento*”, publicado no monográfico que co que a revista conmemorou o segundo centenario da morte do bieito pontevedrés, e que trata da relación deste e o padre Feijoo. Ao ano seguinte faría unha necrolóxica de Fermín Bouza, “*Fermín Bouza, no lembrar*”, e no volume-homenaxe que a revista lle dedicou en 1976-77, os responsables incluíron o seu traballo xa citado “*Temáticas y estilos del paisaje...*”. Outras achegas son moi breves, publicadas na sección de miscelánea (“La polémica sobre los diezmos en Galicia a principios del siglo XIX”, fasc. 32; “Algunas notas sobre la economía de Orense y su provincia”, 1960, XV, fasc. 45; “Producción y comercio de lino y lienzo”, 1961, XVI, fasc. 48; e “Notas para la historia de la encomienda de la Batundeira”, 1961, XVI, fasc. 49), namentres un artigo de 1951 aparecido na revista *Museo de Pontevedra* trata do patrimonio dos cabaleiros da San Xoán (“Bienes y derechos de los caballeros sanjuanistas en tierra del Morrazo y villa de Pontevedra” e outro publicado no *Boletín da Real Academia Galega* de 1956 (vol. 27, conmemorativo dos primeiros cincuenta anos da institución) xa se sitúa paso á Idade Contemporánea, pois está dedicado ao xefe carlista Mateo Guillade “Algunhas lembranzas e notas da primeira guerra carlista na Galiza e do xefe tradicionalista Mateo Guillade” (sobre a época contemporánea poderíanse engadir outras colaboracións en *Cuadernos de Estudios Gallegos*: “La reposición del antiguo régimen en Orense, en 1823”, 1953, fasc. 21; “Una carta sobre los últimos días de Porlier...”, 1954, fas. 29; “Sobre los últimos tiempos de la Comisión de Diputado General del Reino de Galicia”, 1957, fasc. 36).

As publicacións de Otero Pedrayo na revista do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, e tamén a súa biografía do médico Varela de Montes, aparecida en 1952 coma anexo VII de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, e xa en 1946 a colaboración no Anexo I, dedicado ao seu admirado Fontán, é unha proba máis do

capital intelectual que os membros do vello Seminario de Estudos Galegos achegaron á nova institución que realmente o substituíu, aínda que o señor de Trasalba tardou un tempo en entrar nela, e desde logo nunca a considerou herdeira do Seminario, como puxo de manifesto nos sucesivos testamentos e na dirección do magno e patriótico proxecto da *Historia de Galiza* ideado no exilio arxentino -Castelao, Puente...- no canto de participar no alternativo que Sánchez Cantón e Filgueira Valverde querían botar a andar no Sarmiento (Mato 2001/ Villares 2021-2022).

Quedou sinalado que en moitos textos literarios Otero serviuse da súa poderosa memoria histórica, conformada por lembranzas familiares e de amigos e por lecturas de obras antigas, acervo que lle permitiu achegarse ao pasado para evocalo ou recrealo con un método intuitivo. En troques, a *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia* (Vigo, Galaxia, 1969) semella de primeiras unha obra que se podería cualificar de académica, con abundantes notas e bibliografía específica para cada capítulo, e con consideración atinadas sobre a necesidade de facer traballo de arquivo: «Non teñen sido traballados a rego os arquivos galegos, nin os fondos galegos dos Arquivos Nacionais e outros de fora da Galiza (...). Hai aínda na Galiza arquivos en desamparo. Non tiveron a sorte do moi rico da Facenda de Ourense ben ordenado polo erudito D. Xesús Ferro Couselo (...). O arquivo histórico ourensán trocouse nun dos millores e onde con millores froitos se pode traballar, da Galiza» (Otero 1969). Levaba sen dúbida razón na época na que escribía.

Pero o libro tampouco deixa de ter moito de ensaio e de evocación de tempos, modos de vida e acontecementos dos que gustaba, sabedor dos diferentes cambios que trouxera consigo o liberalismo, como el mesmo o declara:

Os país dos que temos nado no findar do XIX aínda alentaban naquíl trocamento e miraban noutra orella temporal as institucións, os costumes, o acento do “antigo réxime”. Nosas aboas (...) dicían “outro tempo” dun xeito entre melancólico e respeitoso (...) Poden hoxe vivírense aspectos e composicións do XVIII: algunha vendima en ribeira lonxáa, a rúa Nova de Compostela nalgúns horas e soles e choivas cando non estranaría o alcontro co chanfre Gondar e o maestrescola Ullóa parolando baixo os soportás ca compañía respeitosa dos seus fámulos. É preguiciero o camiñar da língoa... (Otero 1969:11-12).

O século XVIII é para Otero unha das épocas máis felices, no plano cultural e social, da historia de Galicia, como xa declarara no *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, ao tratar do “solpor barroco”, ou “poniente barroco” na edición orixinal:

Titulamos simbólicamente este capítulo “un poniente barroco”, por el sol maduro de tarde que en las artes, en el pensamiento, en el estilo general de vida, alumbra las creaciones del siglo XVIII (...). El siglo compacto, entero, cortado íntegramente como un pedazo grave del tiempo y de pensamiento cubrió a Galicia benignamente en conjunto, y en tal quietud el espíritu gallego dio su nota rica, armoniosa, plena de la originalidad, redondamente madura para el mundo, semejante y paralela en fuerza y plenitud a la céltica prerromana y a la románica. (Otero 1930).

Pois, engade, o barroco non é outra cousa que o espírito da terra e da raza, como poñen de manifesto moitos traballos de artesáns, a disposición da carga dun carro “en masas de equilibrio inestable y sujetas a un canon estético particular”, as maneiras teatrais de acometer as tarefas agrarias e outras actividades colectivas. O que no final de contas fixeron os grandes arquitectos Domingo de Andrade, Fernando de Casas, Simón Rodríguez e os Sarela consistiu en dar forma ao sentir estético do país:

Ellos manejaron enormes masas de piedra, ordenándolas de un modo sencillo, sin la larga meditación técnica, dejándose de llevar por el íntimo impulso gallego: el máximo equilibrio hermanado con la máxima gracia y expresión vital. La que pudiéramos llamar escolástica del arte a la moda les imponía modelos que ellos esquivaban o vitalizaban con el alegre dominio que da el sentir racial (...). Instrumentaron, en grande, en colosal, el tema y la inspiración de la aldea tomando solo del estilo las leyes de estática y equilibrio que aseguran a sus poderosas construcciones de montañas labradas por la erosión y trepadas por la vida de los bosques. (Otero 2020).

Algúns historiadores da Arquitectura dos séculos XVII e XVIII, como Antonio Bonet Correa e ultimamente Alfredo Vigo Trasancos, admiten una parte desas ideas oterianas, para explicar a singularidade do barroco galego.

Na *Síntesis histórica*, escrita case corenta anos despois, Otero non se aparta desa visión do século XVIII:

Enxergado en rodopío o século XVIII siñifica conforme a os eixes mestres, algo ben feito, ben rematado, podente e tranquílo, unha calma madurez: o ordeado mundo do pazo, a dispaciosa sucesión dos tempos do agro, o bon arranxo urbán, a fondura e gradacións da cortesía. Medra esta impresión pola comparanza cos trocamentos e ritmo e as inquedanzas e dúbidas do primeiro XIX. Remanece de semellante calma forza o xusgar de moitos espíritos que chegan a entranar na enturia do Obradoiro o millor zume galego. Deixa de ser “época” pra figurar intemporal”. Podemos imaxinar a Galicia de Prisciliano, dos Suevos, dos feudais e de Fonseca, “pro a vivencia de acarón da lareira histórica soio, coidamos nós, na estaxe de hoxe no inquérito, pode ser atinxida no románico e no XVIII (...). Chégase a unha máis nidia concordancia da forma ideal e as feituraas históricas. (Otero 1930: 12).

Non é polo tanto casualidade que, de acordo con este enfoque, as “formas escollidas” para descubrir o “espírito do século” sexan os discursos da época e a arquitectura: «Requintados sermós e estatuas irmánanse ás veces envoltos en pompas de naus, cráustros, fachadas. O senso histórico do tempo é con forza e gloria vivido en vibradoira e gozosa grandeza polo arquitecto» (Xosé Ramón Barreiro 2001). Otero, guiado polo “intuicionismo bergsonianos foxe da abstracción e dos esquemas, que non valen para entender “as formas vitais”. O que significa que o autor está na práctica alonxado das novidades que entón notaba a investigación histórica, co cultivo da historia económica e da demografía, en particular baixo a influencia francesa, en prexuízo da historia política e cultural. Ben é certo que na Universidade de Santiago este cambio, impulsado no tocante ao Antigo Réxime por Antonio Eiras, estaba nos seus comezos e entón non aínda dera froitos sazonados, e Otero levaba unha década xubilado, non tiña por que estar ao tanto das modas e en resumidas contas a súa especialidade como catedrático de Universidade era a xeografía física. A Historia é para el, antes de nada, unha vocación, unha actividade necesaria para entender Galicia e o mundo, e non tanto unha obriga académica. Iso dáballo, felizmente, unha grande liberdade á hora de escribir.

É certo que valora os “metódicos estudos” de Antonio Meijide, varios deles citados, en particular no capítulo dedicado á economía. Pero inclusive este extenso apartado está elaborado basicamente a partir de fontes da época, das que moito gustaba e que coñecía ben, como proba que utilizase, á parte de autores que escribiron sobre problemas xerais da España do XVIII, os principais ilustrados galegos: Pedro Antonio Sánchez, Sarmiento, Feijoo, Somoza de Monsoriu, Cornide, Labrada..., e en cambio non menciona a obra de Luis Miguel Enciso sobre as fábricas de mantelería da Coruña, de 1963, como tampouco, ao tratar das institucións, o libro *Juntas del Reino de Galicia*, de Enrique Fernández Villamil, de 1962. Tamén cómpre reparar en que, na *Síntesis histórica*, se aprecia un certo descoido, tal vez debido ás premuras de tempo, por exemplo nas formas de citar as obras, en particular na bibliografía final, e mesmo no vocabulario.

O continuo recurso aos textos da época, co engadido en ocasións de obras de historia local e de autores “clásicos” como Murguía o López Ferreiro, caracteriza o conxunto dun libro no que Otero amosa o seu propósito, e a súa capacidade, por entender desde dentro o espírito a época e o percorrer do tempo, demorándose nos temas polos que tiña querenza. Dedicar, por exemplo, páxinas fermosas e evocadoras á vida aldea:

Pouca terra como a galega, hastra o derradeiro copelo tén sido de tal xeito estudada xurídica e procesalmente. Nos pergameos e papés de foros, prorrates, memoriales, inventarios, recursos, “hijuelas”, durmen ademáis de infindas novelas, niveles, hourizontes enteiros de historia. Vida e horas de aldeas e eidos (...). Nomes, descendencia, alcumes, demarcacións, topónimos, érguense, responden, ordéanse en perspectivas pra que os seipa evocar. É dicir, enfeitizar. A raíz e o torrón lentreto da seara, ou a terra enxoiada, xa case cinza humán do cemiterio, tén nos estratos dos arquivos seus posibres afloramentos (...). Garda a aldea o senso do tempo humán, histórico, de tradición, de continuidade. Dan pena, ás veces, as roínas dun castelo, ósos dun longo fracaso ó ar. Mais as dun lugar aldeán firen como unha inxustiza, como o pecado descontra a cósmica e tenra asociación do home a natureza. (Otero 1969).

A estas alturas do tempo, Otero decátase de que tamén as aldeas estaban ameazadas polos cambios que comezaban a acelerarse, como recorda no traballo “*A aldea no seu decorrer histórico*”, aparecido en 1965 no número 8 (1965) da revista *Grial*, aínda que ao tempo non deixa de reparar na súa fortaleza histórica: «Son as aldeas, entidades de máina e fonda historia. As décadas son ben pouco pra mordiscar os eixes e as rodas do carro de xeneracións campesías de camiñar acompasado polo devalar das sazoas labregas. Os séculos roldan o nó campesio, como as correntes dun río un rexo penedo» (Otero 1965).

Se non participa das novas correntes historiográficas, como quedou indicado, sen pretendelo adiántase a algunhas na actualidade en vigor. Quero dicir que fontes editadas do século XVIII por el moi utilizadas son hoxe materia fundamental para estudosos da historia e da historia da Arte. Refírome, en concreto, ás oracións fúnebres imprentadas entón e a textos tocantes a festas e a outras cerimoniais e polémicas, como as ocasionadas polo padroado e voto de Santiago, polo xubileo ou por liortas de actos protocolarios. É doado comprobalo no capítulo xa mencionado “A metáfora da lus e espello do tempo pasado, formas escoollidas polo espírito...”, e principalmente no que trata da Eirexa e máis a vida relixiosa. Neste, valéndose dos documentos citados, ocúpase da personalidade de arcebispos e bispos, no caso da diocese de Santiago de modo particular de Monroy, que mandou construír na catedral a coñecida capela do Pilar, onde se enterrou e que «ó igual que Fonseca, é merecente de alcuñar co seu nome a súa época», de Barlomeu de Raxoi: «o pontificado “maestoso” de Raxoi semella pola súa gravidade e fartura o verdadeiramente derradeiro do

Antigo Réxime». Este xurista, nado nas terras eumesas, «foi estimado polo papa Bieito XIV, lexista e tolerante, polo rei xusto e pacífico Fernando VI, polo P. M. Feixóo. Pode ser espreitado como perfecta síntesis de calma mediocridá. Pro encarna o seu século».

Recoñece tamén a relevancia social, e mesmo cultural nalgúns casos, dos cóngos de Compostela:

No coro da basílica compostelán locen no século de Raxoi testas autoritarias, estudosas, mundanas. E non fallan as ascéticas. Alternan grandes fidalgos, non pouco engaiolados polo xentil vivir de Roma e Italia, e figuras enxebres de fondas raigañas labregas baixo a lei e podente soma da Eirexa. Sin un recordo dos cónegos apostólicos admirados, envexados, combatidos, ficaría mermado calquer intento de consideración do XVIII galego. O cráustro da catedral, cemiterio de capitulares, é a máis rica escolma da heráldica de aquí – e outros-tempos (...) Sóan entre os coengos memorados dun ditoso avencellamento romano-compostelán no decorrer dos vivires rícales, requintados, gostosos do luxo litúrxico, da erudición e fina sociedade o chanfre Gondar, o leitoral Montes Pereira /por Piñeiro/, o mestrescola Ulloa. Semellan nos gustos príncipes eleitores do Rín ou soberanos eclesiásticos do Tirol. (Otero 1969).

Unha ducia de prebendados chegaron a bispos, aínda que un dos que tiña máis letras, don Antonio de Páramo e Somoza, de familia fidalga co antigo solar na parroquia luguesa de Vilabade, morreu en 1784 sen tomar posesión da mitra de Lugo. O seu compañeiro de corporación Pedro Antonio Sánchez ponderará na oración fúnebre a valencia intelectual do finado: «¿cuánto no acreditan su nombre esa librería escogida, esa colección de pinturas preciosas, ese rico monetario, finalmente ese gabinete de historia natural tan copioso?» (Pedro Antonio Sánchez)

Considera, ademais, atinadamente, que no XVIII os mosteiros acadan o seu apoxeo: «Foi o XVIII o século dos cheos outonos monásticos madurecidos nas obras de arte e proveito, nos estudos e nos traballos de varós eruditos. Non hai mosteiro nin priorato que no erga calmas e podentes arquitecturas, ordée tempos de craustros, chante e coide carballeiras, esculpa fontes, se gabe de bibliotecas e de monxes estudosos, conservadores amantes dos arquivos». Namentres florece tamén a vida nos pazos: «Gostoso o sol aínda folga dinantes se deitare nos carreiros de buxos e nas solainas finamente orceladas dos pazos». (Otero 1969)

E finalmente, no capítulo que vimos considerando, non esquece facer uns apuntamentos acertados sobre a relixiosidade dos labregos, que os poderes eclesiástico e civil trataron entón de purificar, pois entendían que nas crenzas e prácticas de tipo colectivo había moito de paganismo e de idolatría, aínda que curas e bispos non chegasen a afirmar que os campesiños galegos eran “idólatras bautizados”, segundo a declaración dun reitor parroquial francés, escrita en 1700:

O vivir relixioso, fondo e variado nas manifestacións populares, xenuinamente barroco nas grandes composicións e pompas das romaxes, non deixou de ser enxergado con coidado e desconfianza pola Eirexa, e pola Xustiza Civil. Recelábase a Eirexa do perigo de agromadas seródias da paganía e dos panforreos de van e idolátrica piedade. Teimaba o Estado estabrecere esquemas de seriedade e razón, asegún as correntes do tempo, antípodas do maxinar trunfante das romaxes. Tanto foron coutados os fiadeiros como as procisións de disciplinantes (...). Non era unha Tebaida Galiza. Algús ensoaron facéla, e houbo algúns intres e paisaxes dinos dos fondos dos primitivos pintores de Florencia e Siena. O verdecer do elemento pagán, o senso da beleza e troula da vida e o humorismo céltigo –podémolo chamar “merliniano” fixeron, contra o que os estranos en xeneral pensan, ben difizle a autoridade do clero e a “cura” das almas. (Reitor Parroquial 1700)

3. O LIBRO EL PADRE FEIJÓO. SU DOCTRINA, VIDA E INFLUENCIAS.

Esta é sen dúbida unha “obra maior”, fundamental na produción historiográfica de Otero Pedrayo, e tivo que ocuparlle moitas horas, pois non só leu demoradamente o *Teatro crítico*, as *Cartas eruditas* e outros escritos menores do bieito, senón que podemos dicir que tamén consultou boa parte dos libros que en vida leu o biografiado. De feito, no texto Otero acredita a súa cultura case enciclopédica, pois transita con naturalidade da historia á historia da arte, da filosofía, da música, da lingüística ou da medicina, para explicar e situar na época, de modo competente, a gran variedade de problemas tratados polo Padre Mestre.

A investigación resultou gañadora do concurso convocado en Ourense en 1964 para celebrar o II Centenario da morte de Feijóo, e o fallo do xurado tivo lugar o 24 de setembro de ese ano, acordando por unanimidade os seus membros premiar en primeiro lugar o texto presentado baixo o lema «cuando a mis solas contemplo su corazón y su inteligencia, su saber con su carácter, sus talentos con sus virtudes, siéntome tentado -¿por qué no decirlo?- a poner al hombre por encima del sabio» (Marcelo Matías 1887) parágrafo que corresponde ao sermón, “elogio”, que don Marcelo Macías, tamén admirado por Otero, pronunciara na catedral de Ourense o 9 de setembro de 1887. Formaron o xurado relevantes e coñecidos catedráticos de universidade: Francisco Sánchez Cantón, Santiago Montero Díaz, Luis Sánchez Agesta e Luis Sánchez Granjel.

Tendo en conta a entidade da obra, parece claro que Otero comezou a preparala moito antes de 1964, aínda que neste momento non estou en condicións de ofrecer as necesarias precisións ao respecto. Si debo recordar que en 1950 publicara en *Cuadernos de Estudios Gallegos* unha breve nota, no apartado de “miscelánea”, baixo o rubro de “Información y sentir del P. Feijóo sobre el primer escrito célebre de Rousseau”, na que comenta a carta XVIII do tomo IV das *Cartas eruditas*, titulada “Impúgnase a un temerario que a la cuestión propuesta por la Academia de Dijon con premio al que la resolviese con más acierto “Si la ciencia conduce o se opone a la práctica de la virtud”; en una Disertación pretendió ser más favorable a la virtud la ignorancia que la ciencia”. Para a súa crítica, Feijóo basease na información fragmentaria aparecida nas “Memorias de Trevoux” de 1951, e Otero lamenta que non lese o orixinal de Rousseau, autor que Feijóo non cita, aínda que nas “Memorias de Trevoux” aparecía. O interese desta curta publicación de Otero radica en que acredita que entón para el Feijoo era un autor familiar. E seguiu traballando sobre el, pois nunha carta asinada o día de san Miguel de setembro de 1957 a Arturo Ardao, grande experto uruguaio na obra de Feijoo, dicíalle que tiña escrito un texto inédito de 2000 cuartillas (Ardao 1997: 147).

Para valorar de xeito adecuado as achegas que representa a investigación oteriana hai que tomar en consideración o estado no se atopaban os coñecementos sobre Feijóo na altura de 1960, e mesmo as contribucións que logo se viñeron facendo ata hoxe, que permiten considerar os contidos que non perderon actualidade e aqueles que tiveron que ser revisados de resultados dos novos estudos. No último capítulo do seu magno libro Otero ocúpase, con grande competencia, da valoración da obra de Feijóo desde fins do XVIII e das publicacións que sobre o bieito foron saíndo e o contexto político e cultural no que xorden, a consideración de Feijoo como afrancesado durante as primeiras décadas do XIX, a súa progresiva rehabilitación despois do trunfo da revolución liberal; a súa reivindicación desde 1898, etc. Presta particular atención ao certame de Ourense de 1876 e aos actos celebrados en 1887 con motivo da inauguración da estatua, un

acontecemento multitudinario. Otero non deixa de loar o texto de Emilia Pardo Bazán, gañadora do certame, e a oración ou eloxio de don Marcelo Macías, entre outras cousas porque destacaban a ortodoxia de Feijóo fronte á impiedade de Voltaire.

Non cabe dúbida, polo tanto, de que estaba ben informado da bibliografía sobre o Padre Mestre anterior a 1960, xa se trata de investigación ou de ensaio: Maraño, ao que admira; Azorín; Canellas; Salinas; Millares; D'Ors; Montero Díaz; Ardao; Delpy; Galino; son autores citados, xunto con outros que publicaron tanto en francés como en alemán e inglés, linguas que coñecía. Sinala tamén que en 1954 se creara na Universidade de Oviedo a Cátedra de Feijóo, que comezou a publicar uns cadernos "*Cuadernos de la Cátedra de Feijóo*", só uns poucos dedicados ao bieito antes de 1964, e que Otero coñece: o núm. 1, que trata de evolución da súa sona, obra de Maraño (1955); o 4, sobre o tratamento de Lope de Vega en Feijóo, de Joaquín de Entrambasaguas (1956); o 5, sobre a significación cultural de Feijóo, de Fernando Lázaro Carreter (1957); e o 11 sobre as ideas de Feijóo e Sarmiento sobre os estudos, da autoría de Francisco Sánchez Cantón (1961).

Para celebrar o II Centenario da morte de Feijóo a Universidade de Oviedo, por iniciativa da mencionada Cátedra, acordou organizar o Simposio "El padre Feijoo y su siglo", celebrado en 1964; como tamén a cidade de Ourense e o mosteiro de Samos tiñan os seus proxectos, creouse en Madrid un Patronato Nacional para coordinar todo, aínda que respectou o programa presentado por cada institución. As Actas do Simposio de Oviedo apareceron en 1966, no núm. 18 dos *Cuadernos de la Cátedra de Feijóo*, en 3 volumes. Segundo declaran os organizadores, os dous grandes expertos que había entón en Feijóo, eran Gregorio Maraño, autor da coñecida obra *Ideas biológicas del padre Feijoo* (1934) e o francés Gabriel Delpy, que investigara sobre influencia dos xesuítas galos na obra de Feijóo "*Bibliographie des sources françaises de Feijóo, e L'Espagne et l'esprit europeo en l'oeuvre de Feijóo, 1936*" lector das "Memorias de Trevoux", que lle proporcionaban información sobre libros de actualidade, algúns publicados en inglés, lingua que descoñecía o bieito, como é sabido. Á parte deles quedaba o grande estudoso da Ilustración española, o tamén francés Jean Sarrailh, falecido pouco antes da celebración do Simposio. Significativamente, Otero, non aparece na lista de autoridades sobre Feijóo.

En resumidas contas, para facer un xuízo modo competente das achegas de Otero hai que partir do estado de coñecementos sobre Feijóo á altura de 1960, pois moi poucas obras cita posteriores a ese ano, e está claro que non puido aproveitar o Simposio de 1964, no que non participou, polo menos como poñente ou comunicante (si o fixo o profesor Xesús Alonso Montero, con un texto sobre Feijóo e Curros). En todo caso, o libro do patriarca de Trasalba ten unha entidade moi superior as actas da reunión de Oviedo, entre outras razóns porque acomete un estudo global da obra do biografiado. Desde entón as cousas cambiaron bastante, tamén a nivel institucional. A Cátedra ovetense deu orixe en 1970-72 a un Centro de Estudios del Siglo XVIII, convertido en 1987 en Instituto Feijoo de Estudios del Siglo XVIII, que na actualidade está publicando as obras completas do bieito, baixo a dirección de Inmacuda Urzainqui. En Ourense, a Deputación creou en xaneiro de 1972 o Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo", e tomou como primeiro acordo, en febreiro dese ano, editar a obra de Otero premiada en 1964, e que saíu imprentada, polo mesmo, no II centenario da morte do grande compañeiro de Feijóo, o padre Sarmiento. A institución editou logo outros libros,

algúns tamén sobre o padre Feijóo — o seu pensamento xurídico e musical, da autoría, respectivamente, de Sebastián Martínez Risco e Antonio Martínez Moreno —.

As diferenzas entre Feijóo e o valenciano Gregorio Mayáns, moi debatidas nos últimos anos, non son descoñecidas por Otero, que as trata en diversas ocasións, aínda que a comezos da década de 1960 non apareceran as investigación de Antonio Mestre, que dedicou a súa vida ao estudo do segundo a á edición do seu compendioso epistolario formado por unhas 30.000 cartas. Otero cualifica a Mayáns, penso que con acerto, de humanista e erudito, aínda que na actualidade a polémica sobre entidade e orixinalidade das achegas de un e outro continúan, e nalgún traballo Mestre ironiza sobre a suposta condición de ilustrado de Feijoo (pon entre aspas o adxectivo, nun artigo de 2011). Claro que Otero coñecía ben o que don Marcelino Menéndez Pelayo escribira na *Historia de los heterodoxos españoles*, comparando aos dous caporais das letras dos dous primeiros terzos do XVIII, entendo que moi atinadamente. A Mayáns, di o polígrafo santanderino, pode chamárselle grande:

No tanto por el ingenio cuanto por la sana crítica y la indomada y fecunda laboriosidad. Era en todo un español de la antigua cepa, amantísimo de las glorias de su tierra, incansable en sacar a luz o reproducir de nuevo por la estampa las obras de nuestros teólogos y filósofos, jurisconsultos, humanistas, historiadores y poetas (...). Él aspiró a reanudar en todo la cadena de la ciencia patria, siendo sus esfuerzos en pro de nuestra cultura todavía más simpáticos que los del P. Feijoo, porque son más castizos. (Menéndez Pelayo 1987).

De Feijoo, afirma, non sen certa retranca:

Peregrinó incansable por todos los campos de la humana mente, pasó sin esfuerzo de lo más encumbrado a lo más humilde y, firme en los principios fundamentales, especuló ingeniosa y vagamente de muchas cosas, divulgó verdades peregrinas, impugnó errores del vulgo y errores de los sabios. Y fue, más que filósofo, pensador, escritor de revistas o de ensayos a la inglesa. No quiero hacerle la afrenta de llamarle periodista, aunque algo de eso tiene en sus peores momentos, sobre todo por el abandono del estilo y la copia de galicismos. (Menéndez Pelayo 1987: 367-368 e 376).

O señor de Trasalba declara que non sabe moi ben que quer dicir Menéndez Pelayo cando cualifica a Mayáns de máis “castizo” que Feijoo; coido que o que quere dar a entender é que lle parece que o traballo do primeiro está ancorado na tradición cultural española, como estudoso e editor de obras antigas, en definitiva, como humanista e erudito elitista que mira sobre todo ao pasado para restaurar as boas letras, namentres o proxecto cultural que lidera Feijóo é moito máis aberto, moderno e acomodado a liña oficial do reformismo sostido pola monarquía e os seus principais ministros. Mayáns e o seu círculo valenciano censuraron, sobre todo en cartas e en publicación estranxeiras, o bieito, sinalando que non pasaba de ser un divulgador de memorias de academias, “polianteas” e “florilegios”, e que tiña éxito porque os seus lectores estaban pouco informados. Noutro lugar, Otero aclara que Menéndez Pelayo considera a Mayáns máis “españolista” que Feijóo, *no leva toda a razón*.

Otero afirma que a obra de Feijóo é persoal, e hoxe sabemos que responde a un proxecto -escollido entre varios posibles- da propia orde bieita, un tanto aristocrática e con certa apertura cultural desde fins do XVII, cando comezaron a difundirse os traballos dos monxes de Saint Germain-des-Prés (Montfaucon, Mobillon). No propio prólogo ao tomo II do *Teatro crítico* o autor recoñece esta condición comunitaria, por dicilo así, dun proxecto que lle fora encomendado polos superiores da Congregación beneditina. Tamén sabemos, en particular polos estudos de Joaquín Álvarez Barrientos, que Sarmiento tivo, sobre todo no *Teatro*, un papel moi por riba do de simple corrector, tal como entendemos hoxe ese traballo, de modo que en moitas ocasións habería que consideralo coautor. E, finalmente, hoxe ninguén pon en dúbida que Feijóo non foi, nin moito menos, alleo a política, pois o programa cultural que defende é, como quedou sinalado, o do reformismo oficial. Un programa de vía media, que escapa ao mesmo tempo “de la tenaz adherencia a las máximas antiguas” e da “indiscreta adhesión a las doctrinas nuevas”; aquí radica “el nudo de toda la política cultural de Feijoo, ya que a la postre es en este terreno donde se mueve toda la obra del beneditino, oscilante entre un cauteloso rechazo de la tradición del barroco español y un reconocimiento a medias de los valores de la moderna cultura europea”, ou «una tarea pedagógica limitada: enseñar a sus contemporáneos a vivir y pensar sin andaderas pueriles ni quebradizas certezas; a abandonar la inflexibilidad dogmática y la manía de acogerse a autoridades para sacar conclusiones apodícticas» (Stiffoni 1985/ Sánchez Blanco 1999).

Non profundou nalgúns destes problemas, pero non deixa de ser significativo que cualifique a miúdo ao Padre Mestre de “borbónico”, é dicir de portavoz do reformismo oficial, e que cando estuda, con demora, a época e o proceso de edición do *Teatro crítico* e das *Cartas eruditas* preste atención demorada ás dedicatorias dos diferentes volumes e á identidade das persoas que asinan as necesarias aprobacións ou censuras para a edición de cada un. Comproba así o apoio da orde beneditina a obra de Feijoo, así como o de outros relixiosos de peso, nomeadamente xesuítas, de ministros e mesmo de membros da casa real, aos que dedica cada volume, en ocasións para reparar supostos agravios, caso do enfado que parece que provocou no príncipe Carlos, futuro Carlos III, ao que visitará en Madrid en 1728, o discurso sobre o “Mapa intelectual y cotejo de las naciones”. Todo isto é estudado hoxe con lupa, para coñecer o “Feijóo político”, e os problemas e conflitos que tivo, pero é evidente que o señor de Trasalba era consciente do valor dos chamados “paratextos”, pois en caso contrario non lles prestaría a atención. E o mesmo cabe dicir das polémicas e oposicións que suscitaron o *Teatro* e as *Cartas*, en particular a primeira obra, pois analiza o contido de numerosos textos, e valora se responde a unha opinión persoal ou máis ben á de grupos organizados arredor de portavoces como Mañer, Soto Marne ou Mayáns. Das abundantes polémicas ocasionadas polos primeiros tomos do Teatro di que o único froito de interese que queda é a *Demonstración* de Sarmiento: os tertulios que operaban arredor da Biblioteca Real, aos que daba voz Mañer quedaron vencidos “por la portería de San Martín, é dicir por Sarmiento, una potencia terrible”.

Como intelectual católico, condición fundamental que destacou Quintana Garrido, Otero goza lendo os textos de Feijoo, cos que en xeral concorda plenamente, como se pode comprobar ao longo de toda a obra. Poderíase argüír que no fondo se contenta con comentar os textos do bieito; certo que fai isto, pero explica as fontes do seu pensamento e polo mesmo o contexto cultural no que nacen os seus escritos; non polemiza co biografiado porque en boa medida se identifica con el e procura respectar o seu pensamento. Por iso,

cando chega ao último capítulo e se ocupa da clasificación temática da obra de Feijoo e da súa valoración posterior declara que se atopa algo orfo: «Las cuartillas finales ya no tendrán en conjunto la incomparable recompensa de la compañía del Padre Maestro. La hemos sentido presencia viva, contradictoria algunas veces, nunca fatigosa ni pedantesca, sencilla, interesante, afectuosa». Non cabe dúbida de que o señor de Trasalba gozou lendo a Feijóo e escribindo sobre el, e como quedou dito, intelectualmente está moito máis cerca do biografiado que de Voltaire, por exemplo, e non aforra loanzas para as solucións que dentro da ortodoxia atopa para resolver problemas complexos, ou para non apurar a crítica cuestionando tradicións asentadas, caso da predicación de Santiago, que sí negou Mayáns, pero en cartas privadas. Cautelas que non libraron ao Padre Mestre de críticas e desgustos, como as que sufriu, atacado pola poderosa e organizada orde franciscana cando desmontou o suposto milagre das flores de San Luis do Monte. Significativamente, un dos máis claros reparos que Otero fai ao contido de certos discursos está motivado pola crítica de Feijóo aos supostos perigos do amor ou pasión excesiva pola patria local, “nacionismo”, no texto “Amor a la patria y pasión nacional”: «Si a veces exagera en su desprecio y temor -más lo segundo que los primero- a las que considera limitaciones locales, no será incorrecto percibir en tal actitud una consecuencia tal vez forzada pero no legítima de su credo de la unidad y responsabilidad del género humana» (Feijóo 1729). Certas afirmacións parécenlle desafortunadas e algún comentarios inclusive “inadmisibles”, aínda que entende que veñen motivados polo concepto igualitario que ten da especie humana o Padre Mestre: «Es el sentido de la gran familia humana, de su dignidad, del imborrable sello impreso en ella por la revelación primitiva, de la esperanza de que vuelvan a la confesión verdadera para que nacieron los hombres. Por él concede en Teología moral todo lo posible, dentro de su estricta ortodoxia, a los infieles y a los no bautizados incluso» (Feijóo 1729: 573-574). Unha maneira elegante de desculpar ao amigo que defendía como única patria lexítima unha España uniforme en leis fronte a “nación barroca”, por algo Campomanes, unha vez morto Feijoo, prologou a edición completa das súas obras.

En resumo, Otero sabe, e sobre todo non esquece, que Feijoo é antes de nada un monxe, que leu na Universidade de Oviedo Teoloxía en varias cátedras, a última a de Prima de Santo Tomé, a máis prestixiosa e lucida da Facultade, o que acredita a súa condición de tomista, e de aristotélico na versión do doutor Anxélico, e tamén de moralista, pois na moral está o fundamento das súa actitude diante dos problemas que trata. Despois de teólogo, o bieito é escritor. Por iso cando remata co estudo da biografía, desde as orixes familiares, os avatares da publicación das obras e logo a morte, e emprende a análise do do contido do *Teatro* e as *Cartas*, agrupando a temática por grandes bloques, o primeiro leva xustamente por título “El alto e inmovilble alcázar”, que non é outro que a Sagrada Escritura, onde se atopa o verdadeiro alicerce de todo. Aínda que non sempre o declare, concorda neste, e noutros puntos, con Menéndez Pelayo, quen consideraba a Feijóo un apoloxista católico:

Más gloria mereció el P. Feijoo en la impugnación de milagrerías y embustes so capa de religión. Tenía derecho a hacerlo, puesto que era creyente de veras y juzgaba extremos igualmente viciosos la nimia incredulidad y la incredulidad proterva (...). Empezaban a correr de mano en mano los libros de Francia, y era urgente, dejando a salvo el arca santa, barrer las escorias que impedían el acceso a ella y hacían tropezar a los incrédulos (...). Parece que en los últimos tomos de sus Cartas erutidas crece la atención a las cuestiones éticas, sociales y religiosas, al revés del Teatro crítico, donde la filosofía natural predomina. Llegaba a él un sordo mugido de las olas que en Francia comenzaban a levantarse... (Menéndez Pelayo: 383-384).

Non atopa incompatibilidade de ningún tipo entre o monxe exemplar e o ilustrado; ao revés, o Padre Feijoo representa exemplarmente a verdadeira Ilustración: “Se ha tachado de antipatriota al que puso al servicio de la ilustración -en el sentido completo y no parcial del siglo XVIII- de su patria todo el esfuerzo de su mente, el que escribió en lengua vulgar cuando las altas obras del espíritu reclamaban todavía la nobleza del latín” (páx. 575). Pode discutirse a posición de Otero, pero penso que é máis coherente que algúns autores actuais, que ou ben fan unha lectura basicamente secular de Feijoo, ou afirman que a súa condición de eclesiástico o inhabilita *a radice* para ser un ilustrado. Entre os primeiros podemos citar a Francisco Sánchez-Blanco, grande valedor do bieito: “Evidentemente, toda esa enseñanza que Feijóo imparte en sus discursos está relacionada con la vida presente, con la ciudad terrena. Es una forma de secularización del pensamiento, sin estridencias antirreligiosas o polémicas. La misma focalización hacia la condición humana la podemos ver cuando de forma suave anuncia su intención de enseñar a dudar a los compatriotas, y con ello a hacerlos menos intransigentes; o cuando les aconseja que se apliquen a descubrir las causas naturales de lo que observan y se dejen de esoterismos. Feijoo trata de sustituir en sus lectores el hábito cotidiano de creer lo que les han dicho padres y maestros o de seguir opiniones del vulgo, que provienen más del tumulto que de la reflexión, por el análisis desapasionado y el examen atento. El se propone también cambiar la seguridad dogmática por el temor a que el interlocutor pueda tener razón”. Este mesmo autor censura ao filósofo Eduardo Subirats e ao seu grupo, para os que Feijóo foi un mal seguidor de Bacon, por no compartir con este o obxectivo de destruír por completo a metafísica: «lo que hizo el benedictino — escriben na revista *Crisis & Crítica* — fue más bien mutilar la crítica antimetafísica que subyace en el empirismo de Bacon. Primero transformó la nueva filosofía inductiva en un espectáculo público. A continuación le amputó su dimensión crítica, paralizó su voluntad reformadora y ahogó su concepto secular de civilización» (Crisis y Crítica 2002). En resumo, para os segundos Feijóo cometeu o tremendo pecado de ser monxe: «el fraile Feijoo no fue, según ellos, suficientemente rebelde ni provocativo y, para su actual vergüenza, utilizó muchas expresiones de respeto y obediencia a las instancias eclesiásticas de su tiempo”, e para eles tería a obriga de amosar “una rebeldía como se la puede permitir hoy un profesor en una hora de clase a la semana” (2016: 105-106).

Está claro que Feijóo non se librou de polémicas, nin en vida nin despois, ate a actualidade. Otero coñece ben as anteriores a 1960, pero, como quedou indicado, el non ten dúbida da condición ortodoxa e ao mesmo tempo ilustrada do Padre Mestre. Nas materias opinables o bieito amosou a súa devoción por Bacon, por Boyle, e por Newton, e en xeral polos científicos ingleses, e máis cautelosamente por Descartes na versión de Malebranche. Na que se pode considerar segunda parte do libro, Otero agrupa de xeito coherente e estuda en diferentes capítulos os temas tratados polo bieito tanto no Teatro como nas Cartas. É certo que non se demora nalgúns discursos que nos últimos anos foron moi analizados, comezando polo dedicado á defensa das mulleres, pero non se esquece de sinalar que Feijoo defendía a igualdade das persoas á marxe das razas e que a xustiza social é unha preocupación constante dos seus escritos, pois a moral impregna todos os seus textos.

A profundidade da análise do pensamento do Padre Mestre que realiza queda de manifesto nos diversos capítulos do libro que veño comentando, que supoñen un notable esforzo para considerar no seu conxunto textos de materias moi variadas. Só a xeito de exemplo citarei o IX, titulado “*De conscribenda historia*”. Nel

non se limita a considerar o coñecido discurso “Reflexiones sobre la Historia”, como aínda fan hoxe algúns estudiosos, senón que estuda as fontes do pensamento do Padre Mestre, desde Aristóteles e Bacon (“Aristóteles y Bacón son para Feijóo dos amistades y como muchas amistades enraizadas y entrañadas dos angustias y dos perennes fuentes de valor y consuelo...”), os historiadores clásicos grecolatinos e outros contemporáneos ou pouco anteriores (Mariana, Solís, Bossuet, Fleury, Mabillon, Florez, Berganza..., ou o propio Voltaire, do que coñeceu a Vida de Carlos XII), e logo analiza non só o discurso mencionado, senón todos aqueles textos nos que Feijoo aborda cuestións históricas (“Glorias de España”, “Amor a la Patria y Pasión Nacional”; paralelos entre Carlos XII e Alejandro Magno e entre Luis IV e Pedro I de Rusia ...).

Para rematar este comentario, moi provisional, do libro de Ramón Otero Pedrayo hai que lembrar aínda que nel non se esquece de tratar temas en principio colaterais ao argumento central: por exemplo, as paisaxes que percorreu o Padre Mestre, aínda que nos seus escritos este non lles prestase atención: os arredores de Casdemiro, as terras tan diferentes andadas en viaxes desde este pazo a Ourense, Allariz, Ribas de Sil, Samos, Lárez e Poio, Oviedo, o Madrid de 1728... E tamén a vida nos pazos. Case todo Otero está neste grande libro.

Las moradas, desvanecida la dureza guerrera, iban encendiendo en la solana, en el salón, en la capilla, los temas que el sol del último barroco había de dorar lentamente para que más tarde descubriera el Romanticismo las huellas de antiguas vidas calmas y nobles o enérgicas y sin freno. El “pazo” con sus órganos accesorios en apariencia, en verdad sus esenciales raíces en el campo, como los patios, la era, los huertos, forma sobre el vasto y profundo “humus” germinal de primaveras y tradiciones, un conjunto único y expresivo, y como el priorato y la iglesia exalta y afina los temas de la belleza y significación del mundo gallego (...). De niño, Feijóo, era llevado por el padre, carácter grave y abierto a la inteligencia y la belleza, por diversas tierras gallegas. De “pazo” en “pazo”, de rectoral en rectoral, de sala en sala de parientes y amigos pudo conocer diversos ambientes. (Otero 1930: 433).

BIBLIOGRAFÍA

(non se mencionan as obras de Ramón Otero Pedrayo, xa citadas no texto):

ÁLVAREZ BARRIENTOS, Joaquín (2016): “Para la historia de una amistad: Feijoo (1676-1764) y Sarmiento (1695-1772)”, en *Con la razón y la experiencia. Feijoo 250 años después*, Oviedo, Trea.

ÁLVAREZ BARRIENTOS, Joaquín (2019): “Benito Jerónimo Feijoo elabora su imagen como autor”, *Dieciocho: Hispanic enlightenment*, núm. 42.

ARDAO, Arturo (1997): *Lógica y metafísica en Feijoo*, Montevideo, Facultad de Humanidades/Centro de Estudios Gallegos.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2001): “Otero Pedrayo, historiador de Galicia”, en *Xornadas sobre Otero Pedrayo: actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en Ourense*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2001 (editado de novo en *Xosé Ramón Barreiro Fernández. Saber de nós*, Vigo, Galaxia/Fundación Otero Pedrayo, 2010).

DOMÍNGUEZ CASTRO, Luis (1997): “A fidalguía na sociedade do século XIX”, en *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. I A Historia*, vol. 2, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego.

GARCÍA ÁLVAREZ, Jacobo (2005): *Territorio, paisaje y nacionalismo. La construcción geográfica de la realidad gallega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

LÓPEZ SÁNDEZ, María (2008): *Paisaxe e nación: a creación discursiva do territorio*, Vigo, Galaxia.

MENÉNDEZ PELAYO, Marcelino (1987): *Historia de los heterodoxos españoles*, Madrid, BAC, vol II.

MESTRE SANCHÍS, Antonio (2011): “¿Hubo católicos ilustrados?. El caso de Gregorio Mayans”, *Estudis*, núm. 37.

MURGUÍA, Manuel (1882): *Estudios sobre la propiedad territorial en Galicia. El foro. Sus orígenes, su historia sus condiciones*, Santiago de Compostela, Imprenta del Seminario Conciliar.

OTERO PEDRAYO, Ramón (1970): *Arredor de si*, Vigo, Galaxia [1930]-

OTERO PEDRAYO, Ramón (1982): *Ensaio histórico sobre a cultura galega* (EH), Vigo, Galaxia [1933].

OTERO PEDRAYO, Ramón (1983): *Morte e resurrección* [1932], en *Obras selectas. Ensaíos*, edición de Carlos Baliñas, Vigo, Galaxia.

OTERO PEDRAYO, Ramón (2015): *Lembranzas do meu vivir. II. Os tempos da universidade. Madrid, 1904-1912*, Prefacio de Ramón Villares, Vigo, Galaxia.

OUTERIÑO, Maribel (ed. 2012): *Del Orense antiguo y otras colaboraciones: Ramón Otero Pedrayo en la Región*, Ourense, Deputación Provincial.

SAAVEDRA, Pegerto (2009): “La vida en los pazos gallegos: entre la civilidad y la rudeza”, *Chronica Nova*, núm. 35.

SAAVEDRA, Pegerto (2021): *La opulencia de los hijos de san Bernardo. El Císter en Galicia, c. 1480-1835*, Zaragoza, Pressas Universitarias de Zaragoza.

SÁNCHEZ-BLANCO, Francisco (1999): *La mentalidad ilustrada*, Madrid, Taurus.

SÁNCHEZ-BLANCO, Francisco (2016): “Feijoo y la Ilustración católica: dos posiciones recientes y una polémica en el pasado”, en *Con la razón y la experiencia. Feijoo 250 años después*, Oviedo, Ediciones Trea.

SEARA, Iago (2009): “Paisaxe é cultura, cultura é paisaxe”, limiar a Ramón Otero Pedrayo *et alii*, *Paisaxe e cultura*, Vigo, Fundación Otero Pedrayo.

STIFFONI, Giovanni (1985): “Intelectuales, sociedad y Estado”, en *Historia de España*, vol. II. *La época de los primeros Borbones. La cultura española entre el Barroco y la Ilustración (1680-1659)*, Madrid, Espasa-Calpe.

VILLARES, Ramón (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI.

VILLARES, Ramón (1997): “A provisión de 1763 revisitada”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, Santiago, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, vol. I.

VILLARES, Ramón (2008): “Las contribuciones de Ramón Otero Pedrayo a la Historia Agraria”, *Historia Agraria*, núm. 44.

VILLARES, Ramón (2018): *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*, Vigo, Xerais.

VILLARES, Ramón (2020): “Interpretar Galicia a través da cultura”, prefacio a Ramón Otero Pedrayo, *Ensaio histórico sobre la cultura gallega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

VILLARES, Ramón (2021): “Un abreinte raioso na historiografía galega”: a Historia de Galiza de Otero Pedrayo”, en Aquilino Iglesia Alvariño, *Da fonte máis fonda. Historia do vocabulario e outros escritos sobre o idioma galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

VILLARES, Ramón (2022): “Resurrección ou substitución”: do Seminario de Estudos Galegos ao Instituto “Padre Sarmiento”, en *Os traballos da vida. Estudos sobre o mundo rural. Séculos XVI-XIX*, Universidade de Santiago de Compostela.

VILLARES, Ramón / José Luis DÍAZ-CASTROVERDE (2007): *O conflito foral nos séculos XVII e XVIII*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

O NARRADOR OTERO PEDRAYO HOXE

Xosé M. Salgado

Universidade de Santiago de Compostela

Queremos que sexan as nosas primeiras palabras de hoxe para felicitar ao novo Presidente da *Fundación Otero Pedrayo*, Eduardo López Pereira, trasalbés coma don Ramón e un tanto priscilianista, como o foi tamén o antigo morador desta vivenda. Gardo un excelente recordo deste noso antigo profesor de latín nas aulas da vella universidade compostelá, nun tempo, no que a diferenza de hoxe, as lembranzas aínda non se sobrepuñan ás ilusións. Facemos así mesmo extensible o noso agradecemento, ó profesor Ramón Villares, á fronte agora do *Centro de Estudos Oterianos*, por ter pensado na nosa para esta xuntanza, limiar, agardamos, do arranque deste centro logo de abortadas tentativas para poñelo en marcha. É Villares o historiador ó que sempre acudimos na procura de calquera información relacionada con esta disciplina e sempre atopamos nel unha excelente disposición para satisfacer as nosas dúbidas amais de honrarnos coa súa amizade e consideración máis cordial.

Congratulámonos por outra banda, de estar non só neste templo sacro da palabra senón tamén por coincidi-la nosa estadía aquí, cunha época do ano moi querida para don Ramón, tempo próximo á noite de Nadal na que el cifraba o comezo do ano: noite estrelecida na que aquel home, respectado pola súa honradez, polo seu desinterese, pola dignidade da súa vida e a xenerosidade do seu corazón, semellaba escoita-las queixas da terra lañada polo lazo e cría percibir, con total nitidez, o renxer do portón que outrora anunciaba a chegada do pai ausente.

A razón desta convocatoria, ou así a entendemos, é a de facer unha posta en común das diferentes opinións daqueles que dun xeito ou doutro gastamos parte do noso tempo ó redor da figura e da obra de don Ramón, ó noso modo de ver, o grande intelectual da nación. E tratándose de quen se trata, chama poderosísimamente a atención que, a día de hoxe, non teñamos compilada a súa obra, un dos compromisos que coido se teñen que asumir nesta xuntanza.

É certo, como xa temos manifestado por escrito noutras ocasións, que o espallamento da obra oteriana constitúe unha eiva de maiúsculo calado á hora de abordar tarefa tan urxente como necesaria e neste senso, quizais esteamos agrilloados na arela dun imposible xa que a obra do ourensán, adscrita a diferentes rexistros idiomáticos, non o esquezamos, áchase dispersa en publicacións de diversa índole, dende revistas que mantiñan unha periodicidade estable ata outras de vida efémera e de mínima difusión e mesmo en medios tan diversos como poden se-los programas manuais de festa, folletos de propaganda comercial ou

opúsculos de calquera asociación cultural, relixiosa ou veciñal. E don Ramón estampou moitísimas veces tamén a súa sinatura, nun medio tan volátil e tan pouco duradeiro como é o xornal, algúns dos cales son hoxe de moi difícil acceso. O feito mesmo da propia dispersión da súa obra, suscita en nós un certo desacougo perante o descoñecemento dalgún texto que nos poida ilustrar sobre calquera cuestión e, sobre todo, como arriba manifestamos, un marcado e acentuado pesimismo no senso de que cremos que non vai ser tarefa doada reunir algún día a obra de Otero Pedrayo na súa totalidade pois o tesouriño máis ou menos valioso, pode agocharse no relanzo de calquera camiño, en certa medida transitable, mais pode ocultarse tamén no recuncho de calquera vieiro de carro ou na revolta dunha corredoira esquecida, o que contribúe á dificultade de atopalo. De tódolos xeitos, resulta incomprendible que non se teña intentado acometer nin tan sequera pensado nun hipotético proxecto de edición da obra completa do polígrafo ourensán, dono, obviamente, dunha inxente, ciclópea e versátil produción. A este respecto, quero traer aquí as palabras do profesor Carballo Calero, haxiógrafo, estudoso e incondicional admirador de don Ramón, deitadas pola súa pluma en vida do ourensán pero con plena vixencia nos tempos de hoxe e que nós subscribimos en toda a súa extensión:

A masa esmagadora dunha produción en grandísima parte dispersa, resístese invencibelmente á compilación. Unha galaxia tan acugulada de sustancia estelar resulta inabraguibel para a ollada humana. Temos que renunciar a poseer o tesouro na súa totalidade, e tallar, por aquí e por alá a carne obriza da nebulosa, para organizar unidades que podan ser razonabeis ouxetos de contemplación, axeitados á limitación dos nosos órgaos visuais. (Carballo 1973).

Por parte do profesor Ramón Villares recibímo-la encomenda de ocuparnos da narrativa ficcional de don Ramón e a iso nos imos cinxir; cómpre, con todo, significar, unha pequena consideración previa que me parece de capital importancia para achegármonos co maior proveito posible á obra escrita, e non só á obra de ficción de don Ramón. Otero Pedrayo decote se mostrou bastante escéptico respecto dos lindeiros entre os diferentes xéneros literarios «o derrubamento das fronteiras entre os xéneros literarios só proba a súa artificialidade», chegou a escribir nunha ocasión (Otero 1984: 276), de igual modo que aborrecía as taxonomías literarias que nalgunha ocasión mesmo chegaron, cremos nós, a provocarlle un irónico sorriso. Reparemos senón, no comentario que lle suscita a inclusión nunha determinada corrente literaria dun escritor, Camilo Castelo Branco, visitado por el con certa frecuencia: «Los historiadores de la literatura le clasifican como realista y luego se quedan tan tranquilos. Son como los naturalistas que disecan mariposas y flores y disfrutan de la vanidad dulce de haber captado el jardín y el vibrar inaprehensible de la primavera. Una gran poesía late en las prosas del escritor que en efecto se gloriaba de profesar el realismo» (Luís Peñanofre 1938: 7).

Vén ser feito manifestamente incontestable que a maior parte da actividade intelectual de Otero Pedrayo tivo a súa tradución na escrita, nunha inmensa e inxente cantidade de páxinas que configuran, en aguda percepción de Alonso Montero, unha obra oceánica (Alonso 2000: 41); esta obra ciclópea e monumental, que evidencia, obviamente, unha titánica capacidade de traballo, non é susceptible de asociala á precocidade de Otero como escritor, porque el foi un escritor serodio, un escritor maduro que vai chegar á escrita logo de fornecerse de lecturas e saberes de todo tipo –en moitos dos seus artigos lembraría con cariño e nostalgia

as lecturas dos seus anos de formación- e despois dun non pequeno período de pausada e meditada reflexión. E chegados a este punto, cremos que é xustiza pero non menos necesario, evoca-lo nome de Antón Lousada Diéguez, ideólogo e instigador de Otero Pedrayo, como tamén o foi, segundo recordaba Filgueira Valverde, doutros membros do Grupo Nós «Losada foi o autor, promotor da galegitude da Xeración “Nós” no grupo ourensán, e despois influíu moito no pontevedrés (...). Foi Lousada quen suxeriu a Castelao moitas das súas realizacións, como influíu en Risco, en Otero Pedrayo... lía, enroitava, aconsellaba, dicía este non é o camiño, este camiño pode ser bo» (Filgueira 1985: 61).

A pesar da ser moi temperá a súa fuxida polos labirintos da morte –falece 1929, ós 45 anos-, Lousada Diéguez, que proviña do agrarismo católico e que gozaba dun grande prestixio e predicamento no círculo das Irmandades da Fala, desenvolveu un entusiasta e frutífero labor de adoutramento a prol da causa galeguista, contándose entre os seus conversos, os homes do chamado “Cenáculo ourensán”, con Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas á súa fronte, ós que logrou convencer para que formalizasen o seu ingreso no galeguismo. Non é momento nin lugar para referírmonos ó labor proselitista de Lousada; se alguén está interesado neste seu proceder, remitímolo á espléndida semblanza que del deixou Otero nese impresionante monumento á ausencia que é *O libro dos amigos* (1953). Pero si é oportuno traer a colación un artigo seu, texto que, con toda probabilidade, xa tivera ocasión de expoñer *viva voce* ós receptores do seu estímulo e alento. Estámonos a referir a *Encol da prosa galega*, o seu Discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos, lido o 12 de maio de 1924, nas verbas preliminares do cal apunta o seguinte:

Non hai quen non seipa qu-a parola musicale, a literatura cancioneira vai sempre camiño adiante da prosa, e que esta da por feito un longo traballo de lingua y-é eispresión d-unha cultura. Escadasí a fala galega dempois da súa vida poética e do lume cultural do século XII debería ter unha axeitada prosa enxebre. Deixo ese estudo pr-os esbigoadores da historia da literatura galega. O conto é que hoxe síntese un valeiro qu-é perciso encher. (Lousada 1930: 2).

Otero Pedrayo vai recolle-la luva lanzada por Lousada e a teor da amplitude e diversidade de xéneros nos que se diversificou e que tiveron a súa canle de expresión na prosa, é evidente que cumpriu abondo coa encomenda do señor de Moldes, con brillantes e magníficos resultados. Pensamos que agora é momento de cederlle a palabra á profesora Rosario Álvarez, autora, ó noso entender, dun dos mellores estudos que se fixeron sobre a lingua de Otero Pedrayo. Vai ser tamén o antedito artigo de Lousada o que lle dea pé para face-las seguintes consideracións:

Mais non se trataba soamente de cubrir xéneros, senón de demostrar que o galego valía para tódolos temas, para tódalas ramas do saber científico e para tódalas temáticas posibles nas obras de creación. E tamén así se ve o labor de Otero, que contribúe abundantemente en tódolos campos do saber en que el podía facer aportacións e contribúe tamén nos da creación, con obras de diferente temática; mesmo de temática non galega, como Fra Vernerero. Pero contribúe, ademais, coas traducións. Creo que a súa tradución do *Ulysses*, ademais de demostra-lo europeísmo, o universalismo, dos intelectuais galeguistas, a súa apertura ó que se fai daquela no mundo sen pasar pola metrópole, etc., demostra claramente o seu desexo de deixar sentado que o galego é unha lingua madura abondo como para traducir a ela unha obra de creación inzada de dificultades de tipo técnico e lingüístico, absolutamente revolucionaria, feita noutra lingua de grandísima tradición literaria ..., e ademais aínda non traducida ó español (Rosario Álvarez 1988: 11-12).

Sen perder de vista o apuntado pola profesora Rosario Álvarez e pecando, quizais, de significar unha obviedade, cremos que é oportuno referirmonos ó feito do desleixo que sofren as culturas minoritarias, as culturas de países sen Estado e mesmo aquelas que viven nun Estado de seu pero que non superaron a súa condición de marxinalidade. A súa aportación ás outras culturas vén ser practicamente inexistente e así cremos que o entendeu don Ramón, cando, ó ser preguntado pola contribución de Galicia ás culturas do mundo, a súa resposta semella se-la tradución en palabras dun seu soño imposible, perfectamente asimilable a unha utopía da consolación: «Unha espresión á beira do morrer, unha certa arelanza do inmorrente e o máxico poder de salvar polo lirismo e o amor, as cousas do seu sino, concedéndolles unha figuranza de liberdade e de door» (Salvador Lorenzana 1955: 3).

A marxinalidade xa que logo, ten tódalas desvantaxes posibles ó tempo que condiciona os movementos internos e as formas desa cultura e, consecuentemente, a propia literatura, de aí que esta deba profundizar en si mesma e, naturalmente, recibir toda a información posible que veña de fóra, mais procurando evita-lo filtro da cultura colonizadora, idea que coincide co apuntado pola profesora Rosario Álvarez ó referirse á tradución do *Ulysses* joyceano por parte de Otero Pedrayo.

E se no sentir e no pensar de don Ramón, «Galiza ten dereito e obrigación a vivire no mundo e non debe ter medo ós aires de fóra. Mais pra vivir no mundo é preciso ter personalidade pra alternare c'as persoalidades de outros pobos e enriquecerse c'a súa relación. D'outro xeito non sería alternar e vivir sinón someterse e morrer»

(Otero Pedrayo 1929: 3), estaba claro que para el, como paso previo á construción dunha literatura de carácter nacional, era obrigado fuxir da *esclavitude*, da *imitanza*, da *servidume*, *desmadrileñizarse* –expresións estas moi frecuentes en Otero, en textos anteriores á guerra civil- e, como Méndez Ferrín plasmaría en verbas de lume, liberarse dos ritos e os mitos da España opresora» (Méndez Ferrín 1984: 43). Cumpridas estas premisas, é mester «informar en gallego el espíritu europeo, superar lo pintoresco y anecdótico para logo procurar facer algún aporte á cultura do mundo» (Eliseo Alonso 1979: 59) e, se é posible, obte-lo seu recoñecemento, unha idea que moveu ós que botaron a anda-la revista *Nós*, unidos todos polo «compromiso urxente de atopar un sitio para o galego na cultura universal» (Freixanes 1976: 33).

A fin de levar a cabo esta misión, Otero Pedrayo vai asumi-la responsabilidade que lle corresponde, volcándose cara ó ensaio, nas variadas temáticas que o xénero acubilla, e cara á narrativa de ficción –novela, novela curta e conto-, en especial cara á novela, xénero no que se sentía máis a gusto e que vinculaba á súa propia condición de escritor –«mis estudios y experiencias son de novelista, no de ensayista» (Otero Pedrayo 1949-1950: 296), confesará un Otero xa andado-, no que obtivo tamén, os seus maiores e mellores logros e que el consideraba así mesmo, coma un dos instrumentos máis axeitados para incidir, pedagoxicamente, sobre a vontade dun pobo que se anulara a si mesmo e que esquecera o sentido da súa propia personalidade. «Hace falta –suxeriría don Ramón respecto da novela- como lectura diaria de todos los gallegos. Lo mismo que la novela vulgar tan necesaria como el café o el periódico, como la novela superior» (Juan Carballeira 1930).

Coma creador de ficción, Otero Pedrayo botou a andar polos camiños da vida, un considerable e non menos relevante número de novelas, dotadas dunha forza literaria tan orixinal como escasa no panorama literario que lle foi contemporáneo, portadoras non só de espléndidas historias senón tamén de magníficos carac-

teres que obtiveron carta de cidadanía literaria inscribíndose nas súas páxinas. Cremos, sinceramente, que Otero é un dos mellores novelistas galegos do século que acaba de expirar así coma o grande renovador da prosa literaria galega xa que abriu un novo viero na vella tradición literaria da súa lingua, restaurando con paixón a música do idioma galego. «Dende Otero Pedrayo para aquí –confesa X. L. Méndez Ferrín, un dos seus discípulos nas aulas da universidade compostelá e brillante creador el mesmo-, a literatura galega estivo no seu tempo. Estivo na liña avanzada do seu tempo en canto a preocupacións intelectuais, en canto ó clima teórico que rodea á literatura e en canto á propia literatura en si mesma» (X. L. Méndez Ferrín 1989: 293). A este respecto, pensamos que *Devalar* (1935) é un elocuente exemplo do afán de innovación que preside a actitude e mailo quefacer de don Ramón, novela na que amosa a súa destreza no manexo dunhas técnicas narrativas en perfecta sincronía coa moderna evolución do xénero.

E antes de referírmonos á saúde da que goza a obra de Otero Pedrayo na actualidade–motivo fundamental que suscitan estas liñas-, permítasenos unha última reflexión sobre o quefacer literario do ourensán. Cómpre dicir, que poucas veces se prodigou don Ramón en manifestar a súa opinión respecto da súa propia obra, feito que, se por unha banda nos conduce cara ó lamento ó vernos privados dun elemento ancilar para a nosa propia interpretación da mesma, por outra nos afasta dun perigo bastante común cal é a concesión de credibilidade cega pola nosa parte, á valoración que un escritor concede á súa obra. Ó referirse á súa propia obra, calquera escritor está propoñendo, de forma inconsciente ou deliberada, unha interpretación da mesma; esa interpretación pode ser atinada, regular ou mala pero o caso é que, inevitablemente, coarta a liberdade interpretativa do lector, que é quen completa o libro. É evidente que sen lector non hai literatura pois o lector é un intérprete da obra, de aí a polisemia da mesma, aberta á interpretación dos seus destinatarios e que pode ser diferente para cada un deles, dependendo da súa bagaxe cultural e das súas propias experiencias. Aillado do lector, un libro é apenas letra morta e só cando o lector empeza a lelo, cando comeza a interpretalo, principia a opera-la maxia da literatura. Pois ben, Otero Pedrayo, como anos despois obsevaría Umberto Eco, procura *costruire il lettore*, vai na busca dun lector corresponsable co proceso creador, a quen se lle obriga a poñer en funcionamento tódalas súas competencias se quere gozar intelectualmente do que está a ler. Son moi interesantes todo este tipo de reflexións sobre o lector e a propia obra literaria, que Otero deixou rexistradas en publicacións como *Misión* ou *Arte y Letras. Santo y seña de la cultura*, páxinas que é mester recuperar, canto antes, mellor. Sirva hoxe como mostra, esta aguda e penetrante consideración que, sobre a obra de ficción e a súa relación co lector, deitou a súa pluma:

El artista quiere decir algo, contarnos mundos, vidas, experiencias, anhelos. No le gusta el magisterio del ensayo. Teme a las ideas descarnadas. Ama la vida y lo sorprendente de la vida. Quiere ofrecernos ese don a los demás. Su deseo sería que sufriésemos y gozásemos como el mismo sufre y goza al escribir. Un deseo demasiado ambicioso. Los lectores pueden cambiar la valoración de los caracteres de la novela. Amarán un episodio o un personaje secundarios. Lo que no significa un pequeño triunfo. Pues en conciencia el novelista solo pretende una cosa: interesar. Y cuanto más dispares y contradictorios entusiasmos suscite, mejor para el libro que marchará por el mundo como un barco lleno de gentes diversas que en cada escala suscitan diversos comentarios. (Antonio Monteagudo 1938: 6).

É evidente que hoxe todo vai demasiado ás presas e advertimos que algunhas obras literarias o mesmo que algunhas películas son coma de usar e tirar, sen que lle deámo-la oportunidade de que sedimenten na nosa memoria. O decorrer do tempo e a moda ditan o seu veredicto implacable, condenando a moitas desas ma-

nifestacións artísticas ó esquecemento. Chegados a este punto cabería preguntármonos, é Otero Pedrayo un autor perecedoiro? Está escurecido e asombrado por outros escritores? Quedou xa definitivamente a súa obra ó descoido do tempo? Facer cuestión da actualidade dun escritor falecido en 1976, como é o novelista Otero Pedrayo, é un exercicio estéril, amén de –e tamén por isto- absurdo. *Actual* é o autor que vive e publica as súas ficcións hoxe, a pesar de que estas poidan remitirnos a estéticas caducas. De igual modo, un autor do pasado ben pode, por razóns inversas, ser lido coma se fose actual, porque prefigura uns gustos ou uns sentimentos que son os do momento presente. Do autor actual que se nos antolla fóra do presente dicimos que está trasnoitado e un lector medianamente culto, adoita rexeitalo sen contemplacións; do autor inactual que se nos antolla actual adoitamos dicir que é un precursor e a obra destes autores, que non admitiría ser cualificada de actual pero que, paradoxalmente, nos atrae ou nos interesa polos acusados trazos da súa vencida actualidade, preséntasenos coma un testemuño fidedigno dunha corrente, unha tendencia, unha moda ou, en resumidas contas, unha época. O seu valor estriba xa que logo, na súa condición de documento. A teor do que acabamos de expoñer, cremos que, baixo esta concreta perspectiva moi ben se pode postula-la lectura da obra de Otero Pedrayo sen graves obxeccións.

Existe, por último, un feliz territorio, á marxe de calquera actualidade, que é o do autor ou o do texto imperecedeiros, expostos á reinterpretación de cada xeración histórica, incesantes produtores de sentido. Estamos perante o que consideramos unha obra clásica onde a relación entre o texto e o lector non se establece unicamente en virtude do reflexo dun momento histórico –sexa pasado ou sexa unha prefiguración do presente-, senón pola súa anovada provocación á intelixencia e fermosura. E Otero Pedrayo é un clásico na medida en que é un creador que pode asumir-la responsabilidade de simbolizar el só a Literatura –«Otero é um mundo, é toda umha literatura el só», escribiu Carballo Calero (Carballo 1990: 181)-, alguén a quen o lector lle pode encomenda-la tarefa de facer soar na súa obra as voces precedentes e de transmitir esa música persoal e á vez común ós que van vir despois. Neste senso, a súa narrativa nin é efémera nin ten data de caducidade.

O certo é que cada pouco xorden voces que publicitan a supresión dos clásicos no ensino porque, afirman, esas obras afastan ós adolescentes da lectura. O que se defende é que, para non perder lectores nesa fase crítica, cómpre proporcionar ós mozos textos que respondan ás súas inquiredanzas. O que suxiren –alimentada esta recomendación por unha pedagogía estúpida e que tanto dano esta a causar no ensino-, é que hai que proporcionarlles textos o máis próximos posibles ás súas vivencias. Así, e falo da miña propia experiencia coma ensinante, o nome de Otero Pedrayo, para moitos dos meus alumnos universitarios, resulta un nome valeiro de significación e para algúns, mesmo pode remitir ó dunha persoa descoñecida ou aínda non descuberta.

Certamente, os mozos necesitan obras literarias nas que poidan recoñecerse mais non é conveniente que se lles impida transitar, chegado o momento, por vieiros que levan a outros textos de calidade recoñecida e que lles van descubrir outro mundo ben diferente. En realidade, non son obxectivos incompatibles senon complementarios.

É evidente que as obras máis próximas a nós satisfacen os nosos gustos mais non nos abanean intelectualmente, non nos permiten ve-lo mundo doutra forma. Da lectura dunha grande obra, pensamos en *Arredor de si* (1930) ou en *Fra Venero* (1934), un debería saír transformado dalgunha maneira. A lectura dunha obra valiosa, da época que sexa, debería afectarnos dalgún xeito, non soamente facilitárno-lo entretemento. Así pois, o coñe-

cimento da narrativa de don Ramón, obríganos a un exercicio de empatía cal é o de tratar de comprende-la mentalidade da época na que esas obras foron creadas. Ese exercicio vainos permitir saír do noso eu, do noso mundo e das nosas limitacións para tratar de entender outras vidas, outros tempos, o que facilita adquirir distancia histórica, percibir que vivimos nun mundo inestable e cambiante, no que nada está asegurado.

Permítasenos unha pequena advertencia para o lector apresurado ou pouco reflexivo da novela de Otero Pedrayo. Un escritor, segundo a súa capacidade narrativa e os seu talento, sèrvese do que leu, do que maxina ou do que viviu e o propio Otero Pedrayo, amais de constata-la súa incapacidade para fabular á marxe dunha realidade, mediata ou inmediata que actúa como punto de arranque da ficción, recoñeceu a súa débeda literaria coa propia vida, transmutando en literatura o que acontece ó seu redor ou dentro de si, no seu interior, o que deriva en frecuentes correspondencias entre a súa experiencia vital e a súa traxectoria literaria. Pénsese nalgúnhas das súas novelas, como poden ser *Os camiños da vida* (1928), a citada *Arredor de si* ou *Adolescencia* (1944), ficcións de manifesta filiación biográfica ou autobiográfica, pois nelas proxéctanse feitos e experiencias do autor ou dos seus achegados, o que nos levaría a consideralas coma unha sorte de novelas en clave, desas que ofrecen cando menos o interese de facer conxecturas sobre que feitos ou seres reais se agochan baixo dos personaxes e sucesos da historia.

En realidade, cada novelista é libre de decidir canto da súa experiencia persoal e autobiográfica desexa trasladar ó mundo ficcional, que dose de íntima confesión inxecta na obra, a sabendas de que, se o grao de correspondencia coa realidade é moi elevado, o interese do produto resultante non vai radicar tanto no relatado coma no seu tratamento, na selección do evocado, na maneira de presentalo, na intensidade coa que feitos privados e mesmo minúsculos, rescatados dun recuncho da memoria persoal transcenden os lindeiros da simple anécdota e se erguen a estratos de maior altura e de máis longo percorrido. De tódolos xeitos, case nunca o que se conta nunha novela é a transcrición de algo realmente sucedido, pois no interior dunha novela, materiais tomados da propia experiencia poden xustapoñerse a outros, por completo inventados, e a ficción é o resultado da mestura en que uns e outros se combinan ó servizo dun propósito estético, consideración moi a ter en conta ó defrontármonos coa narrativa de Otero.

E xa que acabamos de facer mención de *Adolescencia*, toléresenos unha apostila, un tanto á marxe do relato que vimos desenvolvendo pero xulgamos oportuna a súa inclusión, para dicir que Otero Pedrayo é tamén un excelente e magnífico narrador en castelán, unha evidencia que habería que significar e publicitar, sobre todo, fóra do ámbito lingüístico galego. Carecemos dun coñecemento exhaustivo da literatura de ficción que se fixo en castelán na década dos anos corenta do pasado século pero cremos que, tanto *La familia de Pascual Duarte* como *Nada*, por poñer dúas das novelas máis representativas dese tempo, non superan en calidade estética a *La vocación de Adrián Silva* (1950), para nós, unha das mellores novelas de don Ramón. Así mesmo, sería conveniente editar outros textos novelescos da súa autoría, dalgún dos cales somos nós mesmos responsables de demora-la súa aparición. Estámonos a referir a *Contra el filo del río* e *El responso y el espejo*, datados, respectivamente, en 1945 e 1955, fillos dun tempo suspendido, entre o onte que fuxira e o mañá que non chegaba e no que Otero, como atinadamente indicou o chorado Carlos Casares «só puido atopar na escrita a paz espiritual perdida» (Casares 1981: 163); novelas xa que logo, ideadas e concebidas no ermo cultural dunha España gris, tremendamente gris, onde todo era inverno.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO MONTERO, Xesús (2000): *Oteriana*, Vigo, Publicacións da Fundación Otero Pedrayo.

ALONSO RODRÍGUEZ, Eliseo (1979): «Aquella interviu con Otero Pedrayo», Severino Cardenoso Álvarez (ed.), *Nuestro amigo Ramón Otero Pedrayo*, Vigo, Zerro-Zyx, 58-62.

ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (2001): «Escribir en galego: Otero Pedrayo», en Otero Pedrayo na revista Nós (1920-1936), Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 9-24.

CARBALLEIRA, Juan (1930): «Otero Pedrayo en 25 preguntas», *El Pueblo Gallego* 2 de marzo.

CARBALLO CALERO, Ricardo (1973): «Obras selectas, Parladoiro, Artículos, por R. Otero Pedrayo», *Grial* 42, 500-502.

CARVALHO CALERO, Ricardo (1990): *Do galego e da Galiza*, Barcelona, Sotelo Blanco.

CASARES, Carlos (1981): *Otero Pedrayo*, Vigo, Galaxia.

FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1976): «Ramón Otero Pedrayo, memoria de todas as cousas», en *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 15-38.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco / Salvador LORENZANA (1995): «Otero Pedrayo fala de Galicia e da súa cultura», *Galicia Emigrante* 15, novembro, 3 e 14.

FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1985): «A miña lembranza de Lousada Diéguez», en Antonio Losada Diéguez, *Obra Completa*, ed. Justo G. Beramendi, Vigo, Museo do Pobo Galego / Edicións Xerais de Galicia, 57-66.

LOUSADA DIÉGUEZ, Antón (1930): «Encol da prosa galega», *Nós* 73, 15 de xaneiro, 2-8.

MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1984): *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

OTERO PEDRAYO, Ramón (1929): «A cultura dos paisanos», *A Nosa Terra* 260, 1 de maio.

OTERO PEDRAYO, Ramón / Antonio MONTEAGUDO (1938): «El novelista ante las cuartillas», *Misión* 39, 15 de setembro, 5-6.

OTERO PEDRAYO, Ramón / Luís PEÑANOFRE (1938): «La cárcel de Camilo», *Misión* 43, 15 de novembro, 6-8.

OTERO PEDRAYO, Ramón (1949-1950): «obre el carácter gallego», en *Homenaje a Luís de Hoyos Sáinz*, t. II. Madrid, Gráficas Valera, 296-305.

OTERO PEDRAYO, Ramón (1984): «Castelao ou o rumor conxunto das vidas e camiños de Galicia», *Grial* 85, 1984, 264-280.

SALGADO, Xosé M. / Xoán Manuel CASADO (1989): *X. L. Méndez Ferrín*. Barcelona, Sotelo Blanco.

OTERO PEDRAYO

HISTORIADOR

(ATA A GUERRA CIVIL)

Ramón Villares

Do perfil de Otero como historiador vaise ocupar máis acaidamente o profesor Pegerto Saavedra, centrándose no período posterior á Guerra Civil, que son os anos nos que constrúe unha obra historiográfica moi sólida, que soborda claramente a súa obra de creación literaria. Abonde lembrar as súas biografías de figuras senlleiras -Padre Feijoo, Marcelo Macías, Domingo Fontán-, os estudos máis particulares sobre a Galicia do século XVIII e XIX, abrindo roitas especialmente vizosas como o estudo da "Doctrina do Foro", a "Desamortización eclesiástica" nas terras de Ourense, e con algunhas achegas de síntese como o magnífico artigo "A aldea galega no seu decorrer histórico" (Grial, 8, 1965: 133-150), que vale por varios tratados. E alén destas achegas, a súa figura está vencellada á *Historia de Galiza*, obra que nace co amparo de Alfonso Castelao e co subsidio de Manuel Puente, que foi un "abrente raioso" da moderna historiografía galega, ademais de condensar nos seus tres volumes boa parte da obra de investigación realizada polo grupo Nós e do Seminario de Estudos Galegos, ata 1936.

Como é sabido, para Otero a época anterior a 1936 foi un tempo moi fecundo intelectualmente, pero estivo moito máis centrado no campo da xeografía e das paisaxes, na creación literaria e ensaística e, nomeadamente, no exercicio da política, como cabezaleiro do nacionalismo ourensán desde o ano 1930, sendo deputado nas Cortes constituíntes da II República a partir das eleccións de xuño de 1931. Pero á beira do Otero xeógrafo, ensaísta, romancista, orador e político, temos un Otero que tamén é historiador ao seu xeito. El escribe unha historia algo diferente do que estaba a facerse na historiografía do seu tempo, pero isto non lle resta ningún valor ás súas reflexións e achegas. Ademais, a obra historiográfica de Otero previa á Guerra Civil foi tamén distinta do que faría despois, tanto no método empregado como no rexistro narrativo de exposición de resultados.

DA XEOGRAFÍA Á HISTORIA

Otero comezou sendo, sobre todo, un xeógrafo formado como tal xa desde as aulas do instituto ourensán polo seu profesor de raíz "institucionista", Eduardo Moreno López. Logo completaría a súa formación de xeógrafo nos longos anos de estaxe en Madrid e de lecturas demoradas no Ateneo, para acabar sendo un

camiñante que percorreu as terras galegas e ensinou a comprendelas, de acordo coa máxima do seu colega portugués Orlando Ribeiro, para quen “a geografía faz-se com os olhos e com os pés”. Certamente, Otero sempre se viu a si mesmo como un observador e camiñante. Pero que fose un xeógrafo non era unha limitación, senón unha boa maneira de se achegar á Historia, porque nos anos vinte e trinta Otero foi un xeógrafo rural á moda do que se facía daquela na cultura francesa da que el tan directamente bebía. O coñecemento preciso do espazo, que mostrou ás claras en obras pioneiras como a *Guía de Galicia* (1926) ou *Problemas geográficos de Galicia* (1928), estaba pensado como unha forma de descubrir a identidade de Galicia a través da paisaxe e da relación das persoas co medio natural no que moran e actúan.

Sen embargo, como tamén sucedía na escola xeográfica francesa de Paul Vidal de la Blache, o espazo ou *milieu* non é suficiente para dar conta da complexidade das relacións humanas. É necesario contar cunha dimensión temporal e combinar de forma integrada as coordenadas espaciais cun sentido histórico, co paso do tempo, tanto ou máis importante do que o espazo. Na influínte revista francesa *Revue de Synthèse historique*, fundada en 1901, escribiron algúns autores que Otero debeu frecuentar, poño por caso a Lucien Febvre, un historiador moi vinculado con aquela revista e autor dunha obra esencial, *La terre et l'évolution humaine* (1922) que, non por acaso, foi reseñada na revista *Nós* polo propio Vicente Risco en 1925. Naqueles debates arredor das relacións entre Terra e Home estaba moi presente a relación entre espazo ou medio natural coa actividade humana, por veces reducida á idea de raza. Sería a expresión dunha das ideas máis coñecidas do intelectual da *fin-de-siècle* Maurice Barrès, autor que foi moi lido por Otero Pedrayo, que consideraba que a esencia dunha nación estaba na suma de Terra e Memoria (*la terre et les morts*).

O pasaxe da xeografía á historia era, pois, un proceso bastante común naquela altura, que Otero transitou doadamente. E para encadrar a relación coa Historia por parte dun xeógrafo, nada mellor que preguntarnos sobre o seu modo de enfocar a análise e estudo do pasado. Nalgures ten dito o noso autor que se unha persoa fose capaz de contar o que acontecía durante un día na rúa Jacometrezo de Madrid, daría unha idea moi precisa da historia de España do século XIX e da súa “comedia humana”, ao modo de Honoré de Balzac, que foi un dos seus autores de cabeceira nos tempos mozos. Para dicilo nas súas propias palabras, ese coñecemento sería moi superior a “todas as leises, todos os libros, todas as coleccións lexislativas do tempo” (Otero, 1931: 43). Era, sen dicilo expresamente, un historiador que empregaba as artes da literatura e un xeógrafo que se fundamenta na observación directa da realidade.

A súa cultura histórica, sen deixar de ser precisa e mesmo erudita, era contada a través dunha narrativa que tiña moito de persoal e de recordos. Para entender algo do seu método, podemos acudir a una confesión persoal que está na entrevista que lle fixo no seu día Victor Freixanes (*Unha ducia de galegos*, 1976). Visto polo entrevistador como unha “fantasma” dos tempos idos, o entrevistado non lle quita a razón, porque o pasado ecoa por todas partes, así como o seu aprezo pola historia, sexa familiar ou comunitaria. Pero en cuestión de método, Otero distingue dous modos de traballar sobre o pasado, que se poden sintetizar en ter “gusto polas lembranzas” e “gusto polas papeletas”. Dito doutro modo, coas lembranzas construíría un relato persoal, fundado nos recordos familiares e veciñais, moi parecido á tendencia memorialista actual; coas “papeletas” quería referirse ao método máis positivista, de visita de arquivos, consulta de fontes e con-

frontación dos seus resultados con autores antigos e modernos, coo faría de forma sistemática nas súas obras de posguerra, nomeadamente na *Historia de Galiza*.

Estes enfoques vagamente están presentes en moitas obras de Otero Pedrayo. Pero tamén posuía a forza da palabra escrita como a tiña o autor lorenés. O que acontece é que as obras de Otero, menos políticas que as de Barrès, están escritas en rexistro narrativo ou ensaístico e aparentemente no pertencen ao campo da historiografía. Pensemos en obras como *Os camiños da vida* (1928) ou *Arredor de sí* (1930) que son moito máis do que obras de creación literaria, sexa contando o devalo das castes fidalgas ou sexa analizando con perspectiva de intelectual a educación sentimental dunha figura individual como Adrián Solovio. É claro que o obxectivo esencial de Otero, sen dicilo *expressis verbis*, é actuar como un *narrador da nación*, tarefa na que a historia desempeña un papel esencial. Como creador, ensaísta e home de acción no espazo público, Otero agavillou os elementos necesarios para construír a identidade histórica de Galicia, a través dunha obra -xeográfica, literaria, ensaística- que non pertence claramente ao campo da historiografía pero que posúe unha finalidade ideolóxica e un fundamento historicista. Alén diso, como creador literario servíuse do romance para explicar un dos temas predilectos da cultura europea do século XIX, que foi analizar os efectos das revolucións (económica, política e cultural) de finais do século XVIII, que tanto marcaron a enteira idade contemporánea. Podería dicirse que Otero fixo xustiza aos seus mestres imaxinarios, de Chateaubriand a Stendhal, que contaron a revolución como matriz da sociedade burguesa e romántica do século XIX, aplicando o modelo á Galicia dos primeiros anos do século pasado.

Por esta razón pode sosterse que desde os anos vinte, cando empeza a producir libros a boullón, Otero tamén é un historiador, pero cunha práctica historiográfica que está máis próxima das “lebranzas” que das “papeletas”. Tres ensaios importantes, escritos antes da Guerra Civil, poden considerarse como achegas decisivas nesta tarefa de construír unha idea de Galicia ou, como diría Ricardo Carballo Calero no libro homenaxe publicado por Galaxia en 1958, unha “teoría da nación”. Eses ensaios son o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, *Sentimento da terra...en Pastor Díaz, Rosalía e Pondal* (1929), *Morte e resurrección* (1932) e o *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, escrito en 1931, en castelán, para a colección galega da CIAP que dirixía Álvaro das Casas, pero publicado despois na versión orixinal -con desculpas por non estar en galego- na editorial Nós, de Ánxel Casal (1933). A primeira versión galega, sen dar explicacións de non ser unha tradución, foi incluída na Biblioteca Básica da Cultura de Galaxia (1982) e, finalmente, o libro foi reeditado na súa versión *princeps* polo Consello da Cultura Galega en 2020, no marco do centenario da xeración Nós.

Estas tres obras foron escritas nun período de apenas dous anos e, publicadas daquela ou non, forman parte do que, para a cultura galega, representou o ano 1930 como un verdadeiro *annus mirabilis*, coa aparición tamén daquela do *Album Nós* de Castelao ou *El problema político de Galicia* de Vicente Risco. No conxunto destas tres obras dos cabezaleiros da revista Nós, é claro que a contribución de Otero foi a máis ambiciosa, ao vincular o percurso histórico de Galicia cun coñecemento da Terra. De novo, a “terra e os mortos”. Nestes tres ensaios percíbese claramente a dimensión de Otero como intelectual que, malia non militar en ningún sistema ou “metódica” filosófica -para dicilo coas súas propias palabras-, foi capaz de ler a historia de Galicia á luz das correntes intelectuais da Europa de principios do século XX. Correntes que bebían da

chamada “contrailustración” e que, naquela altura, mutaron nunha verdadeira “revolución conservadora” que emparentou directamente coa cuestión nacional.

Se no ensaio académico sobre o sentimento da Terra, hai unha vontade de analizar xeograficamente a obra literaria -gusto que Otero mantería durante moitos anos-, no texto *Morte e resurrección* percíbese unha conexión moito máis estreita co historicismo de raíz alemá que tanto influíu na xeración Nós. O título é unha declaración de principios, pois é moi común na literatura do nacionalismo conservador europeo de entre guerras, que en España tería entre os seus voceiros, entre outros, a Ortega y Gasset. A idea central é concibir a comunidade política como unha “nación durmida” que debe ser espertada pola acción dos intelectuais e, por tanto, convertida nunha nación revigorizada e forte. É unha expresión das palinxeñas tan comúns naquela altura, na que os individuos e as nacións nacerían de novo ou renacerían das súas propias cinzas, como tamén proclamaba o portugués Teixeira de Pascoaes no seu libro *Arte de ser portugués* (1915). Como Otero, o poeta de Amarante tamén engadiu á súa obra literaria unha dimensión doutrinal e de reflexión sobre a identidade nacional, ora nos romances, ora nos ensaios culturais.

Alén de procurar entender Galicia e a súa cultura cunha evidente “espesura temporal”, Otero marca fitos temporais e conceptuais que alentaron moito tempo na cultura histórica galega. Moitos deses fitos están presentes nas páxinas do *Ensayo histórico*, como son o protagonismo da Terra, que de modo case imperceptible substitúe o peso da Raza na definición da idea de Galicia procedente do rexionalismo de Murguía, aínda que non deixe de conceder un papel esencial á sociedade castrexa que resiste os embates das “aguas romanas”, isto é, que está xa plenamente constituída como proxecto histórico antes da chegada das lexións de Décimo Xunio Bruto. Outros fitos moi arraigados foron a consagración do románico e barroco como épocas esenciais da historia de Galicia (os seus verdadeiros *corsi*, no sentido de Vico) ou considerar ao bispo Martiño de Dumio e ao arcebispo Diego Xelmírez coma os arquitectos principais da historia galega. Alén do seu romance *A romeiría de Xelmírez* (1934), a súa admiración polo arcebispo compostelán ecoa en moitas obras oterianas.

UNHA OBRA CENTRAL: O ENSAYO HISTÓRICO

Para entender algo mellor as achegas de Otero á interpretación de Galicia desde unha perspectiva histórico-cultural, compre reparar a obra máis relevante de antes da guerra, que é o *Ensayo histórico* (Otero 1930; EH). Este ensaio é un intento moi ambicioso de establecer coherencia na diversidade e mesmo nas contradicións que ten a evolución histórica de Galicia, para o que encontra unha viga mestra, que é a capacidade de crear unha cultura propia, sobre un espazo altamente humanizado e con capacidade de dialogar coa cultura das pequenas patrias europeas. De primeiras, parece un libro de historia de Galicia con división cronolóxica, que podería encaixar no modelo do manual de historia, pero axiña se advirte que no libro de Otero importan máis os temas a tratar desde un punto de vista doutrinal do que o rigor temporal e a súa contextualización historiográfica. Non é obra pensada para escolantes, aínda que non careza dunha clara vontade de formación dunha idea de Galicia, senón que está dirixida a militantes na causa da redención da Terra, como se fose un Solovio colectivo. Malia terlle apostado no título a condición de “histórico”, resulta difícil considerar

esta obra como parte da historiografía no contexto do seu tempo. O método histórico vixente na década dos vinte do século pasado nas principais universidades europeas -e parcialmente, tamén en España- estaba dominado pola heurística documental e polo predominio da política como escenario dos acontecementos e como protagonista da narrativa histórica. Nada disto está presente no ensaio oteriano, nin nos contidos nin tampouco nas referencias coas que o autor escribe este texto.

Cómpre ter en conta que a educación formal e informal de Otero fora máis literaria e xeográfica do que histórica, pero tamén é evidente que coñecía bastante a literatura histórica do seu tempo, como revela a resposta que lle da ao profesor Eduardo de Hinojosa cando este lle recomendaba que debía ler algúns dos seus (pesados, diría logo Otero) libros de historia institucional e, de paso, o manual máis moderno da historiografía daquel momento, escrito polo institucionista Rafael Altamira: «contesteille moi agradecido que xa tiña aqueles libros», dirá moito tempo andado nas *Lembranzas do meu vivir* (Otero 2015: 146). A historia, coa arte e a literatura, era un dos saberes centrais da carreira de Letras e, en menor medida, os saberes sociolóxicos e económicos que empezaban a penetrar nos cursos universitarios. Otero recoñece que, alén de Altamira, quen conectara co historiador francés Henri Berr, director da *Revue de Synthèse*, se debrozou nas obras doutros historiadores franceses, desde Adolphe Thiers ata Ernest Lavisse, aos que leu no Ateneo. Tamén lle interesou algo a obra do “venerable” Adam Smith, aínda que non foi capaz de se amizar con Sales y Ferré -malia ser cuñado do seu mestre ourensán Marcelo Macías-, un abandeirado da orientación sociolóxica na España daquela altura.

Por outra banda, consta que o grupo Nós coñecía algunhas obras relevantes da historiografía francesa do seu tempo, como xa se dixo, pero os pousos das dúas escolas máis relevantes da Europa daquela altura (positivismo anglo francés e *historismus* alemán) están pouco presentes na cosmovisión intelectual de Otero, tanto neste libro como en xeral no resto da súa obra. Que non lle interese especialmente a escola “metódica” francesa pode parecer congruente coa educación cultural e literaria de Otero e a súa afección á xeografía de Vidal de la Blache. Pero resulta algo sorprendente que non evoque, alomenos nominalmente, autores e obras do historicismo alemán, como Leopold von Ranke ou Friedrich Meinecke, algo máis vello que Otero. Certamente, no EH cita nomes ilustres da historiografía europea, coma o historiador alemán especializado na época romana, Theodor Mommsen ou os franceses Etienne Gilson e Gaston Boissier, que se ocuparon do pensamento europeo medieval e da concepción cristiá da historia nos primeiros decenios do século XX, así coma outros nomes que se mencionan pouco máis que de forma incidental, como Jacques-Bénigne Bossuet, Hyppolite Taine ou Ernest Renan. Prefire acudir, neste plano, a filósofos e divulgadores de grande popularidade coma o alemán Oswald Spengler, autor de *La decadencia de Occidente* (1918), libro escrito antes da Gran Guerra pero publicado ao remate da mesma, ou ao francés Julien Benda, autor de *La trahison des clercs* (1927), malia non concordar coa súa mensaxe central.

A influencia de Spengler foi enorme na Europa dos anos vinte e o propio Otero xa se refería catro anos antes de empezar a redactar o EH a que «os espíritos máis agudos de Europa teñen como cousa certa o naufraxio da cultura occidental» e están a procurar unha “alba nova” nos «libros de Spengler, de Keyserling, de tantos outros que andan nas mans de todos» (Otero 1926: 51). Certamente, estaba a pensar en autores coma Vicente Risco, autor dun longo ensaio sobre as ideas destes autores publicado na revista *Nós* (Risco

1926), pero tamén sabemos que na Galicia dos anos vinte había mozos universitarios, entre eles Santiago Montero Díaz, que divulgaron con grande entusiasmo a obra de Spengler. Sen embargo, as referencias de autoridade rexistradas no texto do EH están lonxe da bagaxe intelectual de Otero, posta de relevo en romances e lembranzas de figuras maiores da cultura europea (Goethe, Chateaubriand, Ruskin, Burkhardt...). Son outras as fontes e os autores que Otero fai comparecer neste libro: alén de Spengler, o antropólogo alemán Leo Frobenius -que ademais foi celebrado conferenciante na madrileña *Residencia de Estudiantes* nos anos vinte, do que dá cumprida conta en varios artigos no diario *El Sol* Ortega y Gasset-, o historiador da arte románica, en especial da catedral compostelá, o americano Arthur Kingsley Porter e, de forma moi especial, o español Marcelino Menéndez y Pelayo.

Colocado este texto oteriano no contexto cultural dos anos vinte en Galicia, pódese dicir que incorpora sobre todo os traballos que se estaban a facer no Seminario de Estudos Galegos, coordinados polos seus amigos da revista *Nós* (Vicente Risco e Florentino López-Cuevillas), algúns dos seus mestres de xuventude (Marcelo Macías, Cotarelo Valledor) aos que engade, por veces, referencias pouco concretas aos "historiadores" e "filólogos" e tamén a eruditos recoñecidos como os clérigos Manuel Risco, Enrique Flórez ou Fidel Fita. Non fai especial fincapé en evocar os seus predecesores no cultivo da historia na Galicia do século dezanove, sexan Benito Vicetto, Manuel Murguía ou Antonio López Ferreiro pero, en cambio, hai un abondoso recoñecemento e emprego directo das fontes clásicas e de autores nados ou relacionados coa *Gallaecia* baixorromana, protagonistas daquel vizoso despertar cultural rexistrado no confín do imperio romano no seu tránsito á época xermánica, desde Prisciliano ou Paulo Orosio ata Martiño de Dumio (López Pereira 1989). Só nas páxinas finais do EH fai un entusiasta recoñecemento aos autores do Rexurdimento -dos que se ocupou extensamente no seu discurso de ingreso na RAG-, recoñece a obra dos historiadores románticos, incorpora á cultura galega figuras como a Pardo Bazán ou Valle-Inclán e acaba falando dos seus coetáneos das Irmandades da Fala e dos novísimos do Seminario de Estudos Galegos, como unha aposta de futuro da que sempre fará gala nos seus discursos e artigos de xornal daquela altura e da posguerra.

Precedido dunha introdución na que expón algunhas pautas do libro e menciona temas e autores que pensa seguir ou refutar (Frobenius, Spengler, Ratzel...), o EH está composto por once capítulos nos que se relata de modo moi desigual o pasado de Galicia. Alén dun capítulo inicial dedicado ao período prerromano ("Fondo étnico"), o núcleo central do libro está formado por seis capítulos que abeiran os problemas centrais da cultura de Galicia. Os tres primeiros, dedicados ás consecuencias da romanización, o proceso de cristianización da poboación, o priscilianismo e a obra catequizadora de Martiño de Dumio ("Aguias do imperio", "Gnose e catolicismo", "As fogueiras de San Martiño"), cobren case un milenio de historia desde a chegada das lexións romana coa súa agúa imperial ata a caída do reino visigodo perante o empuxe da invasión musulmá.

Os tres seguintes capítulos, de semellante extensión aos anteriores pero de menor dimensión temporal, están dedicadas ao período que Otero considera o máis brillante e decisivo na configuración da cultura galega, que son os séculos IX a XIII, cando se produce a *inventio* do apóstolo Santiago ("Galaxia explicada"), a eclosión da cultura do románico ("Arquivolta florida") e o xurdimento dunha cultura literaria de cancioneros e xogares ("Selva encantada"); seguen dous capítulos que cerran e glosan o período baixomedieval e

os tempos do Humanismo renacentista, con especial atención ás relacións e intercambios exteriores (“Os camiños do mundo” e “Oxiva e espada”). Os dous capítulos finais (“Solpor barroco”, “Esperanza e realidade”) están escritos algo máis á presa e cobren case tres séculos de historia que, en realidade, Otero relataría de modo preferente mediante outros rexistros literarios.

En efecto, despois dos seus romances de fondo histórico e autobiografía familiar, dos seus ensaios xeográficos, do romance de formación que foi *Arredor de si*, Otero estaba preparado intelectual e politicamente para escribir este texto ensaístico, nada romanceado, en diálogo coa alta cultura de Occidente. Daquela cómpre indagar porqué Otero Pedrayo decide, á altura de 1930, escribir este ensaio cando xa levaba medio contada a textura espacial e histórica de Galicia, das súas terras e das súas clases sociais a través de romances, relatos breves e de ensaios sobre as paisaxes. Non abandonou a escrita literaria, nin a escrita de xornal, nin a actividade profesional, pero fixo un alto no camiño e decidiu escribir un ensaio histórico desde a perspectiva cultural. O seu obxectivo non parece ser escolástico senón máis ambicioso. Ten unha finalidade político-ideolóxica, dado que precisaba dotar dun relato argumental sólido a súa idea de Galicia coma unha nación fundada na realidade cultural, fundamente europea por raíces e por relacións, pero teimosamente auténtica na súa pretensión de falar universalmente con palabras propias e non imitadeiras.

Por esta razón, o EH é moito máis do que un libro de historia, un desafío que, na Galicia daquela altura, só era capaz de afrontar un autor coma Otero Pedrayo, dotado das máis diversas ferramentas intelectuais para entender unha cultura que estaba en perigo, pero que era a rocha firme sobre a que construír un proxecto nacional. Non por acaso, este libro formou parte daquel *annus mirabilis* de 1930, no que o futuro se mostrou de repente ao alcance dos líderes políticos e intelectuais de Galicia, esencialmente agrupados baixo a bandeira da revista Nós e da institución de alta cultura que era o Seminario de Estudos Galegos. A capacidade intelectual de Otero manaba de dúas fontelas diferentes: primeiro, un fondo pouso cultural adquirido durante moitos anos de estudo e lectura, que lle permitiu frecuentar os autores clásicos, especialmente os antigos e medievais, na súa lingua orixinal; e segundo, unha facundia expresiva que facía da súa prosa unha festa da palabra e da metáfora, para evocar o pasado e transformalo en mensaxe de presente e futuro, como acostumaba facer o seu coetáneo Ortega y Gasset, ben amigo das metáforas. Pero o EH ten máis alento interpretativo do que poida haber na *España invertebrada* do filósofo madrileño.

A CULTURA, FUNDAMENTO DA NACIÓN

O punto de partida de Otero no libro do EH comeza cunha pregunta máis retórica do que angustiosa: “¿entón hai unha cultura galega?” A resposta está no resto do texto, pois o libro está escrito para demostrar que existe esa cultura, por razóns étnicas, xeográficas, relixiosas e, parcialmente, tamén políticas. O enfoque de Otero está, desde logo, moi afastado dunha concepción da cultura como forma de representar e mesmo de construír a realidade. Neste libro, Otero non define cabalmente o que entende por cultura, pero xa o tiña feito no ensaio datado en Madrid no outono de 1931, *Morte e resurrección* (MR) onde alude ás “dúas maneiras da palabra cultura” que son a “cultura da terra e a cultura do espírito” ou, ao modo de Vicente Risco e dos seus discípulos, cultura material e espiritual.

O obxecto do EH é estudar a cultura galega coma un todo orgánico e harmonioso, no que importan pouco as manifestacións específicas desa cultura (textos, artes, autores...) así como as razóns profundas que fixeron posible a existencia da cultura galega. O relevante é fixar a idea de que, fronte ao monismo cultural da Ilustración e a idea teleolóxica de progreso, existe unha historia da cultura que, sendo un resultado da conxunción de Terra e Raza, explica a súa pluralidade e, sobre todo, o seu valor intrínseco e particular. O diálogo esencial establécese entre unha posición determinista, que formalmente Otero rexeita ("o determinismo tivo o seu tempo"), e a influencia do pensamento nacional alemán que, desde J.G. Herder ata O. Spengler, tratou de mostrar que por debaixo da morfoloxía sucesiva das culturas -que nacen, coexisten e morren- existe un fío condutor que identifica o carácter esencial e incompatible dunha cultura que, para ser orixinal, debe ser capaz de expresar o "espírito dun pobo" (*Volksgeist*).

Ese esencialismo maniféstase, no sentir de Otero, na combinación entre "rexión natural" e "rexión espiritual" de modo que, como afirma xa nas primeiras páxinas, «onde houber unha raza cosmicamente fixada xorde unha posibilidade de cultura orixinal» (Otero 1930: 13). O núcleo do pensamento de Herder era xustamente este: identificar a existencia dunha cultura e que esta vivise en igualdade con moitas outras, sen relacións xerárquicas entre delas, porque «se algo lle molestaba a Herder -observa o filósofo Isaiah Berlin- era a eliminación dunha cultura por outra» (Berlin 2000), de modo que cada cultura tiña valor por si mesma e non estaba sometida a referentes modélicos ou valores cosmopolitas. Esta foi a base do historicismo alemán, en tanto que explicación relativista da historia, que refutou claramente o pensamento do racionalismo ilustrado e da filosofía kantiana. Esta tradición relativista, recollida polo romanticismo literario e ideolóxico reviviu no vitalismo de principios do século XX, e nesas fontes doutrinarias bebeu o mestre de Trasalba, como máis extensamente mostrei no ensaio sobre o romance *Arredor de si* (Villares 2018: 33-52).

Aplicadas estas ideas ao caso de Galicia, Otero Pedrayo entende a cultura galega como unha creación orixinal que identifica a "individualidade" galega no marco das culturas peninsulares e europeas, distinguindo ademais entre aquelas que son "europeas" (todo o norte peninsular) e as que son "mudéxares" ou de fondo semítico, pertencentes á meseta interior e ao mediterráneo meridional. De forma máis concreta, a individualidade galega está marcada pola "estirpe aria", a situación atlántica, a conexión coa Europa occidental e unha condición "insular" que lle permitiu manter a súa propia identidade, porque, como sostén no capítulo introdutorio, Galicia, «desde o amañecer dos tempos históricos, desfrutou dunha conciencia orixinal» que «pervive aínda hoxe», aplicando á cultura galega a máxima do pensamento herderiano da invariabilidade cultural e da vinculación vertical entre os devanceiros e a realidade presente.

A matriz céltica permite ao autor proclamar un "europeísmo superior" e ter escapado "á semitización", dado que non lle "debe nada" ás influencias procedentes do centro e sul peninsular; a condición atlántica favoreceu as relacións cos países da imaxinada Celtia, pero tamén evitou que Galicia fose "ibérica nin árabe" e que caese baixo a influencia do "mudexarismo"; a fortaleza da cultura autóctona evitou que os diferentes pobos e culturas que chegaron a Galicia desfigurasen a súa identidade e se tivesen que adaptar ao fondo étnico celta dos moradores de mámoas e castros. A conclusión é que "ningunha [cultura foránea] matou a conciencia galega", de modo que na cosmovisión dun labrego do tempo do autor podería comprobarse como seguía a manter os valores psicolóxicos da "cultura celta": soñador, irónico, barroco, emocionado pola

paisaxe e capaz de se comportar como un ser meditativo que está a ollar os primeiros centeos verdeando “nos pentagramas dos longos sulcos”. O autor apela para reforzar esta invariabilidade étnica da poboación galega aos estudos de prehistoriadores e de etnógrafos, isto é, de López-Cuevillas e de Vicente Risco, que o seu colega Otero converte nas “dúas unanimidades galegas” que certifican que «a cultura galega está xa formada cando a terra se curva baixo o voo das aguias romanas» (Otero 1930: 34). Esta converxencia entre o descoñecido, pero intuído no medio da néboa con que comeza todo achegamento á realidade dos antergos, e o coñecido, por estudado cientificamente, non escapa á capacidade oteriana de ser resumido nunha bela metáfora: «a estatua de néboa transfórmase con seguros golpes de cicel científico en estatua de pedra» (Otero 1930: 21).


Este núcleo cultural orixinario da cultura galega está explicado tanto na introdución coma no primeiro capítulo, “Fondo étnico”, dos que parte o resto da argumentación do libro. Aínda que rexeitase formalmente o determinismo *à la Ratzel*, o peso do medio físico na definición cultural de Galicia é extraordinario, substituíndo a centralidade que o historiador Murguía e o poeta Pondal lle concederan á raza celta. Partindo desta “intuición dos precursores”, o que achegan os estudosos galegos coetáneos a Otero Pedrayo é a confirmación de que “a primeira comunidade galega acéndese en fogar e verbo celta”. Na mellor tradición herderiana de natureza orgánica-historicista, as orixes da Galicia enteira proceden desa época celta de dominio da “estirpe aria”, grazas á influencia do medio natural na acción humana, de modo que a principal arquitectura da época celta, o castro, é visto como unha acrópole que non dá orixe a unha cidade, senón a unha aldea e, andando o tempo, a unha parroquia coa súa igrexa.

Pero o castro, a diferenza dunha mansión romana ou dunha torre medieval, nunca se volve unha ruína que engaiole o *ethos* romántico, porque resiste vitorioso o paso do tempo. Esta idea do castro como un intemporal “pastor de aldeas” e coma orixe da organización parroquial, é intuición que décadas máis tarde confirman polo miúdo as obras de López-Cuevillas ou do francés Abel Bouhier, que certamente poderían aceptar como propia esta frase do ensaio oteriano: «Cada castro é a fortaleza dun clan, como cada igrexa é o santuario dunha parroquia. É dicir: a estrutura vital e orgánica da poboación galega está trazada dunha vez para sempre desde as orixes históricas» (Otero 1930: 28). Alén desta influencia material, o castro ten para Otero un elevado valor simbólico, ao considerar como “a nosa Numancia”, non un castro senón “posiblemente un gran castro: o Medulio”.

O cerne orixinario da cultura galega é o resultado dun proceso obxectivo, no que a influencia da acción humana é realmente escasa, dada “a feliz e total adaptación da raza á terra”. O asunto non é tanto apoiarse nun determinismo xeográfico piadosamente negado polo autor, como encontrar os alicerces do que considera a esencia dunha sociedade “inmorredora”: o campo como unha “reserva do porvir” e a negación da cidade como realidade “imitadora”. É unha visión primordialista de Galicia como unha realidade “perenne” que desafía o paso do tempo, ao ter sido esculpida desde a forza da natureza. O fundamental é que as culturas dignas de tal nome son entes orgánicos vivos que poden experimentar unha evolución que, na súa morfoloxía, se asemella á vida dunha persoa: nacen, medran, coexisten e “gardan un sino de seu”, invocando para soste esta idea “o grupo inspirado pola doutrina de Spengler”, mención que non deixa de ser algo vaga,

pero que revela a influencia que tiña, máis como divulgador que como historiador ou etnólogo, o autor da *Decadencia de Occidente*.

Pode concluírse que, ata a guerra civil, Otero foi un historiador profesional na súa dimensión de catedrático da materia no Instituto de Ourense, pero foron máis escasas as obras propiamente historiográficas. Pola contra, o recurso á historia para construír os seus relatos literarios ou ensaísticos, a prosa xornalística e mesmo discursos e mitins políticos, foi unha constante na súa vida pública. El creou pola vía do historicismo unha imaxe de Galicia como nación cultural moi poderosa e duradeira, que os traballos da posguerra irían confirmando de modo progresivo, nomeadamente na magna *Historia de Galiza* alentada desde Bós Aires e pensada e dirixida desde Trasalba e Ourense cunha pequena lexión de leais colaboradores, todos eles criados no berce do Seminario de Estudos Galegos. E prácame concluír con esta referencia á institución que hogano está a cumprir o primeiro centenario da súa fundación, en outubro de 1923, na que os membros de Nós exerceron o papel de mestres daquel fato de escolantes que trouxeron luz para a Terra.



Caricatura Otero Pedrayo.

JUAN DIS

(seudónimo de Cándido Fernández Mazas).

EL PUEBLO GALLEGO,
25 de xullo de 1934

BIBLIOGRAFÍA

BERLIN, Isaiah (2000): *Las raíces del romanticismo*, Madrid, Taurus [1999].

CARBALLO CALERO, Ricardo (1958): «Don Ramón, príncipe de Aquitania», en *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Vigo, Galaxia.

CUNHA LEÃO, Francisco (1958): «Intérprete da súa pequena patria», en *Ramón Otero Pedrayo, Homaxe da Galicia universal. A súa vida e a súa obra*, Caracas, Centro Galego.

LÓPEZ PEREIRA, Eduardo (1989): *O primeiro despertar cultural de Galicia. Cultura e literatura nos séculos IV e V*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago.

NORA, Pierre (1984): «Lavissee, instituteur national», in P. Nora (dir.), *Les lieux de mémoire, I. La République*, Paris, Gallimard, 247-289.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2012): *La sombra del César. Santiago Montero Díaz, una biografía entre la nación y la revolución*, Granada, Comares Historia.

ORTEGA Y GASSET, José (1922): *España invertebrada*, en *Obras Completas*, vol.3, Madrid, Alianza Editorial/Revisita de Occidente (1987), 37-130.

OTERO PEDRAYO, Ramón (1970): *Arredor de si*, Vigo, Galaxia [1930]-

OTERO PEDRAYO, Ramón (1982): *Ensaio histórico sobre a cultura galega* (EH), Vigo, Galaxia [1933].

OTERO PEDRAYO, Ramón (1983): *Morte e resurrección* [1932], en *Obras selectas. Ensaños*, edición de Carlos Baliñas, Vigo, Galaxia.

OTERO PEDRAYO, Ramón (2015): *Lembranzas do meu vivir, II. Os tempos da universidade. Madrid, 1904-1912*, Prefacio de Ramón Villares, Vigo, Galaxia.

PASCOAES, Joaquim Teixeira de (1915): *Arte de ser português*, Lisboa, Edições Roger Delraux.

QUINTANA, José Ramón / VALCÁRCEL, Marcos (1988): *Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*, Vigo, Ir Indo Edicións.

RISCO, Vicente (1926): «A interpretación da Historia e o valor do noso tempo (Encol das ideas do Conde Keyserling)», *Nós*, 33, 2-11.

VILLARES, Ramón (2018): *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*, Vigo, Galaxia [2007].

► A NOVELA DE ROSALÍA DE CASTRO VISTA POR OTERO PEDRAYO E A RECEPCIÓN ROSALIANA EN ALEMAÑA DESDE A PERSPECTIVA DUN TRADUTOR ALEMÁN DE ROSALÍA

Christian Switek

Discurso pronunciado co gallo da entrega do Premio Trasalba 2024 a Maribel Outeiriño
Señor Presidente da Fundación Otero Pedrayo,
Señor Presidente da Real Academia Galega,
Autoridades académicas e políticas,
Señores Padroeiros da Fundación Otero Pedrayo,

Señoras e Señores:

En honra á memoria da querida Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, destacada especialista en Rosalía de Castro e esposa de don Xesús Alonso Montero, ex presidente da Real Academia Galega, hoxe quero, moi brevemente, explorar as traducións ao alemán da inigualable escritora galega, inspirado polas palabras de Ramón Otero Pedrayo.

En 1969, Don Ramón publica o ensaio “El planteamiento decisivo de la novela romántica de Rosalía de Castro” na revista *Cuadernos de estudios gallegos*. Neste estudo, o noso autor analiza o concepto da novela romántica nos textos en prosa de Rosalía de Castro. Di: “É sinxelamente impío separar as novelas dos poemas en canto ao poder e destino da vivencia creadora”. Podemos supoñer que esta afirmación reflicte unha actitude xeral no discurso literario sobre Rosalía de Castro a finais dos anos sesenta e principios dos anos setenta.

Isto quere dicir que o foco principal das editoriais centrábase sobre todo na obra lírica de Rosalía. A súa prosa considerábase, en xeral, de escasa calidade e non merecedora de atención. Isto corresponde a unha idea que se remonta ao século dezanove, a saber, que unha muller non é capaz de escribir prosa de alta calidade.

No ensaio abórdase o concepto de novela romántica nos textos en prosa de Rosalía, unha das escritoras máis destacadas do romanticismo galego. Segundo don Ramón, a vivencia creadora que impregna tanto

as novelas como os poemas da autora é unha forza vital que transcende as formas e os xéneros literarios. O termo “impío” utilizado polo ilustre ourensán pode ser interpretado como unha crítica cara a aqueles que consideran que os poemas e as novelas teñen un poder e destino creativo diferente, e que, por tanto, deben ser tratados de maneira separada.

Desde a perspectiva do patriarca das Letras Galegas, esta separación sería unha falta de respecto cara á obra de Rosalía de Castro, xa que subestimaría o poder da vivencia creadora que se atopa en ambos os xéneros. En canto ao contexto histórico, científico, político e social, é importante ter en conta que o ensaio de Otero Pedrayo foi publicado en 1969, unha época na que se estaba producindo unha revalorización da obra de Rosalía no ámbito literario e cultural galego. Seguramente, o noso autor é un dos primeiros críticos que busca destacar a importancia de comprender a obra da autora na súa totalidade, superando as divisións impostas polos xéneros literarios.

Desde o punto de vista político e social, é posible interpretar a afirmación de don Ramón como unha crítica cara ás institucións literarias establecidas que tendían a etiquetar e clasificar as obras literarias en categorías estritas. Ademais, subliña que a prosa de Rosalía debe valorarse en igual medida que a súa poesía e somete a obra en prosa de Rosalía a unha análise crítica. Analiza, por exemplo, as novelas *La hija del mar*, *Flavio*, *El caballero de las botas azules* e *El primer loco* en relación coa poesía de Rosalía e en referencia co movemento romántico europeo. Nesta análise, o noso autor chega á conclusión de que *Flavio* é probablemente a obra literariamente máis débil e que *El primer loco* merece a maior atención, aínda que *El caballero de las botas azules* foi a obra de maior éxito.

Con motivo do centenario da morte de Rosalía de Castro, en xullo de 1985 celébrase en Santiago de Compostela un Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo, no cal a prosa da escritora galega foi obxecto dunha rehabilitación integral. O congreso marca un punto de inflexión na discusión e no debate académico internacional sobre a obra narrativa da escritora galega e, ao mesmo tempo, a continuidade da idea de Otero Pedrayo: considerar en pé de igualdade a prosa e a poesía.

Que impacto tivo o cambio de paradigma do congreso de 1985 no mercado alemán da tradución? A industria editorial reaccionou no seu momento de forma un tanto anacrónica ante estes novos impulsos, xa que só agora estase dando a coñecer a escritora galega ao público xermano-parlante, polo menos como poeta, concretamente a través da tradución de Fritz Vogelgsang da última grande obra lírica de Rosalía de Castro, *En las orillas del Sar*, publicada baixo o título alemán *An den Ufern des Sar* no ano 1987. A estas alturas, a poesía de Rosalía de Castro xa formaba parte do canon das historias literarias españolas, galegas e internacionais desde facía décadas. Habería que esperar ata o ano 2016 para que se publicase a novela *La hija del mar* baixo o título *Die Tochter des Meeres*, que é a miña tradución da primeira novela de Rosalía de Castro.

O proxecto de publicar unha obra completa dos textos de Rosalía de Castro xurdiu xa no ano 1998 no contexto da investigación para a miña tese de máster sobre Rosalía de Castro e o feito de que non se publicara ningunha obra súa en prosa en alemán. E por suposto, cito a Ramón Otero Pedrayo na miña tese de mestrao para dar a coñecer o problema da falta de consideración da prosa de Rosalía no conxunto da súa obra.

Considero moi importante o traballo de Otero Pedrayo a prol da reivindicación da prosa rosaliana, tantas veces deostada en comparación coa súa obra lírica, e quero destacar aquí a visión precursora do ilustre patriarca das Letras Galegas na obra en prosa de Rosalía, tamén de indubidable valor para a cultura galega, a nosa cultura, como galego de adopción que son.

Pero as publicacións desde os anos noventa ata os dous mil dos autores alemáns recoñecen a Rosalía de Castro case exclusivamente como escritora de poemas, e non mencionan apenas a súa obra en prosa. Unha ollada ás obras actuais sobre literatura e historia literaria españolas mostra que a imaxe de Rosalía de Castro, moi estendida no mundo de fala alemá, necesita urxentemente unha aclaración, porque apenas mencionan a obra en prosa de Rosalía de Castro. Exemplos deste fenómeno son as publicacións dos anos noventa dos autores alemáns Hans Ulrich Gumbrecht, Christoph Strosetzki, Martin Franzbach, Hartmut Stenzel, Heinz Willi Wittschier ou Christoph Rodiek, ou no novo século, os estudos de Hans-Jörg Neuschäfer e Dieter Ingenschay, ou a antoloxía poética bilingüe Poesía española e hispanoamericana (*Spanische und hispanoamerikanische Lyrik*), editada por Martin von Koppenfels.

Todos os autores enumerados recoñecen a Rosalía de Castro case exclusivamente como escritora de poemas; non mencionan apenas a súa obra en prosa. Pero atopei dúas excepcións: Friedrich Wolfzettel e Horst Hina. Friedrich Wolfzettel escribe no ano 1999 na súa historia literaria titulada *Der spanische Roman von der Aufklärung bis zur frühen Moderne: Nation und Identität (A novela española da Ilustración á primeira modernidade: nación e identidade)* que as novelas de Rosalía de Castro faltan, desgraciadamente, no seu tratado, aínda que en realidade deberían ser incluídas. Wolfzettel é consciente así da gran importancia de Rosalía de Castro. Por tanto, hai que dicir que a exclusión da obra en prosa de Rosalía no seu estudo é pouco coherente, mesmo incomprendible, xa que recoñece a importancia da escritora. É, seica, porque Rosalía é galega?

Doutra banda, é Horst Hina quen publicou en 1986 un sobresaínte estudo biográfico-literario sobre Rosalía de Castro, pero segue sendo unha grata excepción dentro da recepción de Rosalía en Alemaña, unha excepción que, no seu momento, non tivo consecuencias para posteriores publicacións do galego en tradución alemá.

No ano 2013, vinte e oito anos despois do congreso pioneiro de 1985, celebrouse en Santiago de Compostela, Madrid e Barcelona o segundo gran congreso internacional sobre Rosalía de Castro, con motivo do cento cincuenta aniversario da publicación do poemario *Cantares galegos*, baixo o título *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*, organizado polo Consello da Cultura Galega. Neste congreso, Áurea Fernández Rodríguez só pode afirmar que aínda non existe unha edición completa en tradución alemá.

Xa no ano 1999 tentei cambiar esta situación e dar un novo impulso á investigación sobre Rosalía en lingua alemá coa miña tese de mestrado, que trata intensamente da biografía e a literatura de Rosalía de Castro. O proxecto no que me embarquei logo fixouse como obxectivo dar a coñecer as obras de Rosalía de Castro en forma de traducións nos países de fala alemá, xa que tamén son da opinión de que en Rosalía de Castro atopámonos cunha autora intemporal e pertencente á chamada literatura universal.

Considerando a situación actual das traducións ao alemán dos textos de Rosalía de Castro, xa é un éxito que se abran camiño no mundo de fala alemá a obra en prosa, *La hija del mar*, en 2016, e un segundo texto importante de Rosalía de Castro, *Flavio*, en 2023. E teño que dicir que realmente encheume de grande alegría cando lin como xulgaban o meu traballo os académicos Aurora López e Andrés Pociña: comentan as miñas traducións *WERKE I - Gedichte und frühe Dichtung* (Tomo un - *Poesía e prosa temperás*) e *WERKE II - Die Tochter des Meeres* (Tomo dous - *A filla do mar*) e conclúen dicindo: “En canto á calidade dos dous libros xa publicados, as magníficas introducións e a riqueza de información e bibliografía que conteñen, podemos dicir por agora que poderían servir de modelo para moitas edicións en Galicia e no resto de España.”

Isto foi, desde logo, incentivo suficiente para que continuase o traballo tal e como o empecei, con toda humildade, publicando *Cantares Galegos* baixo o título alemán *Galicische Lieder* no ano pasado. Á marxe do meu traballo, a recepción e interpretación da obra de Rosalía de Castro en Alemaña centrouse e séguese centrando case exclusivamente na súa poesía. Por iso, as institucións literarias de Alemaña deberían tomar en serio a sentenza de Ramón Otero Pedrayo e actuar en consecuencia: “É sinxelamente impío separar as novelas dos poemas en canto ao poder e destino da vivencia creadora.”

Dixi

BIBLIOGRAFÍA

CASTRO, Rosalía de (1987): *An den Ufern des Sar*, trad. e posfacio de Fritz Vogelgsang, Frankfurt am Main, Verlag Insel.

FRANZBACH, Martin (1993): *Geschichte der spanischen Literatur im Überblick*, Stuttgart, Reclam.

GÓMEZ-MONTERO, Javier (2018): «Die Unzulänglichkeit der poetischen Rede. Studien zur frühen Lyrik der Moderne in Spanien» (J. de Espronceda, G.A. Bécquer, R. de Castro, R.M. del Valle-Inclán, A. Machado), Kiel, Wissenschaftlicher Verlag.

GUMBRECHT, Hans Ulrich (1990): *Eine Geschichte der spanischen Literatur*, 2 vols., Frankfurt am Main, Suhrkamp.

HINA, Horst (1998): «Rosalía de Castro», en Ute Frackowiak (ed.), «Ein Raum zum Schreiben: Schreibende Frauen in Spanien vom 16. bis ins 20. Jahrhundert», Berlin, Edition Tranvia, 153–173.

INGENSCHAY, Dieter (2022): *Eine andere Geschichte der spanischen Literatur*, Múnic, De Gruyter.

KOPPFELDS, Martin von (ed.) (2022): *Spanische und hispanoamerikanische Lyrik: Von Luis de Góngora bis Rosalía de Castro*, Múnic, C.H. Beck.

NEUSCHÄFER, Hans-Jörg (ed.) (2011): *Spanische Literaturgeschichte*, 4^a ed. actualizada e ampliada, Stuttgart, J.B. Metzler.

OTERO PEDRAYO, Ramón (1969): «O planteamento decisivo da novela romántica de Rosalía de Castro», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 24:72–74, 290–314.

RODIEK, Christoph (1990): «Rosalía de Castro: ‘Del mar azul las transparentes olas’», en Manfred Tietz (ed.), *Spanische Lyrik der Moderne. Einzelinterpretationen*, Frankfurt am Main, Vervuert, 37–45.

ROLOFF, Volker / Wentzlaff-Eggebert, Harald (eds.) (1986): *Der spanische Roman. Vom Mittelalter bis zur Gegenwart*, Stuttgart, J.B. Metzler.

STENZEL, Hartmut (2010): *Einführung in die spanische Literaturwissenschaft*, Stuttgart, J.B. Metzler.

STROSETZKI, Christoph (ed.) (1990): *Geschichte der spanischen Literatur*, Tübinga, Niemeyer.

SWITEK, Christian (trad.): Castro, Rosalía de, *Die Tochter des Meeres*, Hamburgo, Tredition GmbH.

VOGELGSANG, Fritz (trad.) (1987): Castro, Rosalía de, *An den Ufern des Sar*, Frankfurt, Verlag Insel.

WITTSCHIER, Heinz Willi (1993): *Die spanische Literatur. Einführung und Studienführer*, Tübinga, Niemeyer.

WOLFZETTEL, Friedrich (1999): *Der spanische Roman von der Aufklärung bis zur frühen Moderne: Nation und Identität*, Stuttgart, UTB Verlag.

► **PREMIO ANUAL
OTERO PEDRAYO
PARA
ESTUDANTES
DA ESO
E BACHARELATO**



POESÍA E XEOGRAFÍA NA BOCARRIBEIRA.

Lucía
González
Vázquez

2º BAC. IES OTERO PEDRAYO . OURENSE

1

INTRODUCCIÓN

Antes de comezar a exposición central do meu traballo quero manifestar a miña admiración pola figura de Ramón Otero Pedrayo. Admiración tanto pola súa obra literaria, que espella un talento inmenso e unha cultura enciclopédica, como pola súa vocación de país que evidencia o seu papel protagonista en todas as grandes empresas culturais e políticas da Galiza do 1º terzo do século XX: as Irmandades da Fala, o Grupo Nós, o Seminario de Estudos Galego ou a creación da Editorial Galaxia.

Abordaremos neste traballo dúas das grandes paixóns do chamado, Patriarca das Letras Galegas: paisaxe e literatura.

En primeiro lugar farei un achegamento literario a un dos seus libros de poesía: *Bocarribeira, poemas pra ler e queimar* e en segundo lugar presentarei varias achegas relacionadas coa xeografía e a economía. Estes dous apartados nos que se vertebra o traballo teñen en común o espazo xeográfico da bocarribeira.

A bocarribeira, unha das formas da paisaxe galega que Otero demarcou nos seus *Ensaíos sobre a paisaxe*, constitúe o horizonte vital do propio Otero, as terras de Trasalba. Sitúase entre as desembocaduras dos ríos Barbantiño e o Formigueiro, entre a montaña e o val do Miño. Alí encóntrase A Casa Grande de Cima de Vila, que foi residencia habitual do escritor, na parroquia de Trasalba, hoxe convertida na Casa Museo Otero Pedrayo.

ANÁLISE LITERARIA DE BOCARRIBEIRA.

Poemas pra ler e queimar.

Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar é un poemario escrito en Trasalba durante o Nadal de 1955-56. Considerada polo autor unha obra menor, o subtítulo é moi elocuente neste sentido. Foron algúns membros da Xeración das Festas Minervais, integrantes do Grupo Brais Pinto, os impulsores da súa publicación no ano 1958. Deste xeito D.Ramón serviu de ponte entre o Grupo Nós e os mozos das novas xeracións poéticas de posguerra, como Xosé Luís Méndez Ferrín.

No ano 2013 presentouse o poemario *Xeórxicas do pan*, levada a cabo polo Consello Social da Universidade de Vigo, a Fundación Penzol, a Fundación Otero Pedrayo e o contributo técnico e profesional da Editorial Galaxia. Recoille tres versións do que é o segundo poema longo de Otero e foi achado polo grupo de investigación GAELT da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, entre o voluminoso conxunto de textos manuscritos de Ramón Otero Pedrayo que a Fundación Penzol posúe. Supón unha alfaia para a historiografía literaria e unha peza de incalculable valor para o patrimonio cultural deste noso país.

Otero personifica e diviniza o centeo como representante da forza telúrica que está na cerna da natureza. Nas *Xeórxicas do pan* está formulado o idílico futuro de Galiza, onde o labor do campo coas súas forzas produtivas e espirituais había reconstruír unha Galiza perdida ou a piques de se perder.

Antes de dar paso á análise de Bocarribeira habemos de concluír que a poesía é un xénero menor dentro da súa vasta obra, polo simple feito de ser esta menor en cantidade, non en calidade.

Bocarribeira, poemas pra ler e queimar, inscríbese na poesía paisaxista na liña de poemarios como *Terra Chá* de Manuel María (1954) e *Os Eidos de Novoneyra* (1955), redundando na exaltación da paisaxe como reivindicación cultural que Otero sempre defendeu como elemento esencial da identidade galega.

O poema preséntase como unha sucesión de estampas que van mostrando diferentes momentos do día, distintos lugares e distintas personaxes que poboan a xeografía da bocarribeira.

Podemos enunciar o tema do poemario como un canto á paisaxe natal do autor. O poemario ábrese con elocuentes versos.

*Bocarribeira: herdade, soute, laxe,
sol mañanceiro, parras de caíño
eira soante, leda muiñaxe
feiras raiosas, gosto do camiño.
Moza souril de avó na serra albeira
e noivo garanduxo na ribeira.*

E este canto ten unha enunciación lírica en 3ª persoa, nos versos descritivos, mais tamén aparece unha 1ª persoa que algunha vez podemos identificar co propio autor.

*O vento en Penouzás
Bateu na porta da Prisca,
Salfriu a cinza do lar...
Ninguén voltará a chamar.*

*Chaman os ermos inzados de liras
E a baixa muradela onde meniño
Vín estoupare os ovos da perdis*

Polos versos de *Bocarribeira* transitan múltiples personaxes. Uns nomeados a traves de antropónimos e alcumes: Xosefiña, Prisca, O Roxo, O tío Manuel "Bimbastrón, a velliña Dosinda... Outros con nomes xenéricos: a moza e o noivo, unha mociña garanduxa, un neniño, a panadeiriña de Cea. Mención especial merecen os elementos da paisaxe e natureza, todos eles humanizados. As xestas, as nabeiras, o fume, o vento, os vieiros, as serras, os camiños, os muíños ..., que ven, senten, aman, sofren, rin, cho- ran en pé de igualdade cos humanos. O vento, do- tado de valor simbólico ora de vida ora de morte , adquire categoría de personaxe principal.

*Pousou nos soutos da Torre
o vento da Martiñá
unha frolente xesteira
cecais o namorará
e a serra de azul e lúa
orfa de amor ficar.*

Personaxes do sobrenatural, ligados as crenzas dos habitantes galegos da aldea como a morte, os tras- nos, o moucho, a meiga ou os santos conviven cos humanos.

*Non voltes a testa, vello,
a Morte esculca.*

*Non lle chega a néboa
á súa casiña albela,
di a Santa Madalena.*

*O trasno bate co zoco
no pipote a meias oco
e ri o moucho no cavoco.*

Esta paisaxe humanizada e humana que vive entre a ribeira e a montaña cos seus modos de vida, cren- zas e valores conforman a gran protagonista do li- bro: a bocarribeira.

Falaremos agora do espazo. Abundan os topó- nimos reais da parroquia de Trasalba, epicentro xeográfico do poemario, e como dixemos da vida de Otero Pedrayo. Forcadela sinala que na obra de Eduardo Pondal a toponimia cumpre unha función de linguaxe orixinaria a través da cal se recupera o gran tempo mítico. Por este motivo, escolle topóni- mos determinados, axeitados para cubrir unha fun- ción fonosimbolista. Sen dúbida, sonoridade e sim- bolismo están presentes na abundante toponimia que Otero coloca nesta obra. No ideario oteriano as aldeas e pequenos lugares son os derradeiros gar- diáns da identidade galega, nelas est(aba) a esen- cia da nosa cultura e das nosas tradicións. A seguir, incluímos unha breve análise etimolóxica dalgúns topónimos.

Bocarribeira < lat. BUCCA, boca e "RIPARIAM, ribeira

Os Chaos < lat. PLANUS de Amoeiro < AMINARIUS, amieiro

Ponte dos Frades < lat. FRATRES, irmáns

O Outeiro < lat. ALTARIUM, lugar elevado

Abruciños < indoeuropea ab- (auga) + sufixo -inus

A Martiñá < lat. VILLA MARTINIUS

O Paraño < lat. PETRA < PETRANIO, pedra

Avión < prerr. Ab, fonte, auga relacionado co río Avia.

Albeiros < ALABARIUS < ALBUS, branco

Poboanza < POPULATA de Parada < PARARE

Trasalba < TRAS + ALB, altura, monte

Barbantiño < prerr. bar co sufixo -an. Esta raíz pode- ría referirse a auga que borbulla.

Pasamos o analizar o tempo no poemario. Son moi abundantes estas referencias e teñen que ver coa concepción oteriana do mesmo. Por un lado está o tempo cósmico marcado polo sol e a lúa que coa súa luz marcan os días e as noites asociadas a algo máxico e misterioso nas aldeas.

*Trasalba: verde lus
nas pupilas de pedra,
e un vento nos agros
e nas vidas. Trasalba,
tristeira e lucidía frol
da ialba.*

*De San Marcos **mañá** crara...
Acordou ben cedo a vella
pra peneirar a xiada.*

*Raia o **día**, vén a **noite**,
Chega e vaise o panadeiro...
Ca fariña dos vivires
O sol coce no rueiro*

Tamén resultado deste tempo cósmico son as estacións e as partes do día, marcando o paso do tempo, o devalar.

*Chao de Amoeiro,
sombra quente no **vran**,
no inverno xiada,
enxamais mollada.*

*Froumas e mais o chan enxoiado
pró fino pisar do **serán**;
co ulido do centeo moito
e un vento nos agros de pan.*

*Con arrollo de regueiros
a nena serán do **inverno**
dormeceu nos ameneiros.*

O poemario articúlase formalmente en sesenta e seis estrofas agrupadas en grupos variables de versos que van dende tres ata vinte e catro. Predomina o verso octasílabo de rima consonante.

*Nos muíños do Formigueiro
o trasno cobra as maquías
das escumas do regueiro
fariña e frol do río albeiro.*

No plano semántico, a personificación percorre o poemario, mostrando a vitalidade da vangarda hilozoísta. Ao seu carón atopamos abundantes metáforas e comparacións arredor dos campos semánticos da aldea e o rural.

*Logo ha chegare o maorazgo vento
dos seus pazos do outono, cabaleiro
cara as pontes de laxes soadoras
cas rebuldeiras augas dos muíños*

Estes mesmos versos mostran outro dos trazos da vangarda animista: a sensorialidade, conseguida través de abundantes aliteracións, sinestesias e os campos semánticos relacionados cos sentidos que nos mostran todas as compoñentes da paisaxe: visual, auditiva, táctil e olfactiva.

*O vento, cabaleiro da outonía,
saúda, ó pasar, ás manseliñas liras,
freiras das soedades, lembradoiras,
ensoares de pastoras, por a maxia
do sol de outono feitas coor e ulido...
e para il as rapazas amantiñas,
ledas debulladoras nas encascas
ou sombras nos adrales saloucantes,
han sere as liras, dondas touticeiras
ó vento cabaleiro das montañas.*

Rematamos destacando que estamos ante outra manifestación da inesgotábel capacidade creativa de Otero, na que convoca a xeografía máis persoal, Trasalba, acorde co ton confesional e íntimo do xénero lírico. *Bocarribeira, poemas pra ler e queimar* ofrécenos a esencia da obra oteriana: vocación paisaxista e exaltación dos modos de vida da aldea para el encarnación e esencia da auténtica Galiza.

3

OS LUGARES DE BOCARRIBEIRA: ANÁLISE XEOGRÁFICA XEOLOCALIZACIÓN DOS LUGARES QUE APARECEN NO POEMARIO

A través da aplicación google maps fixemos varias localización de lugares que aparecen no poemario.

https://www.google.com/maps/d/edit?mid=18MyK5nPAaznF7B9W9n5_5FvQFmHcg-G0&usp=sharing



OS LUGARES DE BOCARRIBEIRA NO MAPA DE FONTÁN

A relación de Otero Pedrayo coa xeografía e por extensión coa paisaxe vén dada pola súa formación de xeógrafo. Otero acada no ano 1919 a Cátedra de Xeografía e Historia. Herda de Domingo Fontán a querenza pola descrición minuciosa do territorio a partir da experiencia persoal vivida. A súa devoción polo matemático reflíctese no amor que lle tiña á súa Carta Geométrica, da cal se conservan copias na súa casa de Trasalba.



OS CAMBIOS DA PAISAXE: MUDANZAS SOCIOECONÓMICAS

Hai cambios substanciais entre a vida da aldea que describe Otero e a vida actual, que se evidencian na regresión do espazo rural actual.



As adegas están baleiras ou en ruínas; a ledicia daquel mundo de vendimas e farras viñateiras desapareceu. Os muíños son unha morea de pedras comidas polas silvas, os bacelos non se cultivan e os cabaceiros quedaron reducidos a función ornamental. Mais cómpre destacar a importancia e o valor dalgún elemento patrimonial como as fontes, que conservan datas e incluso símbolos franquistas coetáneos da época na que a obra foi escrita.

BIBLIOGRAFÍA

Forcadela, Manuel. *A harpa e a terra. Unha visión da poesía lírica de Eduardo Pondal*. Edicións Xerais, 1988.

Otero Pedrayo, Ramón. *Sereno e Grave gozo. Ensaíos sobre a paisaxe*. Editorial Vigo, Galaxia, 1999.

Otero Pedrayo, Ramón. *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar*. Editorial Vigo, Galaxia, 2005.

Otero Pedrayo, Ramón. *Poesía*. Editorial Vigo, Galaxia, 2010.

Otero Pedrayo, Ramón. *Xeórxicas do pan*. Editorial Vigo, Galaxia, 2013.

Rodríguez Fer, Claudio. *Arte Literaria*. Edicións Xerais, 1991

<https://fundacionoteropedrayo.org/>

<https://web.uchile.cl/archivos/uchile/cultura/actividades/glosario/comparacion>.


[tps://gl.wikipedia.org/wiki/Bocarribeira](https://gl.wikipedia.org/wiki/Bocarribeira)

<https://cartographic.info/espana/map.php?id=701873>

OTERO PEDRAYO ALUMNO.

TRAXECTORIA NO CENTRO
QUE LEVA O SEU NOME.

Celia Rodríguez Fernández
Lidia Rodríguez Domínguez
Nerea Rodríguez Andrade



INTRODUCCIÓN

O instituto Ramón Otero Pedrayo é un centro educativo histórico, dotado dun potencial do que carece a maioría de centros educativos.

Ao longo da súa máis que centenaria historia, os seus muros foron testemuñas privilexiadas do devir académico dalgunha das máis destacadas figuras da intelectualidade galega. Os membros do cenáculo ourensán, que posteriormente formarán parte do Grupo Nós (Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino López Cuevillas); o escritor e xornalista Eduardo Blanco Amor; destacados matemáticos, como Xermán Ancochea Quevedo; o doutor en Filosofía e Letras, arqueólogo e numismático Marcelo Macías ou o escritor, lingüista e autor da primeira gramática da lingua galega Saco y Arce foron alumnos ou profesores deste centro, e nalgún caso, ambas cousas.

Esta historia, que está nos libros, tamén se fai presente nas instalacións do noso instituto. Grazas ao labor de conservación que durante décadas levaron a cabo os docentes que aquí traballaron, o noso instituto conta coa mellor colección de materiais pedagóxicos dos centros históricos galegos, así coma un arquivo ben organizado e catalogado que foi a base sobre a que organizar o noso traballo.

Decidimos aproveitar estas circunstancias para investigar a vida como alumno do Patriarca das Letras Galegas no centro que, para orgullo da nosa comunidade educativa, leva o seu nome: IES Ramón Otero Pedrayo.

OBXECTIVOS

O presente traballo ten como obxectivo principal:

- Investigar a vida académica de Don Ramón Otero Pedrayo durante o seu período como alumno no IES que leva o seu nome. Este estudo pretende afondar nos aspectos biográficos do destacado intelectual galego, explorando a súa formación e observando as experiencias educativas que puideron influír no seu posterior desenvolvemento.

Outros obxectivos son:

- Pór en valor os recursos do arquivo do IES Otero Pedrayo, recoñecendo a importancia de preservar e aproveitar estes documentos para comprender non só a vida do autor, senón tamén a evolución histórica educativa da institución.
- Contextualizar a época na que Otero Pedrayo cursou os seus estudos secundarios.
- Preténdese analizar o sistema educativo da época, identificando as características coma métodos e enfoques pedagóxicos que marcaron a súa formación.
- Relacionar o historial académico de D. Ramón coa súa posterior traxectoria profesional e creativa. Búscase establecer conexións entre a súa educación e as contribucións significativas que realizou no ámbito cultural e académico.
- Coñecer a comunidade educativa que acompañou a Otero durante a súa etapa no instituto, buscando comprender o entorno formativo e relacións que pudieron influír no seu desenvolvemento como estudante e futuro intelectual.

En conxunto, estes obxectivos pretenden ofrecer unha visión íntegra e contextualizada da vida académica de Otero, destacando a súa importancia tanto no ámbito educativo como cultural.

METODOLOXÍA

Para realizar este proxecto de investigación sobre don Ramón alumno seguimos os seguintes pasos:

- O primeiro foi escoller sobre que aspecto da vida ou obra de Otero Pedrayo queriamos centrarnos. Decantámonos polo seu paso como alumno no noso IES, dada a importancia que a figura de don Ramón ten tanto na nosa cidade como no noso centro educativo e debido, tamén, á enorme cantidade de recursos que nos ofrecía o noso propio instituto.
- A seguinte fase consistiu en realizar unha revisión exhaustiva das tarxetas de catalogación do arquivo. Este proceso permitiu identificar e seleccionar a documentación específica e de interese relacionada cos anos académicos nos que D. Ramón Otero Pedrayo cursou os estudos secundarios. (1898-1902).
- O próximo paso foi levar a cabo un minucioso baleirado de toda a documentación pertinente, extraendo información detallada sobre os anos académicos de interese e as materias que cursou. Este proceso incluía, tamén, a revisión de expedientes académicos, actas, rexistros de cualificacións e calquera outro documento relevante, mencións honoríficas, solicitude do título de bacharelato, actas de premios,...
- Posteriormente, fotografáronse e fotocopiáronse diversos documentos de interese do arquivo do IES Otero Pedrayo. Este paso permitiunos obter unha copia visual do documento orixinal, facilitando o acceso a esa información no futuro.
- Para optimizar o almacenamento e a organización da información, dixitalizamos os documentos mediante programas de ofimática.
- Finalmente, levouse a cabo unha busca detallada, examinando fotografías e documentos dixitaliza-

dos, na procura de novos descubrimentos. Esta análise permitiu obter información adicional relevante que contribuíu a unha comprensión máis profunda da vida académica de D. Ramón Otero Pedrayo.

Estes pasos facilitaron a preservación dos documentos orixinais, permitiron unha análise máis profunda e estruturada da información recompilada, garantindo a obtención de datos precisos e relevantes para o desenvolvemento do proxecto.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Contextualización:

O PASO DO ALUMNO OTERO PEDRAYO POLO CENTRO NOS ANOS A CABALO ENTRE OS SÉCULOS XIX E XX CONTEXTUALÍZASE NO RESULTADO DAS REFORMAS LIBERAIS DECIMONÓNICAS NO EIDO EDUCATIVO.

A debilidade da construción do estado liberal español ao longo do axitado século XIX non impediu aos gobernantes trazar unha reforma educativa centralizadora, homoxeneizadora e que rompese o monopolio educativo da igrexa. O Plan Pidal en 1845 supón a creación da maior parte dos institutos españois, entre eles o que nos ocupa. O convento de San Fernando, na actual rúa Valentín Lamas Carvajal, albergou as primeiras instalacións da institución (nótese como desamortización e reforma educativa, dúas das principais empresas dos liberais, danse as mans neste momento).

A Lei Moyano será a base lexislativa desde 1857. Porén, entre a súa promulgación e o paso de Otero Pedrayo polo instituto, aprobouse a asombrosa cantidade de 40 plans educativos.

A construción das instalacións que Otero Pedrayo empregou como alumno foron proxectadas en 1869 con fondos da Deputación Provincial, sendo inaugurado o edificio en 1896, albergando o Instituto de 2ª Ensinanza, a Escola de Artes e Oficios, a Escola Normal de Mestres e a Biblioteca Pública. O edificio, que con pequenas reformas se conserva no seu estado orixinal, foi admirado desde a súa construción como un dos máis magníficos dedicados ao ensino de toda España.

Documentos base do traballo:

AO LONGO DA FASE DE BALEIRADO
DO ARQUIVO ATOPAMOS A
SEGUINTE TIPOLOXÍA DE
DOCUMENTOS.

Achegamos agora un exemplo de cada un deles. No
último apartado do traballo atoparán unha ligazón
coa dixitalización da totalidade da documentación
baleirada.

1) Acta de exames de ingreso

INSTITUTO DE SEGUNDA ENSEÑANZA
DE
ORENSE.

CURSO DE 1897 A 1898

Acta de los exámenes de Ingreso
verificados en el día de la fecha.

NOMBRES DE LOS ALUMNOS.	CALIFICACIONES.
D. Isidor Prieto Paz	Aprobado
D. Atico Nogueira Iglesias	Aprobado
D. Gerardo Nogueira Iglesias	Aprobado
D. Ramon Otero Pedrayo	Aprobado
D. Emilio Figueroa Carrascal	Aprobado
D. Julio Pérez García	Aprobado
D. Ramon Conde Conde	Aprobado
D. Victor Romero Gallego	Aprobado
D. Emilio Astray Fernandez	Aprobado
D. Rudesindo Gómez Varquer	Aprobado
D. Manuel Martínez-Risco Macías	Aprobado
D. Serafin Portugal Crespo	Aprobado
D. Edmundo Rodríguez Bouso	Aprobado
D. Ernesto García Velasco	Aprobado
D. Angel Martín Mourino	Aprobado
D. Camilo Carballo Romero	Aprobado

Orense 30 Septiembre de 1898

Vocal: Salvador Padilla Presidente: Julio Nogueira Secretario: Eulogio Gómez

2) Actas de avaliación das diversas materias entre os cursos 1898-99 e 1901-02.

Handwritten table of evaluation records. The table has columns for subjects and grades. Some entries are highlighted in green.

3) Acta de premios ordinarios (Historia de 1º, en 1899)

Handwritten table titled "Curso de 1899 a 900 Premios ordinarios". It lists students and their grades in various subjects. Some entries are highlighted in green.

Handwritten table titled "Matrícula de Honor". It lists students and their grades in various subjects. Some entries are highlighted in green.

4) Expedientes de matrícula de honra

Handwritten document titled "Titulo de Bachiller" (Bachelor's Degree). It contains a declaration of the student's qualifications and the date of the degree. The name "Ramon Chao Pedraza" is highlighted in green.

5) Rexistro de título de bacharelato

Handwritten document titled "Instituto" and "Curso de 1902 a 1903 Asignatura de Dibujo". It lists the names of students who received the degree of Bachelor of Arts in Drawing. The name "Ramon Chao Pedraza" is highlighted in green.

6) Certificacións das materias de Debuxo, Debuxo Topográfico e Ximnasia Hixiénica.

Estudo dos compañeiros e das notas:

O compañeiro máis destacado de Otero é Manuel Martínez Risco Macías, non só pola súa posterior traxectoria, xa que foi catedrático de Óptica e Acústica na Universidade Complutense de Madrid, chegando a ser incluso candidato ao Premio Nobel de Física, senón tamén porque entre eles se reparten as mellores cualificacións.

Ambos comparten un total de 15 materias, aínda que nalgúnhas Risco aparece nunha convocatoria posterior. Na gran maioría, os dous obteñen as mesmas cualificacións, ben sexa notable ou sobresaliente, pero hai en dúas nas que Otero superou a Risco: un sobresaliente fronte a un notable na materia de Historia e Xeografía no curso 1900-1901 e un notable fronte a un aprobado na materia de Lingua Francesa, no mesmo curso. Pola contra, nunha ocasión Risco superou a Otero: fronte ao notable de don Ramón, está o sobresaliente de Risco na materia de Doctrina Cristiana, no curso 1898-1899.

Outros compañeiros destacados son: Ángel Martín Mouriño, fundador dunha academia de preparación para a carreira de militar; Antonio García Novias, destacado xornalista, ademais de escritor e, por último, Eugenio López Aydillo, xornalista, escritor e catedrático de Historia.

Otero Pedrayo foi un alumno excelente, mais houbo algunhas materias nas que non chegou á máxima cualificación; estas son:

Francés, en dous cursos consecutivos: 1899-00 e 1900-01.

Doctrina cristiá, no curso 1898-99

Preceptiva literaria, no curso 1900-01.

Nestas tres materias obtivo un notable, que destaca no seu impoluto expediente.

Os bos resultados académicos obtidos nestes anos explican que a comezos do mes de xuño de 1901, o mozo Ramón Otero Pedrayo resultara elixido xunto a Florentino López Cuevillas, compañeiro de estudos, amigo nos xogos, veciño e, máis tarde, irmán de angueiras políticas e culturais, para compartir unha merenda con Emilia Pardo Bazán, segundo nos conta a Fundación Otero Pedrayo na web da súa publicación "O neno. A familia", que fala dos seus primeiros anos de vida.

Docentes

Os cargos de vogal e secretario varían segundo o ano e a materia.

Nos primeiros anos de estudante de Ramón Otero Pedrayo, o cargo de presidente osténtano Felipe Mosquera, Salvador Padilla, Eduardo López ou Jose A. Díaz.

En 1900 as notas aparecen asinadas, en xeral, unicamente polo catedrático Moreno López, agás en dúas materias: en Lingua Francesa, que aparece tamén o profesor José A. Díaz e na materia de Preceptiva Literaria, que aparece D. Marcelo Marcías.

En 1901 asina como catedrático Moreno López e, nalgún caso, Salvador Padilla por incompatibilidade legal.

En 1902 asina como catedrático de varias das materias Antonio Gaité e tamén aparece Marcelo Macías como catedrático de Historia da Literatura.

Carencias do arquivo

De todos os documentos atopados sobre o alumnado dos diferentes grupos-clase, resultou ilexible un apelido na materia de Cosmografía e Xeografía (1901-1902), tres nomes completos na materia de Física (1902-03) e un apelido na materia de Psicoloxía do mesmo ano.

Masculinización das aulas

No reconto do alumnado de todos os grupos-clase onde estivo presente Ramón Otero Pedrayo non se encontran mulleres.

5

CONCLUSIÓNS E LIGAZÓNS Á DIXITALIZACIÓN DE ACTAS E DOCUMENTACIÓN

Ramón Otero Pedrayo foi un excelente alumno, que máis tarde se convertirá nun excelente profesor, historiador, xeógrafo e escritor. Destaca a súa boa relación co seu compañeiro de clase e amigo Manuel Risco, co cal compartiu toda a súa estancia no instituto. Tamén é de salientar a súa boa relación co profesorado: co profesor de Retórica e Poética, director do centro, Marcelo Macías; con Eduardo Moreno López, catedrático de Xeografía e Historia, a quen nunca esquecerá e de quen dirá ter herdado o seu interese e o seu amor pola Xeografía, especialmente galega, ou con Salvador Padilla, catedrático de Castelán e Latín.

Non destaca especificamente en ningunha materia, senón que era un alumno culto interesado en todo tipo de saberes que lle proporcionaran os seus profesores.

Ligazón á dixitalización das actas de notas das diferentes materias

Ligazón á documentación dixitalizada

BIBLIOGRAFÍA - WEBGRAFÍA

Bande, E. (2010) *Institucións docentes e grandes mestres en Ourense 1846-2005*.
Editorial Vigo, Galaxia.

García Cabellero, V. (2013) La educación en España a finales del s. XIX.

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4687077>

O neno. A familia. Fundación Otero Pedrayo

<https://fundacionoteropedrayo.org/o-neno-a-familia/>

INSTITUTO DE CIENCIAS		Registro general de matrículas y exámenes				Enero de 1899	
Nº	Nombre	Edad	Profesión	Exámenes	Notas	Observaciones	
111	Ochoa, Antonio L. Juan	25 años	Liberal	Examen 1º de 1898	100		
112	Ochoa, Antonio L. Juan	25 años	Liberal	Examen 2º de 1898	100		
113	Ochoa, Antonio L. Juan	25 años	Liberal	Examen 3º de 1898	100		
114	Ochoa, Antonio L. Juan	25 años	Liberal	Examen 4º de 1898	100		
115	Ochoa, Antonio L. Juan	25 años	Liberal	Examen 5º de 1898	100		
116	Ochoa, Antonio L. Juan	25 años	Liberal	Examen 6º de 1898	100		
117	Ochoa, Antonio L. Juan	25 años	Liberal	Examen 7º de 1898	100		
118	Ochoa, Antonio L. Juan	25 años	Liberal	Examen 8º de 1898	100		
119	Ochoa, Antonio L. Juan	25 años	Liberal	Examen 9º de 1898	100		
120	Ochoa, Antonio L. Juan	25 años	Liberal	Examen 10º de 1898	100		

94

El Jefe de Estudios con fecha de hoy sustituye al
 Sr. Director de este establecimiento por su ausencia, el
 Sr. don Juan Francisco de la Cruz, con el fin de que
 pueda ser visto en la Escuela de Estudios, correspondiente
 al 31 de Octubre próximo pasado.

El Rectorado remitiendo al Colegio de Bachilleres del
 sistema de Ramón Ochoa, Páez.

El Rectorado remitiendo una solicitud de Luis
 Ochoa, con el fin de que sea admitido en el Colegio de
 Estudios, correspondiente al 31 de Octubre próximo
 pasado, en el caso de que se le haya admitido en el
 Colegio de Estudios.

El Catedrático de Lengua Castellana remitiendo
 una solicitud de admitir en el Colegio de Estudios
 al Sr. don Juan Francisco de la Cruz, con el fin de que
 pueda ser visto en la Escuela de Estudios, correspondiente
 al 31 de Octubre próximo pasado.

Curso de 1899 a 1900.

Exposición al primer orden de la
 asignatura de Historia (1º curso).

El Tribunal que suscribe, oídas y exami-
 nados las pruebas de los alumnos don Juan
 Ochoa, Aguilera y don Ramón Ochoa Páez, así
 como por unanimidad conceder premio anterior
 a don Juan Ochoa Aguilera y menciones honoríficas
 a don Ramón Ochoa Páez, el día 25 de Ju-
 nio de 1900.

El Presidente
 Vocal
 Secretario

DIRECTRICES DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN REVISTA TRASALBA FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO

TRASALBA. REVISTA DA FUNDACIÓN RAMÓN OTERO PEDRAYO É UNHA PUBLICACIÓN ANUAL QUE RECOLLE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN CENTRADOS EN DISTINTOS ASPECTOS DA LINGUA, CULTURA E A LITERATURA GALEGAS, E MAIS OUTROS CONTRIBUTOS VARIOS SEMPRE ARREDOR DA FIGURA DE RAMÓN OTERO PEDRAYO.

AS PERSOAS INTERESADAS EN ENVIAR ARTIGOS PARA A SÚA PUBLICACIÓN EN TRASALBA E EN PARTICULAR NA SECCIÓN TITULADA “ARTIGOS ACADÉMICOS”, DEBERÁN SEGUIR AS SEGUINTEs NORMAS, DAS QUE SÓ QUEDARÁN EXCLUÍDAS OS TRABALLOS PRESENTADOS A CONCURSOS LEVADOS A CABO POLA FUNDACIÓN E QUE OBTIVISEN PREMIOS OU ACCÉSITS, E QUE SE EDITARÁN MANTENDO A ESTRUCTURA COA QUE FORON ENVIADOS E OBXECTO DE GALARDÓN E ASEMADE, ARTIGOS DA SECCIÓN “HEMEROTECA” QUE POSÚAN CARACTERÍSTICAS DIFERENTES ÁS DE PUBLICACIÓNS ACADÉMICAS PROPIAMENTE DITAS:

1. A lingua de publicación é o galego.
2. Os traballos deberán conter material inédito e non presentado para a súa publicación en ningún outro medio de difusión. O prazo para o envío de orixinais estará aberto durante todo o ano. A secretaría de Trasalba comunicará a recepción dos orixinais..
3. Os traballos deben remitirse ao enderezo electrónico: fundación@. Deben vir acompañados dos seguintes datos: nome, apelidos, afiliación, ORCID (no caso de dispoñer del), correo electrónico, título do traballo, resumo, palabras chave, e referencias bibliográficas, tanto en galego como en inglés.
4. O texto deberá entregarse en versión definitiva. Unha vez recibidos os orixinais non se permitirá facer modificacións nin engadidos que afecten significativamente ao proceso de edición.
5. De cada traballo presentárase unha copia en soporte informático en formato Word e outra en .pdf, que deberán ser remitidas debidamente identificadas. O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 12.
6. Os artigos e as notas deberán ir encabezados da seguinte maneira:
7. Título do artigo ou da nota: centrado con minúscula negra de corpo 12.

8. Nome e apelidos do/a autor/a: debaixo do título, centrado, con minúscula e cursiva de corpo 12.
9. Universidade ou centro de traballo á que pertence o/a autor/a e ORCID: debaixo do nome, centrado, con minúscula redonda de corpo 12.
10. -Opcional- Breve resumo (máximo 200 palabras) e palabras chave (entre 3 e 5) do artigo ou nota na lingua en que está escrito e en inglés. Se o autor ou autora ten algún tipo de dificultade na tradución poderá poñerse en contacto co equipo editorial de Trasalba para que se encargue de dita tarefa.
11. O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 12, con entreliñamento sinxelo, cunha extensión dun mínimo de 20.000. Non hai extensión máxima de caracteres por artigo.
12. Dentro do texto e das notas, as referencias bibliográficas faranse de xeito abreviado, por medio do apelido do autor ou autores, o ano e, de ser o caso, o número da páxina, coma nestes exemplos: (Ferreira 1989: 47), (Ferreira/Amoedo 1999: 17n), (Ferreira 1996b). A referencia completa reservarase para a bibliografía final.
13. As citas textuais que se fagan dentro do texto principal deberán adoptar dous formatos diferentes: se non superan as cinco liñas irán dentro do parágrafo, co mesmo tipo de letra, entre comiñas latinas; as citas máis longas poñeranse en parágrafo á parte, sen comiñas, con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. En ningún caso se escribirán con cursivas.
14. As notas do texto principal situaranse ao pé e estarán numeradas de xeito correlativo, en corpo 10. Non se incluírán aquí as referencias bibliográficas por extenso.
15. Ao final, incluíranse por extenso as referencias bibliográficas das obras citadas ao longo do texto baixo o título BIBLIOGRAFÍA ou REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS. As fichas bibliográficas faranse seguindo estes modelos (segundo se trate de libros, capítulos de libro, artigos de revista, publicacións electrónicas ou recursos web). Exemplos:

Bouzada, Xan / Anxo Lorenzo (1997): O futuro da lingua, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Walaszek, Adam (2005): «Mass Migrations: Their Economic, Political and Cultural Implications», *Przeglad Polonijny*, XXXI:1, 7-16.

Lamuela, Xavier / Henrique Monteagudo (1996): «Planificación lingüística», en Milagros Fernández Pérez (coord.), *Avances en lingüística aplicada*, Santiago de Compostela, Universidade, 229-301.

Kövecses, Zoltan (2001): «A cognitive linguistic view of metaphor and therapeutic discourse», *psyart: A Hyperlink Journal for the Psychological Study of the Arts* (http://www.clas.ufl.edu/ipsa/journal/2001_kovecses01.sht).

TILG = Ana Isabel Boullón Agrelo / Xulio Sousa Fernández (coord.): Cartografía dos apelidos de Galicia, Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/cag/>) [última consulta: decembro, 2012].

16. Táboas / cadros. Realizaranse utilizando o comando específico de «edición de táboas». As táboas ou cadros deben cumprir as seguintes normas: 1) irán numerados correlativamente (Táboa 1, Táboa 2, etc.); 2) levarán un encabezamento conciso. Farase referencia ás táboas ou cadros no texto principal. Exemplo: (Vid. táboa 1).

17. Gráficos. Presentaranse orixinais con calidade para ser dixitalizados. Tamén se poden presentar nun arquivo informático (preferentemente Excel). Neste caso recoméndase incluír na mesma páxina o gráfico e mais a táboa de datos. Sempre irán numerados de xeito correlativo (Gráfico 1, Gráfico 2, etc.). Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. gráfico 1).

18. Fotografías, ilustracións, mapas, planos. Poderán presentarse orixinais con calidade dabondo que permita a súa dixitalización polo persoal da Fundación Otero Pedrayo. Se o autor prefire presentar arquivos informáticos, recoméndase O Comité de Redacción reserva o dereito de facer leves alteracións nos traballos recibidos coa única finalidade de corrixir erros mecánicos ou lingüísticos.

19. Tras unha comprobación inicial do traballo realizada polo/a editor/a, solicitaranse informes de avaliación a expertos externos e/ou membros do comité científico, mantendo o anonimato do autor ou autora e das persoas avaliadoras (dobre cego). O seu ditame será decisivo para a súa inclusión en Trasalba, aínda que será o Comité de redacción o que decida sobre a publicación. No caso de que o traballo precise correccións, á vista dos informes emitidos, o Comité de redacción de Trasalba poderá incluír na comunicación unha listaxe coas súas propias recomendacións. O novo traballo, cos cambios introducidos, deberá ser enviado nun prazo máximo dun mes. A nova versión do traballo será enviada de novo aos revisores, que, nun prazo de quince días, emitirán un novo informe sobre a conveniencia ou non da publicación.

20. Os autores recibirán as primeiras probas para corrixir. Admitiranse só correccións tipográficas e ortográficas e, sempre a xuízo dos editores, aqueles engadidos ou eliminacións de texto que non afecten á maqueta da publicación.

21. A entrega dos traballos para a publicación en Trasalba implica a cesión do seu dereito de explotación e copia. Esta cesión ten por finalidade a protección do interese común de autores e editores.



Pazo-Museo Otero Pedrayo, 32172 Trasalba. Ourense
<http://fundacionoteropedrayo.org>